

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e cinco de maio de dous mil dezaioito, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2018.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de abril de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 27 de abril de 2018 é aprobada por unanimidade.

Antes de pasar ao punto segundo, e habendo acordo entre os catro grupos da Corporación, o Sr. presidente dá lectura a un escrito presentado polos traballadores e

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

traballadoras da Radio Galega, manifestando o Sr. Presidente que se vai interpretar como unha declaración institucional da Corporación Provincial, co seguinte contido:

*“A/A dirección da CRTVG:*

*Os traballadores e as traballadoras da Radio Galega defendemos a continuidade da emisión dos informativos locais nesta radio pública. Consideramos un erro a decisión de suprimir as desconexións locais na nova programación. Os informativos locais son espazos de referencia para as grandes cidades do noso país e a súa contorna, os lugares máis densamente poboados e con máis oíntes potenciais. Estas persoas buscan e atopan nas desconexións locais as noticias que lles son máis próximas, as voces das e dos actores máis próximos á súa realidade, unha información que polas súas características non ten fácil acomodo noutros espazos informativos dirixidos a ámbitos de poboación máis xenéricos.*

*Aplaudimos a iniciativa de salpicar o conxunto da programación con doses informativas do que pasa en ámbitos máis locais, pero iso de ningunha maneira pode substituír un espazo de referencia onde os oíntes de cada vila e cidade teñen a certeza de que lles van ofrecer as noticias que buscan.*

*A información local axuda a vertebrar o país e contribúe á pluralidade de voces e temas, un dos principios recollidos na Lei de creación da CRTVG. Eliminar os locais sería abandonar en parte ese cometido, suprimir unha das funcións para as que foron creadas as delegacións da Radio Galega e renunciar a ser un referente para os oíntes, que acabarán escollendo outras emisoras para saber o que pasa na súa contorna.*

*Por todo isto, pedímoslle á Dirección da Radio Galega que recapacite e reconsidere a súa decisión. Cremos que o máis apropiado sería reforzar as delegacións, actualmente mermadas de persoal e sen técnicos de son, para ofrecer unha información próxima ós cidadáns coa máxima calidade posible”.*

En virtude do asentimento dos grupos políticos, enténdese que por unanimidade o Pleno da Deputación acorda manifestar a súa adhesión e apoio á declaración precedente.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

**2º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Bo día a todos e a todas. Un saúdo, tamén especial, aos veciños e veciñas de Reza que nos acompañan hoxe neste salón. Ao respecto do punto da orde do día, indicar simplemente que o noso sentido do voto vai a ser a abstención. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, buenos días a todos. Simplemente anunciar aquí algo, ayer ya quedó declarado que el Partido Popular ya es un partido corrupto, de forma oficial, después de la sentencia de ayer, ya le colgaron la medalla. Decir que, lo que todos sabíamos, se hace a través de una sentencia; algo que también está sucediendo aquí en Orense con la gestión tanto de este señor, como la de sus jefes por arriba y por abajo. Sobre todo, decir que se está hablando de una moción de censura del Partido Socialista contra Rajoy en Madrid. No tendría mucho sentido hacer una moción contra Rajoy el Partido Socialista en Madrid, si no se hace una en Orense contra el que ya es el peor alcalde de la historia como es Jesús Vázquez; la primera persona que podría atravesar un mandato sin aprobar los presupuestos en una capital de provincia, nunca ocurrió en España. Entonces sería algo realmente impresionante que sucediera. Por eso Democracia Orensana anuncia ahora aquí que, como partido líder de la oposición, volveremos a hacer otra moción de censura, otra oficial (se hizo una hace año y medio que el PSOE no apoyó) y ahora volveremos a hacer otra en los próximos días. De modo que queda aquí anunciado. A ver el PSOE cómo actúa, si es que va a hacer una en Madrid y la de Orense no la quiere apoyar, cuando es el mismo caso. Se trata de derrocar a un partido corrupto donde, además, está el peor alcalde de la historia. Dicho esto, decir que esta semana venía un anuncio que ponía que en Orense había 24 concellos al borde de la extinción, 24 concellos. Pues este el legado de este señor en esa gestión, toda la propaganda que hace de provincia inteligente (es todo propaganda), la realidad es que 24 concellos al borde de la extinción. Respecto ya a este tema, sobre las tarifas del Paco Paz, decir que hace poco aquí esta institución votó (nosotros

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

estamos a favor de las infraestructuras, como es el Paco Paz) y hace poco aquí esta Corporación, bueno, este gobierno del Partido Popular, votó en contra de comprar el Bamio a precio de saldo. Un Bamio que, según el último informe del Concello, costaría repararlo, para dejarlo nuevo del paquete, dos millones setecientos mil, una infraestructura que vale nueve; o sea, a un tercio podríamos tener una infraestructura que vale nueve, el último informe que hizo el Concello y se desperdicia esta ocasión. Respecto al Paco Paz, decir que Democracia Orensana está en contra de que se le haga la competencia a los gimnasios de la forma tradicional. Por ejemplo, nosotros creemos que ciertas infraestructuras como el Paco Paz y el Pabellón deberían ofrecer lo que no ofrecen los gimnasios: deberían tener infraestructuras como polideportivos, una piscina olímpica de 50 metros, debería haber instalaciones para ciertos deportes como puede ser, por ejemplo, la halterofilia. Pero no vemos muy claro que se tengan que hacer los deportes convencionales y clases que se dan en otros gimnasios, porque sería, un poco en cierto modo, una competencia desleal. En cierto modo lo es, como está pasando con un gimnasio que es una maravilla, que es obviamente el Be One, que antes era Eiroás, está allí en la zona de Eiroás. Es una maravilla, pero con dinero público; entonces claro, los gimnasios privados se quedan boquiabiertos porque el terreno era terreno público, además a ese terreno público se le da una subvención todos los años, se le dan 4.000 € al mes. Hombre, ¿quién compete con eso? Si tengo un terreno público y 4.000 € al mes de subvención, claro, los demás gimnasios privados se ven abocados un poco a... es una competencia desleal. En cualquier caso, obviamente, estamos a favor del deporte, pero creemos que la Diputación debería fomentar las infraestructuras y no meterse tanto en el pequeño detalle de dar clases individuales o en grupo. En este sentido es lo que queremos decir del Paco Paz, tiene una pérdida de un millón de euros al año, igual que el Teatro Principal, igual que el Auditorio. Un millón de euros al año de pérdidas al año son 3.000 € al día; es decir, cada día que pasa el Paco Paz pierde 3.000 € que tenemos que pagar nosotros. Nosotros realmente vemos que esto es una mala gestión perpetua de este señor y sus antecesores. Nada más.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moi bo día, señor presidente, simplemente para dicir que nós neste punto ímonos abster. Nada máis.

**D. Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Bos días a deputadas, deputados e a todas as persoas que hoxe nos acompañan e á xente que nos acompaña tamén polos medios audiovisuais. Anunciar o noso voto favorable, como non

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

pode ser doutra maneira. Recordar que estamos no Pleno da Deputación, que non estamos en Auria Televisión para, continuamente, soltar o *speech* xa ás 10:05 da mañá. Sobre o tema do Bamio dicir, xa lle dixen no seu día, que a ganga que vostede tiña moito interese en comprar, ou que o administrador concursal suxeríalle que comprara, aquela ganga de 700.000 €, agora convértese en 3,4 millóns segundo o informe, leo textual: *en lo que se refiere al valor que tiene la instalación existente en la parcela, el informe fija la cifra en 2,9 millones euros; es decir, prácticamente el mismo que tiene su reparación*. Polo tanto, aquela ganga, vamos a comprar por 700.000 € o Bamio, agora de repente vale 2,9, é o que valen as súas propias instalacións, co cal ganga, o que se di ganga, non é. Evidentemente entendo que, cando alguén quere comprar algo, debe ter en conta os informes previos para saber a contía do que se debe reparar. Se non se teñen en conta eses informes previos, normalmente o que se vai a tomar é unha decisión errónea, que é o caso que ía ter que tomar no caso de que vostede fora alcalde, se a tomara porque non tería en conta estes informes. Creo, e estou seguro, que na súa vida privada cando vai comprar unha casa seguramente, ten en conta a planificación urbanística, se é legal ou non é legal antes de comprala. Vexo que se fora a Administración pública non tería en conta nada diso. Entendemos, en calquera caso, que este non é o foro para soltar o *speech* porque Rajoy creo que non está como deputado, ata onde eu sei. Creo que non é o foro de soltar *speech* tan pronto, é cedo de mañá.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, empiezo con la última frase, dice que Rajoy no está aquí como diputado. Sí, pero es que tú eres diputado gracias a Rajoy, porque tú te presentaste con las siglas del PP; si te presentas solo, no te vota nadie. Es muy fácil decir: Rajoy aquí no pinta nada; pero todos vosotros tenéis votos, estáis aquí gracias a Rajoy. El único partido que está aquí por sí mismo es Democracia Orensana. Democracia Orensana votan a Democracia Orensana, pero a vosotros no os votan a vosotros (hombre, a algunos sí, vamos a ver, a algunos alcaldes, obviamente en pueblos, sí), pero ese señor si no está en el PP, tendría que ser lo que estaba siendo, un funcionario de la Xunta de Galicia. No estaría aquí si no fuera por el Partido Popular porque cabalga las siglas del Partido Popular. Entonces, decir ahora *Rajoy non ten nada que ver conosco*, hay que tener jeta. Si todos vosotros estáis ahí gracias al PP, a los votos del PP. Como el PP se desinfla en Madrid, vosotros la Diputación la perdéis. ¡Pero de qué me hablas! Hay que tener jeta. No hay mayor mentira que una media verdad (¿no es así cómo se dice?). Vamos a ver, nosotros

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

apostamos por comprar el Bamio porque dijimos que es como un Rolls-Royce. Si a ti un Rolls-Royce te lo dan por 10.000 €, *aínda que só valga o volante, xa che valen os 10.000 € o volante*. Entonces, el Bamio, primero nosotros no dijimos comprarlo por 700.000, ese es el precio límite (a ver si ahora te vas a equivocar con las rebajas), pusimos no más de 700.000, no más; pero no más pueden ser 100.000 €. ¡Oye! Aunque seas de letras, deberías saber también esto. No más de 700.000. Es como las rebajas, hasta el 40%, no significa que todos los productos estén al 40%; significa hasta el 40%. Pues esto igual, nosotros dijimos que el precio límite 700.000 €. Obviamente el Bamio es una auténtica ganga, ¿qué ocurre? Que el último informe del Concello dice que no vamos a acondicionarlo para lo que proponía Democracia Orensana de sólo pistas de tenis, o sólo, por ejemplo, *skate* o lo que fuera (que ya sería una ganga por 200.000); dice aprovechar todo el Bamio, todo al 100%, costaría 2.700.000 y nuevo costaría 9 millones. Eso es lo que dice el informe del arquitecto; con lo cual estamos hablando de un tercio. Es decir, oye, comprar una infraestructura por un tercio para servicios municipales, nosotros lo vemos una ganga, a un tercio; siempre que la infraestructura se use, si no se usa pues no es ninguna ganga. Y ¿qué más? Después, decir al respecto del tema de hablar aquí, oye, que no he hablado de todo, tampoco mencioné que mañana se va este a ver el partido y que imprimió las entradas utilizando las impresoras de la Diputación, ¡que las imprima en casa, *carallo!*

**D. Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular:** si, moitas grazas presidente. A nós elíxennos os veciños. Entendo que non coñecerá á totalidade dos veciños da Veiga, imaxínome que non; senón asústame a capacidade que ten, de momento só vin a Ojea algún día alí, a vostede non. Pero, seguramente a nós elíxennos os veciños e os veciños votan ao noso equipo, á nosa lista completa. Eu o que lle estou dicindo é que sempre usa o foro da Deputación para contarnos o *speech* do Concello, para contarnos o *speech* doutras cuestións que nada teñen que ver coa xestión da provincia, absolutamente nada. Con respecto ás medias mentiras, ou medias verdades que me di vostede, normalmente fai esa falsa *analogía* que vostede menciona constantemente e co Bamio volve a facela. Xa lle explique no seu día, se ten algún interese persoal co administrador concursal en adquirir iso, arránxeno. Se é tanta ganga, por favor, volvo a incidir, eu ánimoo a que vostede o compre e volvo a comprometerme, se me invita, eu vou á inauguración, se me invita, e vou de boa gana. Entendo que os seus intereses particulares sexan co Bamio, sexan coa televisión para soltarnos aquí o *speech*, aquí non

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

proceden. Nós non renunciámos a ningún partido, formamos parte del e estamos orgullosos de facelo; repúgnanos a corrupción como lle pode repugnar a calquera, supoño que a vostede tamén. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º. Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz e outras instalacións deportivas**, no sentido seguinte:

a) Modifícase a denominación da ordenanza, eliminándose a referencia a “outras instalacións deportivas”

b) Modifícase o artigo 1, que queda redactado do seguinte modo:

*Artigo 1º.- De conformidade co previsto na vixente lexislación reguladora das facendas locais, esta Deputación establece os prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”.*

c) Modifícase o artigo 2, que queda redactado do seguinte modo:

*Artigo 2º.- Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, tódalas persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan beneficiarias dos servizos ou da realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”.*

d) Modifícase o artigo 5, que queda redactado do seguinte modo:

*Artigo 5º.- A Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal, previa solicitude dos interesados, cando concorran as seguintes circunstancias:*

*Que a actividade para a que se van utiliza-las instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportar un beneficio económico ó solicitante.*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*O carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, virá ponderado polas seguintes circunstancias que servirán de criterios de valoración para a concesión da porcentaxe das bonificacións correspondentes:*

*- Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise do seu presuposto ou liquidación de gastos e ingresos, dando maior puntuación canto máis racional sexa e canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas.*

*- Cando se trate de solicitude para uso de instalación ao longo da temporada deportiva, valoraranse os anos de antigüidade utilizando o Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis antiga sexa a súa presenza na instalación. Cando se trate de actividade puntual, valorarase a idoneidade e especial consideración, a tal fin, do Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis adecuada sexa a instalación para a actividade de que se trate.*

*- Categoría deportiva dos deportistas para os cales solicita a bonificación e categoría da competición. Puntuarase máis alta a presenza de máis equipos e deportistas de base, de mulleres e a presenza de colectivos desfavorecidos. Tamén se outorgará unha puntuación máis alta canto máis importante sexa a categoría da competición.*

*- Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuario, ou que supoñan un claro interese público ou social da actividade.*

*Anualmente, ao comezo da temporada deportiva, a Xunta de Goberno realizará unha convocatoria pública para a solicitude e concesión de bonificacións. O acordo de convocatoria incluírá unhas bases reguladoras, nas que se definirán os prazos de presentación de solicitudes, a documentación que debe presentarse e os lugares e condicións para a súa presentación, concretándose ademais os criterios de valoración no marco do establecido na presente ordenanza.*

*A convocatoria poderá establecer prazos diferenciados de presentación de solicitudes para o uso continuado de instalacións ao longo da temporada deportiva e para a solicitude de bonificacións para a realización de actividades puntuais.*

*A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial. Adicionalmente poderá publicarse noutros medios de difusión,*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*así como remitirse avisos por correo electrónico ás entidades deportivas usuarias do Pazo dos Deportes Paco Paz que figuren na base de datos de terceiros do Servizo de Deportes.*

*Previos os informes oportunos, a Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función dos criterios de valoración indicados anteriormente e acreditados polo solicitante, podendo acadar con carácter extraordinario o 100% das tarifas establecidas.*

*Excepcionalmente, o Pleno da Deputación poderá regular, sen suxeición ás regras xerais establecidas nesta ordenanza, e mediante convenios de carácter plurianual, o uso das instalación do Pazo dos Deportes Paco Paz por parte de entidades deportivas cuxa actividade poida considerarse de marcado interese xeral para a provincia.*

*Os convenios de uso das instalacións preverán en todo caso as contraprestacións a que se obriguen as entidades beneficiarias, que non terá porque ter un contido económico, pero si supoñer un beneficio social ou deportivo para a provincia, preferentemente vinculado ao fomento do deporte de base.*

e) Modifícase o artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

*Artigo 6º.- Poderá esixirse ós usuarios do pavillón auxiliar, pavillón principal e a constitución dun depósito ou garantía para responder dos posibles danos ou estragos no uso das instalacións, sendo este devolto ó comprobarse que non se causase dano ningún. En todo caso, establécese unha fianza para clubs, con reserva de instalación por temporada deportiva, de cen euros (100 €), que lles será devolta ó finaliza-la temporada.*

f) Modifícase o artigo 9, que queda redactado do seguinte modo:

*Consonte ao sinalado no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, delégase na xunta de goberno provincial a fixación e/ou modificación das tarifas resultantes da liquidación dos prezos públicos pola aplicación da presente Ordenanza.*

*A Xunta de Goberno poderá establecer tarifas diferenciadas para usuarios que pertencen a colectivos precisados de especial protección ou que sexan obxecto de políticas de fomento da práctica deportiva, así como establecer tarifas bonificadas nos supostos de unidades familiares ou mediante o sistema de bonos para a utilización das instalacións e servizos durante períodos de tempo predeterminados.*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*En todo caso, as ditas tarifas deberán cubrir como mínimo o custe dos servizos prestados ou da actividade realizada, conforme establece o artigo 44.1 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. A tal efecto, a proposta de fixación de tarifas deberá acompañarse dun informe económico que xustifique este extremo.*

*Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 44 .2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno poderá establecer tarifas por debaixo do custe dos servizos ou actividades, cando aprecie de xeito motivado a existencia de razóns sociais, benéficas ou de interese público que o aconsellen.*

g) Modifícase o artigo 13, que pasa a denominarse Disposición final, quedando redactada do seguinte modo:

**Disposición final.-** *A presente ordenanza entrará en vigor o 1 de setembro de 2018, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que transcorran os prazos establecidos no artigo 65.2 da Lei de bases do réxime local.*

**2º. Someter a modificación da ordenanza ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica da Corporación. Durante o expresado prazo poderán presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as cales serán resoltas pola corporación co acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza, se procedese. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o presente acordo de aprobación inicial.**

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. O noso voto vai a ser a abstención. Nada máis, moitas grazas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º) Acordar a imposición da taxa pola participación en procesos selectivos de persoal da Deputación Provincial de Ourense, aprobando inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da dita taxa, co seguinte contido:**

***Artigo 1. Obxecto e fundamento.***

*1. A presente ordenanza fiscal ten por obxecto a regulación da taxa pola participación en procesos selectivos de persoal da Deputación Provincial de Ourense.*

*2. A imposición da taxa regulada na presente ordenanza fiscal se realiza no exercicio da potestade tributaria recoñecida ás provincias polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*

***Artigo 2. Feito imponible.***

*Constitúe o feito imponible da taxa por participación en procesos selectivos de persoal a realización da actividade administrativa de xestión dos procesos de selección de persoal laboral e funcionario da Deputación Provincial de Ourense, incluídos os procesos de selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino, en calquera das súas modalidades.*

*Para estes efectos considérase como un proceso selectivo independente o que teña por obxecto seleccionar persoal para unha ou varias prazas ou postos de traballo correspondentes a unha única categoría profesional e mediante un proceso de valoración diferenciado, realizado por un único órgano de valoración. A participación en cada proceso selectivo constituirá un feito imponible independente, determinando a*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*devindicación da taxa, aínda cando os diferentes procesos selectivos se realicen ao abeiro dunha única convocatoria.*

*Non terá a consideración de proceso selectivo independente para estes efectos, o que se realice para a selección de persoal para varias prazas ou postos de traballo da mesma categoría profesional en diferentes zonas da provincia, salvo que os ditos procesos esixan unha valoración diferenciada por órganos de valoración distintos.*

**Artigo 3. Suxeitos pasivos.**

*Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten a participación como aspirantes nos procedementos selectivos aos que se refire o artigo 2.*

**Artigo 4. Devindicación.**

*A devindicación da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición como aspirante nos procedementos selectivos.*

*O pagamento da taxa conforme co establecido no artigo 6 da presente ordenanza será requisito para a admisión no proceso selectivo de que se trate.*

**Artigo 5. Cota tributaria.**

*A cota tributaria consistirá nunha tarifa fixa determinada en función do grupo ou subgrupo de titulación esixido para o desempeño da praza ou posto de traballo convocado.*

*As tarifas fixas aplicables serán as seguintes:*

|   |             |
|---|-------------|
| <i>Grupo A, subgrupo A1</i>                                 | <i>19 €</i> |
| <i>Grupo A, subgrupo A2</i>                                 | <i>17 €</i> |
| <i>Grupo B</i>  | <i>16 €</i> |
| <i>Grupo C, subgrupo C1</i>                                 | <i>15 €</i> |
| <i>Grupo C, subgrupo C2</i>                                 | <i>13 €</i> |
| <i>Agrupacións profesionais sen requisito de titulación</i> | <i>10 €</i> |

**Artigo 6. Normas de xestión.**

*1. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación.*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*A autoliquidación realizarase no impreso normalizado que se facilitará aos interesados nas oficinas do Servizo de Recursos Humanos e na sede electrónica da Deputación. Con este impreso o interesado realizará o ingreso en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na autoliquidación ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial.*

*O pagamento deberá realizarse durante o prazo de presentación de instancias, debendo achegarse o duplicado da autoliquidación pagada coa solicitude de participación no proceso selectivo.*

*Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, admitirase o pagamento realizado no prazo de dez días hábiles de emenda de solicitudes.*

*2. A devolución das taxas só procederá nos seguintes supostos:*

*a) Cando o interesado non chegue a participar en ningunha das probas do proceso selectivo por causas que non lle sexan imputables.*

*b) Nos supostos en que a Administración desista da resolución do proceso selectivo.*

*Non procederá a devolución da taxa nos supostos de exclusión do procedemento por causas imputables ao/á interesado/a.*

*3. A devolución das taxas realizarase de oficio ou a instancia dos interesados.*

**Artigo 7. Exencións e bonificacións.**

*1. Estarán exentos de pago da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 % e as persoas acrediten atoparse en situación de desemprego como parados de longa duración.*

*2. As persoas que formen parte dunha familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50%.*

*3. Para a aplicación dos beneficios fiscais previstos neste artigo, os interesados deberán xustificar as circunstancias concorrentes, mediante a oportuna documentación, no momento da presentación da solicitude de inscrición no correspondente procedemento, nos termos que especifiquen as bases reguladoras de cada procedemento selectivo.*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*Para estes efectos, será de aplicación o establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto a obtención da dita documentación por parte da propia Deputación de Ourense.*

**Artigo 8. Infraccións e sancións tributarias**

*En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias serán de aplicación as normas establecidas na Lei xeral tributaria e nas normas regulamentarias que a desenvolven.*

**Disposición Final**

*A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

**2º) Someter a información pública o presente acordo, por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Corporación e na sede electrónica, así como nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo de trinta días hábiles computarse dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial. Durante o dito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. As reclamacións serán obxecto de resolución expresa polo Pleno da Deputación, mediante o acordo de aprobación definitiva da ordenanza. No caso de que non se presenten reclamacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.**

**4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA O EXERCICIO 2018**

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente. Nós neste punto vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Moi bos días a todos e todas. Nós neste punto vou a anunciar xa que o noso voto vai a ser a favor, porque este programa fai posible que moitos concellos leven a cabo ofertas de servizos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

que a Xunta non cobre - especialmente para os concellos máis pequenos - tamén favorece ás familias que queremos vivir no rural e que así podemos dispor dos mesmos servizos que nas cidades. Pero, sobre todo, o que fai posible é a igualdade da muller na súa actividade laboral e crecemento profesional. Pero tamén é verdade que temos que pór de manifesto que non podemos dar os parabéns ao equipo de goberno por esta convocatoria por varios motivos. O primeiro deles, esta convocatoria chega tarde, como ben saben a convocatoria do ano pasado, a do ano 2017, apróbase en Pleno no 2016; é dicir, seis meses antes. Non entendemos porque esta chega a esta data. A dotación económica, vostedes analizan, apenas pode axudar a unha ducia de concellos; aínda que si é verdade que se incrementa. E por último, mentres dedican, por convocatoria pública, 250.000 € - que é esta convocatoria da que estamos a falar - o grupo de goberno desta Deputación segue dando subvencións por este mesmo concepto a dedo. Polo cal, non entendemos ou ben a cantidade que se dedica a esta partida é insuficiente, ou ben reflicte que algúns Concellos entran por outra vía. Nada máis. moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** ben, grazas presidente. Bos días señoras deputadas e señores deputados, público que nos acompaña, veciños de Reza e os que nos seguen a través da internet. Ben, vou a ser breve, pero aínda que todos coñecemos de que vai este programa - e non chega tarde, non chega tarde, todos os concellos saben, dende que se aprobou o orzamento desta Deputación, que ía saír este plan e que ía saír cunha dotación maior. Entón, ignorancia non; máis ben estar atento ao que pasa nesta casa. Dito isto, logo da publicación inicial, como xa dixo o señor secretario xeral, das bases deste programa no Boletín da Provincia do 2 de maio de 2018 e transcorrido o prazo de información pública pertinente para a presentación de alegacións ou suxestións, procede, como digo, como xa se dixo aquí, aprobar definitivamente as bases reguladoras da convocatoria do concurso público do programa BenOurense Infancia -e digo Infancia- para a concesión de subvencións destinadas a dúas actividades: unha, Puntos de Atención á Primeira Infancia e dous, servizos complementarios dependentes das Corporacións locais no presente ano 2018. Como digo, non vou a estenderme moito, xa que entendo que todos coñecen o obxectivo deste concurso e do programa que, aínda así, vou a resumir brevemente para maior información, se cabe, da cidadanía en xeral que é á que nós debemos. O programa divídese en dúas accións, Acción I, como xa dixen, para Puntos de Atención á Infancia (os coñecidos como PAI) que son aqueles establecementos de carácter diúrno e de titularidade municipal situados en concellos de menos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

de 5.000 habitantes - menos de 5.000 - e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos que teñen por finalidade prestar o apoio aos pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre tres meses e tres anos; exceptuando aqueles servizos xestionados, que tamén os hai e cada vez máis, polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia, ou entidade que poida substituíla. E a Acción II para servizos complementarios municipais considerados como aqueles servizos de titularidade municipal que por xestión directa, ou tamén indirecta, e en xornada diúrna desenvolven funcións de atención ao cidadán fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos. Neste caso, os beneficiarios serán as Corporacións locais de menos de 20.000 habitantes que conten cun centro que reúna as seguintes condicións: ter en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade xestionado de forma directa ou indirecta que organice o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos nenos. Estes centros haberán de prestar servizos, cando menos, cinco días á semana durante nove meses ao ano coa finalidade de adoptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais e nais, ou representantes legais dos nenos; excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral. Quede claro, pois, que estamos a falar dunha liña de subvencións integrada no programa provincial de asistencia a concellos e mancomunidades que no pasado ano beneficiou a 10 concellos da provincia no apartado de puntos de atención á infancia e a outros 15 para servizos complementarios. A principal novidade na presente convocatoria radica no incremento da dotación orzamentaria para este ano, tal e como adiantamos no Pleno do debate dos orzamentos para o presente exercicio económico; polo tanto non se pode falar de descoñecemento por parte de ningún concello. Así, o goberno provincial vén de incrementar nun 25% o orzamento para este ano, pasando dos 200.000 a 250.000 €. Un esforzo máis para a veciñanza dos pequenos concellos, para o coidado dos rapaces e contribuír á conciliación da vida laboral e familiar. Polo tanto, aquí teñen feitos e non só verbas. Pero tamén quixera destacar un aspecto moi importante para os concellos que se adhiran a este programa, como é o pagamento anticipado do 80% sobre o máximo da subvención outorgada. Un adianto que facilita a apertura ou continuidade destes centros e do importante servizo que prestan e os que temos responsabilidade de goberno así o entendemos e así o valoramos. Moitas grazas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE:** moitas grazas. Soamente unha puntualización. Si é verdade, señor Plácido, que no orzamento sabíamos que había; pero tamén é verdade que sen as bases non sabemos como se van a aplicar. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia e servizos complementarios das entidades locais para o exercicio 2018, co seguinte contido:

**I.- Bases xerais.**

**A) Obxecto da subvención:**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”, e/ou dos “Servizos Complementarios”.

O presente programa contempla dúas accións:

1º) Acción I: Punto de Atención á Infancia (PAI).

Para os efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

2º) Acción II: Servizos Complementarios Municipais.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como servizo complementario, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

**B) Beneficiarios.**

Poderán obter subvención os seguintes:

1. Acción I: os PAIs daqueles concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense non xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

2. Acción II: as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionada de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e un sistema regulado de cobertura destas prazas.
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante nove meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/mais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Quedan expresamente excluídos de esta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

**C).- Procedemento de adhesión dos concellos.**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es/pai/index.php>

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o alcalde, presidente ou secretario da entidade local e presentarase no Rexistro da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa, causando baixa nas previsións. Neste suposto, os remanente de cofinanciamento previsto para cada acción que non fora utilizado, incrementará o importe do cofinanciamento destinado a cada unha das accións obxecto de subvención, distribuíndose o remanente entre as entidades adheridas conforme aos criterios establecidos nas regras de distribución das base II e III respectivamente.

**D) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

**E) Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.**

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

**E.1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.**

Antes do 30 de xuño de 2018, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

**E.2) Xustificación e pagamento final.**

Ata o 15 de decembro de 2018 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar unha certificación de xustificación do Programa Subvencionado e os gastos dela derivados da forma telemática e asinada dixitalmente segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación a través da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do día 15 de decembro de 2018 e poderase conceder sempre que se aprecie causa xustificada, como máximo ata o 15 de xaneiro de 2019. En ningún caso se concederá prórroga para o prazo vencido.

As entidades deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2018, facendo uso dos formularios normalizados que se deberán obter, cubrir,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

validar e imprimir dende a plataforma <http://benourense.depourense.es>. Os formularios conteñen:

- Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- Relación de documentos xustificativos dos gastos devindicados. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
- Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
- Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2018, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

No caso daquelas entidades que imputen á subvención gastos de Seguridade Social do persoal contratado para desenvolver o proxecto admitirase ata o día 15 de xaneiro de 2019 a documentación probatoria do aboamento de cotas á Seguridade Social.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

### **E.3) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

### **E.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose co anticipo librado, de ser o caso.

**F) Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2018 e 2019. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

**G) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

## **II) Bases relativas á Acción 1: Puntos de Atención á Infancia (PAI).**

### **II.1 Obxecto**

En virtude desta actuación a Deputación Provincial subvencionará o funcionamento do Puntos de Atención á Infancia (PAI) situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar atención de apoio aos pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

A través deste Programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes os servizos prestados dentro do PAI/ derivados (alimentación, equipamentos de comedor etcétera) e gastos de mantemento do centro.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018 por importe de 125.000 € (cento vinte e cinco mil euros).

## **II. 2 Contía da subvención.**

O importe da subvención relaciónase da forma seguinte:

- a) Contía de tramo fixo, equivalente ao 80% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

$$100.000 \text{ €} / \text{núm. de PAIs que cumpren requisitos para subvención} = \text{Contía económica por PAI- Tramo fixo.}$$

- b) Contía de tramo variable, equivalente ao 20% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de PAIs que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos PAIs, da forma seguinte:

$$25.000 \text{ €} (20\% \text{ de } 125.000\text{€}) / \text{núm. Total de prazas cubertas polos PAIs} = \text{Contía económica por praza.}$$

$$\text{Contía económica por praza} \times \text{núm. de prazas cubertas do PAI} = \text{contía económica total que percibirá cada PAI}$$

## **III. Bases relativa á Acción II. Servizos municipais complementarios.**

### **III. 1 Obxecto.**

En virtude desta acción, a Deputación subvencionará os gastos inherentes ao funcionamento daqueles servizos de titularidade municipal que, en xornada diúrna, desenvolven funcións de apoio de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares e complementaria desta para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste Programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario (alimentación, equipamentos de comedor, etc) e gastos de mantemento do centro, no caso de xestión indirecta do servizo ao importe da factura xerado ao concello pola empresa que desenvolve o servizo.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018 por importe de 125.000 € (cento vinte e cinco mil euros).

### **III.2. Contía da subvención.**

- c) Contía de tramo fixo, equivalente ao 70% do orzamento total previsto para esta Acción II, dividirase entre o número de servizos complementarios que cumpran as condicións indicadas nestas bases para poder acceder á subvención que percibirán un tramo económico fixo.

$87.500 \text{ €} / \text{núm. de servizos complementarios que cumpren requisitos para subvención} = \text{Contía económica por servizo complementario- Tramo fixo.}$

- d) Contía de tramo variable, equivalente o 30% do orzamento total previsto para esta Acción II, dividirase entre o número de prazas totais, cubertas polo conxunto de servizos complementarios que cumpran as condicións indicadas nestas bases para acceder á subvención, que percibirán a contía económica que resulte de multiplicar o resultado da división anterior polo número concreto de prazas cubertas en cada un dos servizos complementarios, da forma seguinte:

$37.500 \text{ €} (30\% \text{ de } 125.000\text{€}) / \text{núm. total de prazas cubertas polos servizos complementarios} = \text{Contía económica por praza.}$

$\text{Contía económica por praza} \times \text{núm. de prazas cubertas do servizo complementario} = \text{contía económica total que percibirá cada servizo complementario}$

### **IV. Disponibilidades orzamentarias.**

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción do Programa provincial de asistencia aos concellos e mancomunidades para a xestión de Puntos de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Atención á Infancia, contemplada no apartado D.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015-2019, plan de acción V.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018 por importe de 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros).

2º.- Ordenar a publicación das bases do citado programa no BOP e na sede electrónica da Deputación.

**5º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA MODIFICACIÓN DA BASE 67ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN EN MATERIA DE ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo do BNG, e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** ben, pois seguindo, como vostedes saben, o acordado no pasado Pleno do mes de abril, o Grupo Popular trae de novo a esta sesión a súa proposta de mellora de transparencia nas asignacións establecidas para os diferentes grupos políticos representados nesta Corporación. Daquela, deixamos sobre a mesa unha emenda a unha moción presentada por Democracia Ourensana moi preocupada, ao menos así o parecía, da transparencia na xestión dos cartos públicos (iso parecía, señor Pérez Jácome, iso parecía, non sei se era exactamente así). Pois ben, agora nós vimos a completar esa emenda a través dunha moción, como dixen, así nos comprometemos, que non deixa lugar a dúbidas da seriedade coa que nos tomamos a transparencia nesta institución; máis aló do cumprimento básico da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. en concreto, propoñemos a modificación do apartado c) da base 67ª das de execución dos orzamentos xerais desta Deputación en materia de asignacións a grupos políticos provinciais. Como xa adiantamos, como digo, no pasado Pleno, observada en detalle esta regulamentación observamos que non ten en conta expresamente a posibilidade de que os grupos políticos poidan facer achegas económicas aos seus partidos. Unha posibilidade, por certo, prevista no artigo 2 da Lei orgánica 8/2007 sobre financiamento dos partido políticos, tal e como se recolle na nosa moción e que cito textualmente para mellor información de todos:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*los recursos económicos de los partidos políticos estarán constituidos por (entre outras) las aportaciones que en su caso los partidos políticos puedan recibir de los Grupos Parlamentarios de las Cortes Generales, de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas, de las Juntas Generales de los Territorios Históricos vascos y de los grupos de representantes en los órganos de las Administraciones Locales.* Seguindo con normativas ao efecto, o Tribunal de Contas fala tamén deste tema e di (leo textualmente en extracto): *las recibidas de los grupos parlamentarios de las Cortes Generales de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas, de las Juntas Generales de los Territorios Históricos vascos y de los Grupos de las Corporaciones Locales para financiar los gastos ordinarios de funcionamiento* (señor Rodríguez Suárez), *los gastos ordinarios de funcionamiento.* Así pois, entendemos necesario regular expresamente a posibilidade de destinar as asignacións dos grupos ao financiamento dos partidos; establecendo ao mesmo tempo os controis necesarios, como non podería ser doutro xeito, para garantir unha total transparencia neste financiamento; así como para asegurar a posta a disposición do Tribunal de Contas de toda a información. Pero, ademais, estimamos conveniente tamén establecer un mecanismo de xustificación dos gastos realizados con cargo á subvención, o que ata agora non se esixía de maneira formal (e digo, ata agora), aínda que, iso si, respectando a autonomía de cada Grupo para definir a finalidade á que destina a súa asignación, pero (como tamén non podía ser doutro xeito) sempre no marco da Lei. En base a isto, e como ben se explica na nosa moción, propoñemos unha modificación do apartado c) da base 67ª relativa á asignación dos grupos políticos cunha nova redacción que inclúe ata sete puntos, que non vou a cansalos léndoos, pero si vanme a permitir que faga un breve resumo dos mesmos, porque creo que é importante para nós e para os cidadáns en xeral. En liñas xerais, e para non estenderme como digo, cada un deses puntos cos respectivos apartados, que todos vostedes coñecen, di que cada grupo político provincial deba levar a contabilidade dos gastos realizados en base á asignación económica concedida, soportando documentalmente os gastos realizados cos seus xustificantes (refírome a facturas, recibos, facturas simplificadas, etc.), relación que deberá ser custodiada polo portavoz de cada grupo respectivo e posta a disposición do Pleno da Corporación cando este o requira. Tamén propoñemos unha xustificación semestral -e non trimestral como, por erro, se recolle na nosa proposta- deses gastos e copia do extracto bancario no que se reflectan todos os movementos da conta corrente aberta por cada grupo político. Toda esa información, que

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

será fiscalizada por intervención, estará accesible aos cidadáns no portal de transparencia da institución provincial e remitirase ao departamento de partidos políticos do Tribunal de Contas. No caso de que non se presenten os documentos requiridos, ou haxa informe negativo da intervención xeral desta Deputación, quedarían automaticamente suspendidos os pagamentos das cantidades recoñecidas ata que non se proceda a regularizar esta situación. Repito, señor Pérez Jácome, repito, prediquemos co exemplo, xa vai sendo hora. Ademais, ao remate do mandato, cada grupo deberá xustificar todas as asignacións recibidas e deberá ter liquidadas as dotacións, tendo en conta que, no caso de existir excesos de financiamento, deberán reintegrar ese exceso na Tesourería Provincial. Polo tanto, os tramites concretos de toda a documentación referida para dar cumprida conta do destino das asignacións aos grupos políticos queda reflectida, como poden vostedes comprobar, na nosa proposta. Señoritas deputadas, señores deputados, non estou, non estamos a falar dun brindado ao sol, á marxe dos sorrisos do señor Pérez Jácome, xa sei que isto non lle gusta nada de nada (si, si, vai *flipar*, de agora en adiante vai *flipar*, estou seguro que vai *flipar* cando teña que traer todos os xustificantes). Esta é unha das respostas que espera e demanda a cidadanía por parte dos seus representantes políticos, tamén de vostede, aínda que Democracia Orensana –xa que falaba de Democracia Orensana- non sei se é Democracia Ourensana ou é Democracia Pérez Jácome; a verdade é que teño ás veces confusión. A demanda dunha sociedade, señor Pérez Jácome, é que quere ver garantido o seu dereito a estar informada e contrastar a veracidade desa información, sobre todo se estamos a falar de diñeiro público e de financiamento dos grupos políticos representados nesta institución. Información veraz e contrastable e non os circos (escóitame señor Pérez Jácome) aos que asistimos neste salón, xa demasiado habituais, nos que se *mezcla* todo tipo de datos disfrazados de sesudas investigacións e se extraen as conclusións que mellor conveñan para o espectáculo. Repito, información veraz e contrastada que, no caso que nos ocupa, o dos grupos políticos que estamos aquí, foi impulsada por este goberno e o seu presidente, habilitando un espazo na web institucional onde se poden ver as declaracións da renda e nómina dos cargos de confianza e dos cargos electos, iso si señor Pérez Jácome, dos que as facilitan. De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Volvemos falar de transparencia neste Pleno e nós, hai poucos meses precisamente, cando tiñamos ese debate sobre Baltarnia, esa *ínsula* que vostede chama Ourensanía e que para o resto dos veciños e veciñas que pisamos o terreo é a secas Ourense. Merece a pena repetir os argumentos que utilizamos nese Pleno porque manteñen a súa total vixencia. Diría máis, logo de coñecer os *cambalaches* que tanto nós como Democracia Orensana temos denunciado neste salón de plenos ao respecto de como se *mercadea* coa transparencia, incluso cobran especial significación. En realidade, eu xa o dixen daquela, os índices de transparencia, dos que agora volvía presumir o portavoz do Partido Popular, que elaboran e publican distintas organizacións do ámbito privado (insisto no de *privado*), están exclusivamente dirixidos a medir o nivel de transparencia das institucións públicas a través dun determinado número de indicadores que deben figurar na páxina web da institución. En ningún caso, estes índices miden, e así consta expresamente, o nivel de corrupción ou a conduta de persoas que poidan pertencer administrativamente ou dirixir politicamente esta ou outras institucións. Cando se presume de ser transparente hai que actuar en consecuencia, máis aló do mero formalismo de cumprir unha serie de indicadores nunha web. Vólvolle a repetir o que dicía daquelas que ser transparente implica comparecer cando os grupos da oposición o piden; dar puntual información cando se require; dar facilidades para a consulta da documentación que é requirida; poñer en marcha comisións de investigación diante de feitos ou denuncias de especial gravidade ou relevancia, etc.... Ser transparente significa que todas as empresas que contratan con esta Deputación teñan as mesmas oportunidades, cousa que na práctica todos sabemos que non acontece. Ser transparente implica que calquera persoa que opta a un posto de traballo nesta institución teña as mesmas garantías e os principios de igualdade, mérito e capacidade, sexan algo máis que un *desideratum* contido na norma. E ser transparente implica, ou significa, finalmente, repartir o diñeiro público con criterios obxectivos. A transparencia é incompatible co clientelismo. Xa lle digo que nós imos votar a favor da proposta, xa votaríamos se mantiveran a emenda tal e como veu ao Pleno anterior, porque a transparencia, como lle digo, non se predica, practícase. A pesares de que presentamos unha emenda que consideramos que axuda a mellorar a proposta orixinal, e agardamos teñan en consideración é a emenda que teñen, que vou a explicar, porque ten tres puntos. Un, entendemos que no apartado primeiro, *Modificar o apartado c) da base 67ª das*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*bases de execución*, etc..nós eliminaríamos, dende o noso punto de vista, a frase esa final na que fala: *co obxecto de atender aos seus gastos de funcionamento*. Xa se entende que é para iso e que tampouco ten moito sentido que no mesmo documento poñemos que é para gasto de funcionamento do grupo e que se pode transferir ao partido. A segunda emenda que, neste caso, case sería unha solicitude que lle faríamos, sería que a Deputación, nas liquidacións que se lle fagan aos grupos, dera xustificantes dos gastos que asumen por eles; é dicir, estamos falando dos gastos de teléfono e internet. E, tamén, no terceiro punto entendemos que é un erro, e vostede así o recoñece, é que no punto a) primeiro fala de trimestral e despois fala de semestral. Entendemos que debe ser semestral. Nós, de todas as maneira, tamén propoñemos que se incremente ese prazo que dan vostedes, ou que aparece no texto orixinal, de 20 días porque se solapa coas liquidacións trimestrais que haxa que presentar. En resumo, e independentemente, como lle digo, destas emendas que lle formulamos, que pensamos que corríxen algúns erros ou melloran o texto orixinal, nós vamos a votar a favor da súa proposta porque, dende logo, a transparencia é dar conta do funcionamento dos cartos, dos medios de financiamento, quen financia, quen non financia; dende logo ao BNG non lle gaña ningún. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, vamos a ver, despoés de la moción del mes pasado en la que quedó constatado aquí que ese hombre compra premios con dinero público, nosotros creemos que es un delito y que habrá que llevar a la Fiscalía, a la Fiscalía no, vamos a hacer una denuncia al Juzgado de guardia, aparte de a la Fiscalía, claro, para que investigue porque hay una clara malversación de fondos públicos; de hecho, el propio PP considera que es así y por un caso similar denunció en Canarias, por lo mismo. Bueno, pues después de aquel ridículo, el PP, en forma de pataleta, viene ahora con esta moción para intentar castigar a los demás partidos y, encima, creando sospechas sobre Democracia Orensana, principalmente. Entonces, yo voy a decir lo siguiente y es impresionante, vamos a ver, el día después de que sale la sentencia de la Gürtel en la que uno de los condenados tenía 50 millones de euros de sobornos guardados en Suiza, 50 millones de euros, condenado por un juez y el señor del mismo partido, Plácido, del mismo partido del PP, el mismo partido que Zaplana que fue detenido también por corrupción esta semana, el partido más corrupto de la historia de España, el PP; la misma semana de Zaplana y de la Gürtel vine a decir: oye, a ver qué hace Democracia Orensana con los 2.700 € al mes que

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

se le dan para gastar en el partido como ellos quieran. No se puede estar más loco, o como decía yo el otro día con el alcalde de Ourense, decía yo: cómo se puede amar a dos mujeres a la vez y no estar loco; entonces decía, parafraseando a Machín, como se puede estar tres años sin presentar presupuestos y ahora traerlos por vía de urgencia. Pues esto igual, cómo se puede tener semejante morro del partido de la Gürtel y Zaplana, la misma semana decir: y ahora vamos a controlar los 2.700 € que le damos al mes a Democracia Orensana. Esto es realmente para alucinar. Mire, Democracia Orensana recibe al mes, en la Diputación, 2.700 € para el grupo, 2.700 €. El Partido Popular, 13.500. Al año, el Partido Popular recibe 162.000 €, 13.500 € al mes el PP, al año recibe 162.000 €, al año; Democracia Orensana 37.800. En estos cuatro años, el PP va a recibir 648.000 €. 648.000 € más 2 millones de euros en sueldos de los 14 diputados y de los 10 asesores que tiene. Si sumamos todo eso, se va a dos millones y pico. Y estas personas dicen: eh, a ver qué pasa con los 2.700 € de Democracia Orensana. ¿Se puede tener más morro Plácido? El partido que ha sido condenado por corrupción y viene con esta historia. Es para alucinar. Pero es que aquí tenéis casos igual. Este señor ya accedió al poder siendo corrupto porque ya no fue transparente con el tema del Paco Paz y lo tuvo que denunciar aquí Nacho porque en el 2013 y 2010 se escaqueó de pagar lo que correspondía al Paco Paz del Partido Popular, de cuando tuvo sus congresos. Un partido que tiene ya reconocidos casos de corrupción, no ya a nivel estatal, sino aquí... ¡hombre! Venimos de que es el heredero de una persona que enchufó a ciento y pico personas, condenado a nueve años de inhabilitación, por emplear a 109 empleados públicos y vienen a decir vamos a controlar los 2.700v€ al mes de Democracia Orensana. ¡Es para alucinar! Mira, as contas, se queres, fágochas eu enseguida. Primero, nosotros, Plácido, os 2.700v€ isto non chega a nada. ¿Qué hacemos nós con 2.700v€ ao mes, máis os que temos do grupo municipal do Concello de Ourense? ¿Ti crees que isto vai chegar para algo para a campaña que se avecina empezando xa o 1 de xuño? A partir del 1 de junio quedan, aquí, para las elecciones 12 meses, para que yo sea alcalde. El primer alcalde de la historia de España independiente en una provincia, nunca ocurrió, nunca en la vida ocurrió en España. ¿Ti crees que eu con 2.700€ voume arreglar? Vamos facer unha campaña por tierra, mar y aire. Y no os quejéis tanto de que esto salga en Auria Televisión porque si sois conocidos en la ciudad es gracias a Auria Televisión y no os cobro nada. Sois un poquito desagradecidos. Claro, cualquier otro diría: Jácome, toma ahí 50 € para ayudar en los gastos. ¡Ostras! Es que no se os ve un detalle. La historia es la siguiente,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

esto no llega a nada. ¿En qué vamos a gastar nosotros el dinero? Pues mira, obviamente en Auria Televisión, que es un gasto tremendo y es una herramienta fundamental de comunicación, entonces pagaremos franjas horarias a Auria Televisión. Además vamos a pagarle con este dinero, que non chega a nada, isto hai que pór a maiores moitos máis cuartos, (aceptamos donaciones que son legales, hasta 50.000 al año son legales por persona jurídica), entonces, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, la Cope, Cadena Ser, Onda Cero, en los barrios vamos a hacer... Oye, vamos a gastar muchísimo dinero en los medios de comunicación, Auria Tv obviamente entre ellos. Eso es lo que vamos a gastar. Tenéis varias incongruencias en esta moción, entonces nosotros vemos realmente bien esto; pero vemos mal varias cosas técnicas. O sea, vemos bien esta moción, creo que es acertada también la que hace el Bloque porque decir aquí que los grupos políticos se pueden financiar con aportaciones de las administraciones locales; pero no tiene sentido poner aquí lo que decís vosotros de: *co obxecto de atender aos seus gastos de funcionamento*. Mira, aportación al partido político habrá que hacer lo que diga la ley, no lo que digas tú, Plácido, sino lo que diga la ley que está por encima de vosotros. Entonces, estamos de acuerdo con las enmiendas del Bloque. Sin embargo, nos tenemos que abstener por varios errores que cometéis. Por un lado, y nosotros aquí haremos una reclamación en los 15 días que dais en el punto número 2 y tendremos que hablar con el secretario y con los jurídicos que competan; es decir, ya lo dijimos en el Concello de Ourense, quien tiene que fiscalizar a los partidos políticos y a los grupos municipales son, obviamente, los sistemas encargados para ellos; principalmente el Tribunal de Cuentas. Desde luego, quien no me tiene que fiscalizar es ese hombre de ahí que mañana se va a ver la final del Real Madrid a Kiev, ¿vale? Ese no me tiene que fiscalizar. Y ¿pretenden que yo a este señor le entregue mis proveedores? Además de eso, dice que lo tenemos que publicar en la web y que sino no habrá dinero; pero ¿tú estás loco Plácido? ¿Tú te crees que yo voy a poner en la web lo que le pago a La Voz de Galicia? Porque a lo mejor le estoy pagando muchísimo o poquísimo y va a saber todo Ourense a cuánto me cobra los anuncios. Entonces dirá La Voz de Galicia, hombre mira... primero, imagínate que La Voz de Galicia me hace una oferta, o El Faro de Vigo, o la Cope y dice: mira, non traballo máis contigo porque saíu o que che cobro na páxina web, porque está publicado. Como che vou poñer eu na páxina web de aquí, ou entregarlle a ese señor mis proveedores y a qué precio me cobran. ¿Tú lo ves bien? Quien lo tiene que tener es el Tribunal de Cuentas y si lo filtra, habrá un delito por filtrarlo. Sí que tienen que

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

inspeccionar a Democracia Orensana, isto non é coller e gastar o que che dea a gana. Telo que xustificar, pero dende logo non por vós. Vouche dicir a ti os nosos provedores e canto pagamos por cada servizo, ¡tú estás loco!. A lo mejor me están clavando y quedo en ridículo, *mira el Jácome que mal gestor es que está pagando al Faro de Vigo este anuncio cuando a mí sale más barato, ¡vaya gestor!* O al revés, dirá el de El Faro de Vigo, *fixenche un prezo especial para ti e sábeo todo Orense. Agora xa non dou vendido publicidade porque todo Ourense quiere o mesmo prezo que Democracia Orensana.* ¡Como vas poñer os provedores e os prezos publicados! Terémolos que dar ao Tribunal de Contas. Después, cometéis otro error (grande, yo creo) en el que ponéis que al final de este mandato, hay que justificar los últimos cuatro años tal como vosotros decís. No, habrá que justificarlo cómo dice la ley. En cualquier caso, no podéis poner algo, ¿cómo se dice?, con carácter retroactivo porque entonces, ahí el señor abogado, obviamente es algo ilegal. O sea, tú estás poniendo que, con fecha de hoy, se llegue a un acuerdo para que sea obligatorio que, al cabo del mandato, y pides dos cosas de tres años y medio para atrás. Eso va contra la ley. Creemos que eso es algo ilegal y entonces esto no tendría sentido. Entonces, estamos totalmente a favor, es que, obviamente ya no tienes que estar a favor, es que lo marca la ley. ¿Cómo vamos a estar a favor nosotros de que esto se controle, si ya la ley nos controla? Es un poco absurdo. Y, desde luego, tener que publicar los proveedores nos parece ridículo, la gente no tiene por qué saber eso, es un rollo de táctica empresarial. Usted imagínese que en una empresa privada, en Jolper Música, yo esté obligado a poner los proveedores, lo tendrá que saber Hacienda si me pide, Hacienda sí que ve las facturas; pero ¡hombre! El público en general no puede ver las facturas. Por eso, se demuestra aquí que sois unos chapuzas. Luego lo otro, lo del carácter retroactivo; no sé, Plácido, si tú eres abogado, pero creemos que esto va contra la ley. En cualquier caso, nos vamos a abstener porque creemos que hay ahí defectos de forma graves. Pero, en cualquier caso, nos parece una tomadura de pelo que se pretenda fiscalizar a un partido que gana 2.700 €, el partido que va a cobrar 648.000 al cabo de cuatro años (13.500 € al mes). Luego, hay otra cosa a parte que yo quiero preguntarme, y perdona que utilice un taco pero es que no lo puedo evitar. Plácido, ¿cómo cojones vas a fiscalizar esto si al final precisamente nosotros si portamos el dinero al partido ya no tenemos que justificar lo de los proveedores de cada gasto al partido? O sea, realmente yo todo esto que estoy diciendo es fácil de solucionar con que vaya al partido, y luego es el Tribunal de Cuentas el que tiene que fiscalizar a Democracia Orensana. Entonces,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

no acabamos de entender este rollo. Si nosotros quisiéramos ocultar algo a esta institución es facilísimo, se da el dinero al partido y luego ya el Tribunal de Cuentas nos tiene que fiscalizar; no ustedes. Entonces, no acabo de entender la historia. Por un lado dices: eh, tráenos todo al dedillo lo que gastas; excepto que lo entregues a partido y entonces ya es el Tribunal de Cuentas. Pero, ¿entonces para que pones todo este rollo? No, no lo entendemos.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Antes de empezar co desenvolvemento desta moción, quixeramos felicitar ao señor presidente polo nomeamento como presidente de Partenalía. Dicirlle tamén que estamos de acordo con esa petición súa de que se transfiran directamente os fondos europeos á institución e tamén lle pedimos que, en consecuencia con elo, o aplique e o transfira tamén directamente aos concellos tal e como levamos pedido no Plan único. Entrando xa no fondo da cuestión, hai que facer unha breve historia, breve. No Pleno pasado trouxéronnos aquí unha emenda que, con bo criterio, adiaron, atrasaron posto que non tiña nada que ver co obxecto da cuestión que se debatía naquel momento que era unha reprobación do presidente, precisamente, por mercar postos e *rankings* de transparencia. Posteriormente levárona a trámite de urxencia, algo que se retirou. Ese texto, que dicía o seguinte: *instar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense, en aras da máxima transparencia institucional, para que incoe un expediente de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense aos efectos de regular as asignacións establecidas no mesmo para os diferentes grupos políticos desta institución, dotándoo dun procedemento de xustificación e publicación dos seus gastos*. Dixémolo daquela e dicímolo agora, nós apoiaríamos este texto sen obxección algunha porque afonda na transparencia e control e porque ademais se instaba, era o que se facía, á Presidencia a que incoase un expediente de modificación das bases do orzamento. Pero diso, desa emenda, pasamos á moción actual, que é a moción dun grupo maioritario neste Plenario que xa trae desenvolta e regrada esa modificación orzamentaria, con todo detalle, mesmamente no seu apartado dous aparece o prazo de exposición ao público, a publicación e a entrada en vigor. É dicir, un grupo político suple as funcións que lle corresponderían a outros órganos desta institución. Polo tanto, nós estamos en desacordo coa forma e as formas en democracia son esenciais. Esta modificación debería facerse como unha modificación do presuposto máis e, incluso posto que se trata do financiamento dos grupos políticos, cunha previa negociación e acordo cos grupos políticos, como se fixo ao inicio deste mandato. Así, neste procedemento ou

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

nesta moción, botamos de menos que haxa uns informes previos de secretaría e intervención que leva calquera outra modificación orzamentaria; algo que nós pedimos expresamente agora. Pedimos en consonancia con iso, porque seguramente ao señor secretario non lle dea tempo de facer un informe como debería de facelo e á señora interventora tampouco, pedimos que este asunto quede sobre a mesa e que se incorporen os pertinentes informes de secretaría e intervención ao igual que en calquera outra modificación orzamentaria. Pero, é que non só estamos en desacordo coa forma, tamén estamos en desacordo co fondo. Alegan, apelan e xustifican esta moción e esta modificación na transparencia, no control e na xestión do diñeiro público; neste caso, no que se lle lles dá aos grupos políticos. Nada que obxectar. Nós estamos de acordo nos mecanismos de transparencia e de control; parécennos, incluso, poucos todos os que hai, tal e como vimos na sentenza que coñecemos onte sobre as contas do seu partido que tamén pasaron o filtro do Tribunal de Contas e, sen embargo, fíxese o que di a sentenza. Decía que nada que obxectar aos mecanismos de transparencia e control se non fose porque, ao ler o contido da moción, vostedes fan xusto o contrario da alegación ou do fundamento da moción. Crean, no referente ás transferencias de diñeiro aos grupos políticos, e que esas transferencias as fagan aos partidos políticos, crean vostedes un ámbito –entendemos nós- máis que da transparencia, de opacidade; unha especie de caixa negra na que os grupos políticos lle poden pasar o diñeiro aos seus partidos políticos sen que haxa control algún. Abondará -si, si - cun simple extracto do abono bancario da conta do grupo e un estado-resumo da contabilidade do grupo. Eu esta falacia non sabería acuñala, pídolle ao señor Jácome, que é experto en falacias, que nos diga de que falacia se trata esta; de apelar á transparencia e facer xusto o contrario na moción. Fíxese na diferenza entre o diñeiro que os grupos políticos pasen aos partidos políticos que abondará unicamente, xa digo, con ese extracto bancario e con ese texto que diga, leo expresamente: *deberá xustificarse o movemento baixo a epígrafe de “Achega para o financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do partido”, debendo acompañarse un escrito, asinado polo portavoz do grupo e polo responsable da xestión económico-financeira do partido político, no que se declare que a achega realizada foi para a colaboración dos gastos ordinarios de funcionamento do partido.* Fíxese que diferenza co que quería ler eu antes e me equivoquei, que no apartado sexto referido ao diñeiro que gastan os propios grupos políticos que están aquí –non os partidos- pídesenos que *cada grupo político deberá levar a contabilidade dos gastos realizados en base á*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*asignación económica concedida, soportando documentalmente os gastos realizados cos seus xustificantes (facturas, recibos, facturas simplificadas), relación que deberá ser custodiada polo portavoz do grupo respectivo e posta a disposición do Pleno da Corporación cando este a requira. ¿Por que esa diferenza? ¿por que esa diferenza á hora de xustificar entre o diñeiro que se pase aos partidos políticos no que se lle evita a intervención desta Institución con respecto ao que gastemos os propios grupos? Ademais, fíxese tamén outra diferenza, así como as subvencións que, dende esta casa, se lle dan ás asociacións ou aos concellos hai que xustificalas con facturas, neste caso, tampouco se lle piden aos partidos políticos. Ademais, neste caso, trasládase esa responsabilidade, da intervención, aos portavoces dos grupos políticos de algo do que, no fondo, a non ser que esteamos tamén á fronte dos partidos políticos, non podemos controlar. Polo que eu pido, tamén, un informe de secretaría acerca desa responsabilidade que adquirimos os portavoces dos grupos políticos acerca dun diñeiro, como xa dixen antes, se pode escapar moi facilmente ao noso control. Propoñemos, xa dixen antes, que este asunto quede sobre a mesa e, no caso que non se acepte, propoñemos tamén coa intención de mellorar unha serie de modificacións. A unha xa se referiron os que me antecederon no uso da palabra que é a de mudar o de trimestre por semestre. Outra é, no apartado 3.º b) que fala de *para a xustificación das achegas transferidas aos partidos políticos deberá xustificarse o movemento baixo a epígrafe de “Achega para o financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do equipo”, debendo acompañarse un escrito, asinado polo portavoz do grupo e polo responsable da xestión económico-financeira do partido político, no que se declare que a achega realizada foi para a colaboración nos gastos ordinarios de funcionamento do partido*, ata aí é o que pon o texto; propoñemos que se engada o seguinte: acompañada da relación de gastos e xustificantes para garantir o cumprimento da normativa. E, no apartado 6.º ao final tamén propoñemos que se engada, a partir de posta en disposición do Pleno da Corporación cando este o requira e de calquera grupo da Corporación. Esta é a engádega que nós propoñemos como emenda. Moitas grazas.*

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. A verdade é que me estou sorprendendo porque, como digo eu, moito falar e pouco dar. Logo direi algo, pero voume a referir aos distintos portavoces. Señor Rodríguez Suárez, xa estamos coa *cantinela* de sempre: vou soltar algo por se queda algo. Xa lle teño dito máis

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

veces que todas esas presuntas irregularidades das que fala cando non ten argumentos, que as denuncie ou que as presente aquí pero non, é que se a contratación das empresas, que se a contratación de persoal... *oiga*, denuncie vostede. Non pretenda manipular á xente, denuncie vostede. Se facemos ilegalidades, dígao vostede; pero dígao dunha vez e non deixe caer por se algo queda, aquilo de calumnia que algo queda, dígao dunha vez. Con respecto á emenda, xa vexo que algúns tamén pensan que hai máis irregularidades. Denúncienas vostedes. Non, non, non me estou referindo a isto, señor Rodríguez Jácome, estoume referindo ao señor Rodríguez Suárez que falou so sexo dos anos de paso que falaba disto, como sempre. Con respecto á emenda, señor Rodríguez Suárez, o apartado 1 é pura lei; ou sexa, non sei porque temos que incluír nada, ademais linlle o que di o Tribunal de Contas e o que di a propia Lei de financiamento dos partidos. En canto ao punto 2, teñen vostedes os servizos de intervención para pedir o que queiran, non sei por que o temos que reflectir aí; pero iso xa é de *abc*, téñeno vostedes á súa disposición. E respecto ao apartado 3, xa me referín a el que era un erro material e así o expresei. Señor Pérez Jácome, aquí non se trata de castigar a ninguén, *hombre*, non se trata de castigar. Vostede utilizou esa frase: *castigar a Democracia Orensana*, deixe de ser tan egocéntrico. Aquí estamos falando de Democracia Orensana, do Partido Socialista, do BNG e do Partido Popular; non só de Democracia Orensana ou do Partido do señor Pérez Jácome, como lle digo, vostede enténdeme perfectamente, seguro, o que acabo de dicir. Logo, a transparencia que pedimos; pois pedímola para todos, non só para vostede, tamén para nós. Nós non obrigamos a Democracia Orensana a facer nada que non nos obriguemos nós mesmos. Non sei por que hai que personalizalo no seu partido ou no seu grupo. Os importes que recibe este grupo e os que recibe vostede, pois mire, se quere vamos ao Concello de aí ao lado, que a min non me gusta falar doutras Corporacións, e vostede alí tamén leva bastante máis que os que ten ao lado; por exemplo, máis que os que ten aquí ¿verdade?. Aquí ao revés. Ademais, lembrará vostede que en varias reunións pactamos as asignacións aos grupos; incluso onde estabamos vostede e máis eu despois de varias reunións, aínda que quedamos de acordo e logo, vinte minutos antes do Pleno, dixó vostede que se abstaña. Fixo as contas doutra maneira, ou nos fixo unha *jugarreta* que parece que é vostede habilidoso para iso; polo que me din, eu non sei, xa sabe que lle teño afecto persoal pero no político non coincidimos en nada. Calquera tipo de subvención, señor Pérez Jácome creo que o avanzou o señor Fraga

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Civeira, que dá esta Deputación por mera lóxica e por imperativo legal hai que xustificala. Pero, ¡eu non sei de que nos estrañamos! É dicir, dámoslle unha subvención de 1.000 € a calquera asociación cultural ou deportiva desta provincia e lle pedimos un montón de xustificantes e dámoslle non sei canto aos partidos políticos e non lle pedimos nada, ¡home!, volvo ao do de sempre, prediquemos co exemplo; pero prediquemos xa. Ademais, se facemos as cousas ben, non sei por que hai medo á xustificalo. Non sei cal é o medo, ¿onde está? si, si, non sei. Señor Fraga Civeira, isto non se trata dunha modificación orzamentaria; trátase dunha modificación dun apartado concreto dunha base das do orzamento. Puido pedilos antes do Pleno, ten vostede todo o dereito de pedir informes; incluso de presentar unha emenda como presentou o señor Rodríguez Suárez e nola trae aquí de *cachete* como se di no meu pobo. ¡Home! logo di que non negociamos e vostede vén aquí a dicirnos, mira a ver se vos colo isto así ás presas e correndo. Pois non, mantemos a nosa proposta como está, con dereito a que vostedes presenten as alegacións e achegas, tamén, que consideren oportunas. Con respecto a esa dúbida que vostede ten, vexo que interpreta o que presentamos de distinta maneira ao que fai o señor Pérez Jácome, xa ten *gracia*. El interprétaa dun xeito, como un castigo e vostede vea branda. Home, mire vostede, o diñeiro que vostedes invisten, ou gastan, no grupo ten que xustificalo. O que lle dan os partido políticos, ao seu partido político, para outros gastos xa temos fiscalización pola Lei de partidos. Señor Fraga Civeira, xa fiscaliza..¿quen a fiscaliza? o Tribunal de Contas e todo iso ¿ou non? E que queremos enredar todo e non sei por que, non sei por que vostedes pretenden enredar todo, se isto é moito máis sinxelo, sexamos claros e transparentes cos cidadáns os que nos debemos e, de paso que somos para eles, seremos para nós mesmos tamén. Parece que iso non lles gusta e logo os opacos somos os do grupo de goberno. prediquemos co exemplo. Repito, todo iso que vostede nos achega pois podería estar ben, podería estar ben, podería ser discutible, podería ser aprobado ou non. Señor Fraga Civeira, non veña con sorpresas, tivo vostede dende o Pleno pasado que nós –na miña voz- garantimos ou nos comprometemos a que traeríamos esta proposta a este Pleno, tivo vostede un mes para facer achegas; se non as fixo, foi porque non lle interesou facelas. De momento, nada máis moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para puntualizar un par de afirmacións. Vostede,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

señor Álvarez Dobaño, di que falo de todo; eu non falei máis que de transparencia e non fixen outra cousa máis que cinguirme ao punto da orde do día. Eu non sei por que di, neste caso, que falo de todo e aproveito para falar de todo. O que me di tamén das denuncias. Mire, eu no BNG sempre escoitei e sempre intentei aplicar e, *bueno*, ata agora así foi, unha máxima que di que non hai que xudicializar a vida política. Eu as denuncias que fago son denuncias políticas porque entendo que o que debe solucionarse politicamente non debe solucionarse noutros ámbitos e por outras institucións. Entón, as miñas denuncias van a ser sempre denuncias políticas e non chegarán a outro tipo de denuncia xudicial, neste caso que é ao que se soe recorrer, máis que en casos extremos ou en casos perfectamente acreditados; en casos onde xa todas as vías políticas para intentar solucionar os problemas e para intentar buscarlle unha saída estean esgotados. Entón, nese camiño vou a seguir. Vou a seguir no da denuncia política e o que acabo de facer, cando fixen a miña primeira intervención, pois son denuncias políticas de carencias que nós vimos observando e que pedimos insistentemente cando falamos de transparencia e cando falamos doutras cousas que se lles poña remedio; polo que se ve, sen moito éxito porque son cousas que vimos repetindo dende hai anos e, dende logo, non vemos que se vaian a solucionar. En canto ás emendas que lle presentabamos, son emendas que nós pensabamos que melloraban ou que corrían erros. En todo caso, nós, xa lle dixen de entrada na miña primeira intervención, que íamos votar a favor porque, vólvollo a repetir, en materia de transparencia desde logo ninguén nos vai a dar leccións e moito menos o Partido Popular, e menos aínda, como xa dixeron algúns compañeiros, na semana en que Zaplana entra en prisión incondicional e que acabamos de asistir á sentenza da Gürtel, por certo, e aproveito tamén para denunciálo, convenientemente tapada e silenciada cunha operación orquestrada *ad hoc* en Cataluña contra forzas políticas e forzas de organizacións e colectivos nacionalistas, precisamente para tapar, o día da Gürtel, a sentenza que sabíamos que ía saír onde os periodistas chegaron incluso antes que a propia policía a unha institución como a nosa que é a Deputación de Barcelona. Entón, permítame que un día como este, precisamente neste semana que vostede pretendan dar leccións de transparencia aquí aos grupos da oposición pois que, dende logo, non llo admita. Logo, vou a votar a favor da súa moción porque, por unha vez que nos traen unha moción perfectamente elaborada, deseñada, con todos os puntos, pois, dende logo o que si agardamos é que noutras mocións, como xa temos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

denunciado outras veces, que apliquen o mesmo exemplo, que non nos veñan con mocións absolutamente cerradas, definidas, con prazos, orzamentos, etc... Nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, me hacen gracia las palabras que dice ahora últimamente el BNG, que dice: ya que traen una moción con todo perfectamente detallado tal..., como uno de los argumentos de vámoslle a votar a favor. Esto me recuerda al alcalde de Orense que presentó presupuestos hace poco, unos presupuestos con el informe del interventor en contra y coge el tipo - el alcalde de Orense - y le hace una carpeta con un logo y con un *slogan*. Es la primera vez en la historia de España que un alcalde aparece con un *slogan* para presentar unos presupuestos, un *slogan* y un logotipo y se los presenta a las Asociaciones de vecinos antes que al Pleno. Se lo presentó a las Asociaciones de vecinos antes que al Pleno, claro, logo chegou ao Pleno por vía de urxencia e di: pero ti, ¿onde vas? O sea, es realmente una persona que vive en Marte, es algo impresionante. Me llama la atención, es decir, por el hecho de que él venga con una carpeta bonita, non lle vamos a aceptar os presupuestos; pero igual pensó que sí, le meto un logotipo y quedan todos alucinados. Respecto a este tema, hay que decir también una cosa, yo soy una persona tremendamente crítica con JM Baltar y con la guardia pretoriana que tiene ahí al lado; pero, a Dios lo que es de Dios y al César lo que es del César, lo que me gusta aquí de la Diputación es que no hay límites de tiempos porque, a veces, hay mociones que van rápidas y otras que necesitas más, entonces estaría bien, en vez de como en el Concello de Ourense que meten 6 minutos y 3 siempre, me gusta más este sistema de aquí. Si bien es cierto que podría haber un cómputo general de los minutos del pleno. En este sentido sí que le tengo que decir a José Manuel Baltar (habrá que hablar bien de él alguna vez, porque no todo el mundo tiene cualidades malas; aquí, donde me ven a mí, yo también tengo alguna mala) total, que José Manuel Baltar nunca dice nada. Fíjense cómo está. Ahora entiendo por qué aprobó todo y sacaba todo sobresaliente, un alumno que está ahí atento todo el rato es un fenómeno. Vamos ya con el tema este. Mira, Plácido, ya sabes para qué vamos a gastar el dinero, hay cosas que están fuera del gasto del partido. Por ejemplo, este ordenador que estoy utilizando ahora que me va mucho mejor para guionizar, aunque me va a llevar tiempo porque ahora te voy a contestar a todos los argumentos, los anoté, lo anoto mejor aquí porque el orden se puede manipular y ahí no (y ahora vas a alucinar con lo que te voy a contra argumentar) y este

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

ordenador, te voy a contar una historia, hay ordenadores que los compramos y otros nos los regalan –donaciones al partido o así-, te voy a contar una detalle una vez que nos pasó, que fue un poco vergonzoso, hablamos con una empresa muy fuerte (no voy a decir el nombre porque le parecerá mal a la empresa) y le dijimos si nos podían hacer publicidad en la tele, dijeron que no. Le dijimos: y ¿un intercambio por productos? Hombre, pues a lo mejor igual sí, ¿qué queríais? Pues, nos haría falta un ordenador. Dice: bueno, pues a lo mejor igual sí. Y al final llegamos un acuerdo y nos dan un ordenador a cambio de publicidad. Entonces, cuando ya fuimos a retirar el ordenador, fuimos a hablar con el gerente y le dijimos: bueno, entonces cómo hacemos la publicidad y me dice la empresa ésta potente: é igual, non a fagas, quédate co ordenador. Es decir, non nos saques na tele, que non nos relacionen con vós, é o que nos veu a dicir o tipo. ¡Claro! Se che din iso, ¿Cómo lle volves pedir algo? Non volves na vida; é unha táctica boa porque quedas cortado. Total, que usted dijo antes: denuncie vostede se sabe algo -le dijo al del Bloque- denuncie, se vostede ten algo que dicir no tema de persoal, denuncie vostede. ¿E pareceche pouco? Denunciou aquí o Nacho por 104 casos de corrupción de persoal, de enchufismo, e condenaron a nove anos ao Baltar. Di, denuncie vostede, ¿pareceche pouco o que denunciou? Joder. Denuncie vostede, xa denunciaron ao antecesor voso. Respecto a lo que me decía el del PSOE de cómo se llamaba la falacia de decir una cosa y hacer la contraria, creo que eso no es una falacia, simplemente es fariseísmo; ya habló de él Jesucristo hace 2.000 años, me parece que es así. Desde luego, fariseísmo es el que tiene Partido Popular que trae aquí esto de transparencia cuando el Comité de ética dimitió porque, claro, no querían pronunciarse en contra de él cuando fue el *affaire* del Francisco II y todavía no lo nombró. O sea, la persona que tiene aniquilado el Comité de Ética y que no lo vuelve a formar para no quedar en ridículo trae aquí, ahora, una ley de transparencia para quedar bien, una ley, una optimización de transparencia. Fíjense ustedes la hipocresía con ese tema. Me hace gracia también ayer, porque parecéis Rajoy con la excusa que dio en el caso de corrupción de la Gürtel. Le dice, no son seis casos aislados, oíste, como si dice Jack el Destripador: no, fueron 19 chicas aisladas, de todas las que vi en mi vida, solo fueron 19 chicas. Pues esto, igual, no, no fueron 10 casos aislados. Vamos a ver, antes Plácido me dijo, oiga, no sea usted tan egocéntrico señor Jácome que me refería a todos. Oye, pois na túa primeira intervención, que está gravada, ben que te referiches, primeiro de nada, a Democracia

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

Ourensana e a min. Entón, primeiro, refíreste a min e despois di: non sexas tan egocéntrico que me refiro a todos. Coño, pois entón non esteas apuntando co dedo cara á nós. Dices que me tienes afecto en lo personal, pero no en lo político. Bueno, no me tienes afecto en lo político porque no estas censado en Orense, si no me votabas. Lo que pasa es que, claro, estás censado en Muíños ou en Lobios; estás censado en Muíños, claro que así non me vota. Por cierto, desde aquí quiero hacer un llamamiento a todos (antes dije que íbamos a hacer moción de censura) a todos aquellos que quieran votar, que nos estén viendo en la televisión, saludamos a todos aquellos que nos quieran votar a Democracia Orensana, tienen que censarse en el Concello de Orense antes del 30 de noviembre, 30 de noviembre es la fecha límite. Se lo decimos a todos, a ver que no se nos pasen los plazos, es muy importante eso. Seguimos con este tema, dices que es normal que se fiscalice. Hombre, depende, aquí es donde no se puede hacer falacia de falsa analogía. Vamos a ver, aquí se le dan unos sueldos a todo el mundo que es aquí diputado, ¿no?, yo soy el que menos cobro de todos porque algunos tienen sueldo, otros vienen a juntas, a comisiones y yo solo voy a los Plenos y a la primera comisión. Entonces, también se podría decir: oiga vamos a controlar el sueldo de todos para ver si hacen bien la retención. Perdona, la Diputación aquí paga unos sueldos y luego Hacienda tiene que controlar, en las retenciones que te hizo en la declaración de la renta, que pagues de más o de menos. Es decir, el hecho de que la Diputación entregue un dinero, no significa que la Diputación tenga que fiscalizarlo. Repito, ¿cómo le voy yo a entregar a este señor los proveedores nuestros, a mi competencia? Este señor es del Partido Popular, el presidente del Partido Popular, y pretenden que Democracia Orensana le entregue un extracto, a mi competencia, de quiénes son mis proveedores y cuánto le pago. Pero, ¿tú te crees que esto va a pasar la ley? Obviamente esto es ilegal. Otra cosa es que yo se lo haga al Tribunal de Cuentas, pero no a este señor. Ahora voy a decir aquí unas cosas, se llaman los típicos *zascas* en política. Plácido, estate atento que esto es importante, mira, sois ridículos y sois unos auténticos vagos porque a mí me parece intolerable que, un partido que cobra 648.000 € en aportaciones y que además gasta 2 millones de euros entre sueldos y asesores políticos, un partido que se va a los 3 millones de euros, ni siquiera son capaces de saber que esta moción se llevó en el Concello de Orense, hace un año y pico, y el PP votó en contra de lo que hoy van a votar a favor. La trajo Ourense en Común y los argumentos que defendió el

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

PSOE, Democracia Orensana y que el PP también avaló fueron: pero, qué dices, cómo te vamos a enseñar a ti; habrá que decir en qué se gasta el dinero pero no especificar ni extractos de banco, ni los proveedores, ni obviamente las cuantías que se paga de cada factura, ¿cómo las vamos a poner en la red! Bueno, pues ese argumento de que era intolerable que se pusiera en la red, de cuánto paga cada partido en la factura porque no se pueden revelar proveedores, porque en el extracto aparece el proveedor y aparece la cuantía; bueno, pues el Partido Popular, ustedes, votaron en contra de aquella moción y ahora la proponen aquí en la Diputación. Fíjense el criterio y lo mal que funciona el PP. Fíjense el criterio que tienen ustedes, que no tienen criterio, que parecen el partido del alcornoque, y luego lo mal que funcionan Dios mío, porque no darse cuenta que en esta moción el PP votó en contra en el Concello de Ourense, ¡hombre, válgame Dios! Son unos ineptos ustedes. Y el PSOE también votó en contra y ahora parece ser que está a favor. Eu, alucino. Eu realmente alucino. Decirle que nada más, nosotros el dinero está claro en qué lo vamos a gastar, en gastos de comunicación ¿Por qué? Porque ustedes tienen comprada a la prensa, a casi toda la prensa. Ese señor, este mes, ya mandó 10.000 € solo para el ABC, solamente para el ABC en un mes; 250.000 € al año al Correo Gallego; 1 millón de euros a La Región y Telemiño. ¡Hombre! Haciendo eso, tenemos que hacer contra información, hay que contraatacar. Y Democracia Orensana tiene que gastar en comunicación y es básicamente en lo que vamos a gastar, en comunicación: en prensa, en radio y obviamente en Auria Tv. Es lo que vamos a hacer en informar a la gente para que luego pueda votar libremente; porque sin información no hay, obviamente, libertad de voto. Auria Tv, Plácido, non funciona a pilas, obviamente tenemos gastos. Aquí yo quiero decir una cosa, cuando yo sea alcalde (me gusta porque vosotros, el subconsciente ahí ya se nota que veis el caballo ganador, ya acabo ahora), cuando yo sea alcalde... obviamente todo esto es una chorrada porque está sometido a la justicia y tiene que estar fiscalizado por quien tiene que estar fiscalizado, por el Tribunal de cuentas; en cualquier caso nosotros somos aquí muy liberales en ese sentido, oye mira, ti terás que darlle contas a quen llas teñas que dar, pero alá ti, gasta os teus cuartos, serán os teus votantes os que che aproben ou non. Aquí, a mí, me gusta mucho un chiste liberal que hay, que se contaba hace años, el del cerdo, ¿no sé si te acuerdas?, era cuando iban ahí los técnicos viendo como se le daba de comer a los cerdos para poner sanciones y dice uno: yo a los cerdos le doy palomitas de maíz y galletas. Pero

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

usted, cómo se pueda dar eso a un cerdo, veña, unha multa de 100.000 pesetas daquelas. Llega otro, yo al cerdo le doy carne de vacuno. O sea, gente pasando hambre y usted dándole al cerdo semejante comida, multa de 100.000 pesetas. Llega el tercero (es el que a mí me gusta y que tiene que ver con esta moción) y le dice: ¿usted a los cerdos qué les da de comer? Y dice: mire, yo le doy 1.000 pesetas al mes y que se compren lo que quieran.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, ser é un verbo cun significado e parecer é outro que ten outro significado. Unha cousa é ser transparentes e outra cousa é parecer ser transparentes, ou aparentar ser transparentes. Nesta moción vostedes pretenden ser transparentes pero quédanse na aparencia. Fíxese a diferenza que hai se nós o diñeiro que recibimos o gastamos como grupo e temos que presentar os correspondentes xustificantes - o normal - que se decidimos pasarlle na totalidade o diñeiro ao partido político; non teriamos por que presentar xustificante ningún. Entenderá vostede que aí se crea un ámbito de opacidade e de falta de transparencia, unha caixa negra, si, si. Mire, e non abonda co que di vostede que controle e que fiscalice unha fiscalización posterior do Tribunal de Contas; porque tamén fiscaliza as contas desta casa e máis iso non impide que as asociacións, os concellos presenten os seus xustificantes e a propia intervención desta casa, a propia interventora, pasen pola súa man e controle eses gastos. Por esa regra de tres, ¿para que queremos intervención nesta Deputación se xa controla o Tribunal de Contas? Se xa hoxe en día tarda seis ou oito anos en inspeccionar as contas, fíxese vostede o que non tardará despois, ¿que inconveniente hai para que ese diñeiro..?, xa digo, se nós todo o que recibimos llo pasamos ao partido político, abonda cun extracto do banco, que lle pasamos a cantidade cunha simple anotación e cun papel firmado por min, dun diñeiro que, en última instancia, non teño que saber para onde vai, do que gastamos como grupo, si. ¿por que esa diferenza? ¿por que esa diferenza? ¿O que gastamos como grupo temos que xustificalo dalgunha maneira e o que vai para os partidos políticos non ten xustificación algunha? ¿Acaso o Tribunal de Contas non vai fiscalizar o mesmo? ¿Por que esa diferenza cunha asociación de veciños? Fala vostede de que tivemos tempo. Mire, este tema, como ben vostede dixo, negociouse ao inicio de mandato ¿por que non se volveu negociar agora este cambio, á hora de xustificar cando se cambian as regras? Fálame vostede de que traemos isto agora ás présas e que tivemos tempo. Home, présa a súa. Dentro duns meses, en

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

setembro, traerán os novos orzamentos, ¿a que obedece que traian agora esta modificación e non esperen para dentro de dous meses? ¿por que non a meteron na modificación do presuposto do mes pasado? ¿que mudou? ¿que cambiou? ¿que cambiou para agora mudar isto? E outra cousa que non me resisto a dicirlle, eu creo que hai que diferenciar, claramente, entre o que son os grupos políticos e o que son os órganos propios desta institución, véxase o presidente, véxase a Xunta de goberno, véxase as Comisións que se creen e véxase o Plenario. O que non poden é, na nosa opinión, os grupos políticos suplir ou facer as funcións que lle corresponden a outros grupos. Unha cousa é, entendemos nós, unha moción, que é unha iniciativa política que presenta un grupo, que pode vir máis ou menos detallada; pero entre o todo (e eu non comparto a visión e o que dixó o compañeiro do BNG), entre o todo desta moción que vén con pelos e sinais e a nada doutras - tendo en conta que vostedes son o grupo maioritario e o grupo que goberna - hai moito terreo polo medio. Eu creo que este detalle e esta regulamentación corresponderíalle a unha iniciativa da Presidencia e que viñese aquí, non a un grupo político. Dito isto, home, nós mantemos a proposta que fixemos, que quede sobre a mesa. Pedimos os informes respectivos e, en todo caso, que se atendan as engádegas, as propostas de mellora que fixemos. Vai todo en aras da transparencia. Queremos que o diñeiro que reciben os grupos e os diñeiros que lle traspasen eses grupos aos partidos políticos teñan os mesmos mecanismos de control, exactamente os mesmos, e de xustificación. ¿Que problema hai coa transparencia? ¿Acaso non é transparente isto? De todas as maneiras tamén lles indico, non o dixemos antes, que nós sobre este tema ímonos abster. Ímonos abster porque a nós non nos van a atopar, como a fundamentan na transparencia, non nos van a atopar en contra de algo que é transparente; ou que vostedes aparentan que vai ser transparente, pero en realidade non vai selo porque non vamos poder controlar o diñeiro que dende os grupos políticos se lle pase aos partidos. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** si, grazas presidente. Xa vexo que tres grupos, tres versións totalmente distintas. Xa vexo que o señor Rodríguez Suárez, por unha vez, bótanos unha flor dicindo que traemos unha moción ben fundamentada, detallada e todo iso; vostede todo o contrario e o señor Pérez Jácome, como sempre, vai por libre. A cuestión está clara, isto resúmese claramente, señor Fraga Civeira, claramente, o máis cobre ao menos. Polo tanto, nós témolo claro, diñeiro do grupo hai que xustificalo e

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

intervención controlará todo. O demais, Lei de partidos políticos, Tribunal de Contas. E xa vexo que vostede dubida do Tribunal de Contas, puxo en cuestión a súa fiscalización, vostede saberá se ten datos para iso tamén, volvemos ao de acusar; vostede terá datos para que o Tribunal de Contas non valga para nada. *Bueno, oiga*, transmítalo vostede aos seus representantes no Parlamento español que traten de cambiar iso ou que o anulen, algo lle fagan, porque segundo vostede non vale para nada. Vostede díxoo, non eu. Señor Rodríguez Suárez, por ir por orde, eu dixen que vostede se saíra da orde do día porque nós estamos a falar das asignacións dos grupos políticos, non estamos a falar do que xa falamos moitas veces, da contratación de persoal ou da contratación de obras, díxeno por iso. Coincido plenamente con vostede, por unha vez, en non a xudicialización da vida política; para iso están estes órganos para debater, incluso sen límite de tempo como valora o señor Pérez Jácome. Para iso estamos e non para ir aos xulgados e montar espectáculos a diario. Con respecto a todo isto, eu podería contestar a algunhas afirmacións que se fixeron aquí e do señor Jácome como nos ten acostumados, pero vou a ser respectuoso e non entrar e *chascarrillos* e limitarme ao punto da orde do día que é ao que viñemos aquí e que, por certo, mantemos a proposta tal e como está. Resumo, está claro, a moitos de vostedes, e a outros que non están aquí que pertencen ás súas organizacións políticas, se lles enche a boca falando de transparencia, écheselle a boca, e mentres os máis, nos que nos incluímos, aparecemos espidos ou espidas diante dos cidadáns - e non se me entenda mal, falo economicamente - eses outros ultradefensores da transparencia non facilitan nin un só dato persoal, señor Pérez Jácome, home, escóitame que isto vai para vostede outra vez, non home, sen perdón. Digo que hai que predicar co exemplo outra vez e entón, se todos temos que presentar a nosa declaración de bens, actividades, a declaración da renda e todo iso; prediquemos co exemplo. Señor Pérez Jácome, se eu sei que vostede non ten nada que ocultar; pero siga o guión de todos, como facemos todos. Diríxome a vostede, neste caso concreto, pola súa pertinaz (xa vexo que o señor Gómez Pérez lle fai de apoio aí, está ben, a ver se vai cambiar agora tamén porque ten un asesor especial aí todos os Plenos que está ben, non sei se xa cambiaría dado que está nesas bancadas e as situacións bailan, en política máis), pois xa digo, diríxome a vostede pola súa pertinaz crítica á transparencia desta Deputación - non sei se a outras - e aos custos que ten para as arcas públicas. Eu diríalle que estea vostede tranquilo que a nova regulamentación que estamos a aprobar dende hoxe non vai a supoñer máis gastos para esta Deputación en materia de transparencia, pero si moito máis

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

traballo para os grandes profesionais que traballan na intervención desta Institución y *si no al tiempo*. E claro está, e isto llo digo así señor Fraga Civeira, (ao final igual temos sorpresas todos) e claro está, máis traballo para vostedes, e refírome aos portavoces, e tamén para min e para o resto dos membros do grupo que terán que colaborar en presentar estes datos aos que me referín, o que debemos facer porque nos debemos aos cidadáns. Unha vez que entre en vigor esta modificación, que tamén poden vostedes ver que pretendemos que sexa neste mesmo verán, é dicir, canto antes, salvo que nos entorpezan presentando alegacións e outras cousas habilidosas para que non entre en vigor, como dicimos nós, canto antes. E iso será unha vez cumpridos os trámites e prazos de exposición ao público. estou convencido, mal que lles pese, que escalaremos máis postos neses *rankings* de transparencia institucional que tanto rexeita o señor Pérez Jácome e tamén algúns de vostedes. Non se trata tan só de postos e de *rankings*, non vaian vostedes a errar na súa argumentación; senón, e sobre todo como xa dixen antes, de informar aos cidadáns aos que nos debemos cada un no posto de responsabilidade que ocupa. Isto é e seguirá sendo unha consecuencia das iniciativas que está a tomar este grupo de goberno máis aló do cumprimento básico da Lei de transparencia. Por iso traemos a este Pleno, señor Fraga Civeira, algo ao que nos comprometemos fai un mes, repito, fai un mes, isto non é ningunha présa; fai un mes dixemos que traeríamos aquí unha proposta concreta, vostede puido achegar antes o que entendeu. Si, si, comprometémonos, eu díxeno publicamente cando a presentei, non veña agora escorrendo o vulto porque xa vexo que a cousa está clara, isto non lles interesa e non sei por que. Se non hai nada que ocultar, cal é o problema de que sexamos transparentes, señor Fraga Civeira, ¿cal é o problema? Pois séxao, predique co exemplo, séxao, ¿estao sendo? Señor Fraga Civeira, ¿está sendo vostede transparente? ¿ten a conciencia tranquila? Siga nese camiño. Non sei por que nos ten que retrucar aos demais, siga vostede nese camiño. Vexo que lles molesta o tema, por algo será; dín no meu pobo: *quen se pica, allos come*. Eu non sei, por algo lles preocupa isto, se é moi claro, é moi claro, sexamos transparentes, ese é o resumo. Grazas señor presidente, hai que deixar que a xente se exprese, sobre todo aos que non nos deixan expresar. Digo, por iso traemos a este Pleno medidas que procuran xerar unha maior confianza diante dos cidadáns, facendo públicos e xustificando os gastos de todas as formacións políticas con representación nesta Deputación. Ese é o resumo. Adoptamos estas iniciativas de bo goberno e o seguiremos facendo co fin de dar máis credibilidade diante da opinión pública e dígoo, señora Gil, con

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

todo o respecto. Diríxome a vostede porque na Comisión de Transparencia xa non estaba vostede de acordo con isto, xa non estaba, porque creo que dixó algo así - a ver se recollín ben as súas palabras - dixó: esta modificación é un paripé e pedía transparencia real e obxectiva. Niso estamos, señora Gil, niso estamos. Ben. Vostedes non o entenden así, xa vexo que non o entende ninguén porque cada un enténdeo da súa maneira; para uns isto está moi ben, para outros é unha cousa rara e para vostedes está mal. Pois para nós tamén está ben, por unha vez coincidimos co señor do BNG, mire vostede, os extremos xúntanse ás veces. Pois ben, máis credibilidade, máis credibilidade señores do Grupo Socialista, máis credibilidade e obxectividade que poñer as contas dos grupos políticos a disposición dos cidadáns e dos órganos fiscalizadores, creo que non hai. Repito unha vez máis, prediquemos co exemplo e prediquemos xa. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Finalizado o debate, o Sr. presidente somete a votación en primeiro lugar a solicitude de retirada deste punto da orde do día, para que quede sobre a mesa, a pedimento do portavoz do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a emenda do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Por último somete a votación a moción do Grupo Popular e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Modificar o apartado c) da base 67ª das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, quedando redactada como segue:**

Base 67ª

c) Asignacións aos grupos políticos na corporación:

1.- De conformidade co artigo 73.3 da Lei 7/1985, dO 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Ourense, recóllese a disposición no orzamento anual dunha dotación económica que se destinará aos Grupos Políticos con representación na corporación provincial, co obxecto de atender aos seus gastos de funcionamento. Estas asignacións teñen os seguintes importes:

- Un compoñente fixo: 900,00 euros mensuais a cada grupo.
- Un compoñente variable: 900,00 euros mensuais por cada deputado.

Os grupos terán dereito ao uso dun local no Pazo Provincial, dotado de mobiliario e enerxía eléctrica. Os restantes gastos de funcionamento, tales como material de oficina e gastos de teléfono e de correspondencia, serán de conta de cada grupo. No caso dos gastos telefónicos e de conexión a internet, de ser estes soportados pola Deputación, deducirase a súa contía nas sucesivas liquidacións mensuais da subvención ao grupo.

O artigo 73 de la LRBRL limita o destino destas asignacións, non podéndose destinar estas ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Terán a consideración de gastos subvencionables as achegas realizadas desde os grupos políticos aos partidos políticos para o financiamento dos seus gastos ordinarios. Para tal efecto, na documentación soporte da transferencia da asignación dos grupos políticos aos seus partidos deberá constar, segundo a lexislación vixente, o seguinte concepto: “Achega para o financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do partido”.

A dotación deberá destinarse a gastos correspondentes ao exercicio orzamentario.

2.- Cada grupo político provincial deberá levar unha contabilidade específica desta dotación, que porá a disposición do Pleno da Corporación sempre que este llo pida.

3.- Para a percepción desta asignación observaranse os seguintes trámites:

a) O portavoz de cada grupo provincial presentará, nos primeiros vinte días hábiles posteriores ao termo do trimestre a xustificar, ante a Intervención Xeral da Deputación Provincial, unha xustificación semestral dos gastos realizados baseándose na asignación económica concedida, consistente nun estado - resumo (en formato idéntico ou semellante a unha conta de perdas e ganancias) da contabilidade levada polo grupo, así como unha copia do extracto bancario no que se reflectan todos os movementos da conta corrente aberta polo grupo político, relación que deberá ser asinada polo portavoz respectivo facendo constar

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

que os devanditos pagamentos se efectuaron exclusivamente para atender os gastos de funcionamento indicados.

b) Para a xustificación das achegas transferidas aos partidos políticos deberá xustificarse o movemento baixo a epígrafe de “Achega para o financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do partido”, debendo acompañarse un escrito, asinado polo portavoz do grupo e polo responsable da xestión económico-financeira do partido político, no que se declare que a achega realizada foi para a colaboración nos gastos ordinarios de funcionamento do partido.

c) A fiscalización do gasto pola Intervención limitarase a comprobar que se presentou a documentación co formato establecido nos dous apartados anteriores, subscrita polo portavoz do grupo.

d) Unha vez efectuada esta fiscalización formal pola Intervención Xeral da Deputación Provincial de Ourense, emitirá un informe no que fará constar a correcta (ou non, segundo proceda) presentación de toda a documentación esixida en tempo e forma que xunto coa propia documentación estará accesible para a cidadanía de Ourense dentro do portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense.

4.- Ao longo do primeiro trimestre posterior ao fin da anualidade xustificada, os informes da Intervención Xeral, xunto coa documentación presentada polos respectivos grupos provinciais existentes remitiráselle ao departamento de partidos políticos do Tribunal de Contas.

5.- No caso de que non se presente esta xustificación semestral ou que o informe formal da Intervención Xeral da Deputación Provincial de Ourense sexa negativo, quedarán automaticamente suspendidos os pagamentos das cantidades recoñecidas ata que non se proceda a regularizar esta situación.

6.- Cada grupo político provincial deberá levar a contabilidade dos gastos realizados baseándose na asignación económica concedida, soportando documentalmente os gastos realizados cos seus xustificantes (facturas, recibos, facturas simplificadas), relación que deberá ser custodiada polo portavoz do grupo respectivo e posta a disposición do Pleno da Corporación cando este a requira.

7.- Ao termo do mandato e, sempre antes de que se constituía a nova corporación, cada grupo xustificará a totalidade das asignacións percibidas, debendo ter liquidadas as

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

dotacións recibidas con destino ao seu funcionamento, de xeito tal que no caso de que existisen, nese momento, excesos de financiamento, deberán reintegrar o exceso na Tesourería Provincial.

**2º) Someter a presente modificación a información pública, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e formular reclamacións ao respecto. A modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o indicado prazo non se formulan reclamacións, procedéndose á publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver sobre as reclamacións e sobre a aprobación definitiva da modificación.**

**6º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DA RETIRADA DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE SENDA CICLO-PEONIL EN REZA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. É a miña intención, se non hai inconveniente por parte de ningún portavoz e de ningún grupo, de cederlle os dous *turnos* de intervención para defender esta iniciativa aos propios veciños de Reza, porque nós aquí neste caso, como nalgunhas outras ocasións, non facemos máis que de portavoces e trasladamos a súa reivindicación e as súas peticións, neste caso, no Pleno da Deputación. Entón, se non hai inconveniente voulle ceder a palabra ao representante da asociación de veciños. Moitas grazas.

O señor presidente, logo de preguntar sobre a petición do portavoz do BNG aos voceiros dos grupos, e ao non formularse oposición ao respecto por ningún deles, cédelle a palabra a **D. Jorge Rodríguez Naval, directivo da Asociación Veciñal 15 de Agosto**, que realiza a seguinte intervención:

**D. Jorge Rodríguez Naval, directivo da Asociación Veciñal 15 de Agosto:** ola, bo día a todos e todas, en primeiro lugar das as grazas ao Grupo do BNG por cedernos a súa quenda para que expliquemos as nosas inquedanzas. En representación das veciñas e veciños de Reza, pedimos a esta Deputación que nos apoie e medie ante á Xunta de Galicia pola famosa senda que pretenden impoñernos en Reza. Nós coñecemos xa, dende hai moitos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

anos, que padecemos unha inseguridade viaria moi grave e por iso é que temos pedido, en moitas ocasións, a continuidade de beirarrúas xa que a estrada OU-402, tamén Rúa Pena do Vado, é propiedade da Xunta. Segundo o Código de Circulación é unha vía urbana, por estar situada dentro da poboación, e cun límite de 50km/h; se estivera fóra de poboado sería vía interurbana cun límite de 80km/h. Así queda claro que se trata de vía urbana que leva, entre outros, o aparcadoiro das termas. Nun traxecto dun quilómetro e medio non dispón de aparcadoiros en ningún dos dous lados, tanto para particulares como para o resto de vehículos de servizos (butano, gasóleo, fontaneiros, etc...). Temos, así mesmo, cinco paradas de bus urbano; así como moita frecuencia de autobuses e camións xa que se atopa o garaxe dunha importante empresa ourensá nesa zona e os camións que fornecen a unha empresa de formigón da zona, así como moitas autocaravanas que se dirixen ás termas. Pois ben, coa construción desta senda peonil e ciclista non só non se arranxa o problema da seguridade viaria, por contra, aínda se agrava máis. Nós non estamos en contra das sendas, xa temos o Paseo das Ninfas ao carón do Miño do que *disfrutamos* todos os ourensáns; pero a *carretera* non é o lugar adecuado e máis coa inseguridade *vial* que pretenden darlle agora con esta senda. O prexuízo que causa aos veciños é moito máis grande que o beneficio xa que se derruban xardíns de casas que se fixeron co permiso da Xunta e do Concello e que, deste xeito, non disporán do espazo suficiente para deixar o coche dentro da súa propiedade, co conseguinte incremento da inseguridade. Xa estamos cansos de expropiacións: a autovía, a primeira depuradora, o acceso centro, a segunda depuradora e agora, a senda. Semella que sempre lles toca aos mesmos. ¿Quen estará errado, a Xunta de Galicia ou a maioría de Ourense? Xa que Democracia Ourensana, Partido Socialista de Galicia, Ourense en Común, Bloque Nacionalista Galego, En Marea, Ciudadanos Ourense; así como a Asociación por unha mobilidade responsable e Stop Accidentes xa nos amosaron o seu apoio e rexeitamento desta senda. Aproveitamos a ocasión para convidalos a acompañarnos a coñecer a zona, o que se pretende facer e o que os veciños pedimos que non é máis que seguir as beirarrúas con paradas para turismo, bus urbano, bancos e árbores, mellora do alumeadado e, deste xeito, cremos que mellorará a seguridade *vial* e a imaxe que esta capital termal merece. Desexando un diálogo e achegamento entre as partes, quedan convidados. Paso, tamén, a ler unha nota que nos deixou o párroco de Vista Ferosa e Reza, ten sete puntos e di o seguinte:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*El paseo peatonal en la carretera de Reza no es necesario, pues la gente pasea al lado de río Miño, no por la carretera.*

*Ya hay aceras en bastantes tramos sentido río abajo ¿por qué no se aprovecha lo ya hecho? El pueblo pide aceras, no florituras.*

*Se perjudica a muchas familias al tirar con los muros, deshacer el relax de sus jardines, dejándolos sin espacio delante de sus puertas.*

*¿Dónde aparcar los coches? ¿Dónde las paradas de bus? Este pueblo de Reza ya está bastante probado con la depuradora, la autovía, el paseo del río y, ahora, esto.*

*No estamos contra la autoridad competente ni contra el bien común; estamos contra el proyecto del paseo peatonal, algo sin sentido e innecesario a nuestro entender.*

*Pedimos se repiense el proyecto que, creemos, no agiliza sino que complica la convivencia, la armonía y la comunicación vial.*

Desculpas polos meus nervios, pero nin me dedico á política nin estou acostumbrado a falar en público. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** si, muchas gracias. Nosotros precisamente el otro día, Plácido, fuimos con Auria Tv para hacer allí un reportaje de cómo estaba la situación, todo Orense lo pudo ver. Realmente aquí es lo que se llama un tema de conflicto de intereses, obviamente cuando se quiere hacer una senda *peonil* se supone que es para el bien común el bien general y hay un conflicto de intereses porque hay un problema; es decir, hay unos pros y unos contras y los contras son que muchos vecinos, obviamente, ven afectados sus hogares. En ese sentido hay ese conflicto de intereses, esos pros y esos contras. Normalmente suele imponerse el interés general y muchas veces las expropiaciones están justificadas en la mayoría de los casos. Por ejemplo, el Partido Popular criticaba en el Concello de Ourense que nosotros quisiésemos utilizar la palabra expropiar, cuando el Concello de Ourense está haciendo expedientes de expropiación constantemente, que es algo habitual. Lo decíamos porque tenemos una propuesta electoral de todas las oficinas del Concello que están desperdigadas por Orense, centralizarlas en la Plaza Mayor. Para eso, obviamente, hay que expropiar que es comprar a precio de mercado muchos edificios de la Plaza Mayor y quedaría uno de los

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Ayuntamientos más funcionales y también bonitos de España. Ese es otro tema, el caso es que aquí están justificadas muchas expropiaciones, obviamente, en contra de lo que pueda fastidiar a algunos vecinos. Pero, en este caso, creemos que no es así porque lo que se va a hacer es un sin sentido alguno. Es decir, primero se va a hacer una senda *peonil* cuando, no tiene sentido, porque hay una pasarela 100 metros más abajo, que es realmente la bonita; entonces una senda *peonil* por la zona menos bonita, llena de asfalto cuando tienes al lado del río la naturaleza, no tiene ningún sentido. Por otro lado, efectivamente, la Xunta siempre está gastando en *trapalladas* y mal, por ejemplo, en la Avenida de Otero Pedrayo ahora van a hacer dos rotondas y adecentar aquello cuando lo que hay que hacer es un túnel para producir un boulevard en la parte de arriba, en la zona de las lagunas que es lo que están haciendo en un barrio de Coruña. La Xunta de Galicia en Coruña se gasta 12 millones de euros para hacer un túnel en una zona muy parecida y en la Avenida de Otero Pedrayo nos viene con migajas y nos hace dos rotondas por dos millones de euros; es decir, se gasta seis veces menos. Es realmente la tomadura de pelo, la Xunta de Galicia se va a gastar allí un dinero, que no es mucho, para encima no producir una senda *peonil* que se utilice y, además, algo que va realmente a fastidiar a muchísimos vecinos. El bien común, el servicio público común, no se justifica; entonces tenemos que votar en contra. Pero es que además se produce una aberración. Lo que esta gente necesita son aceras, muchas no hay en esa zona, y lo que no necesita es que la senda *peonil*... primero, tiene muchas veces un ancho modificable; a veces es de 1.80 m. y otras de 1.20, con lo cual ya me dirás tú cómo puedes meter ahí un carril bici, es imposible. Por otro lado, llega a las puertas de los vecinos; es decir la senda *peonil* llegaría justo, justo a la puerta de los vecinos, con lo cual en el momento que abres la puerta y sales ya te puede pasar una bicicleta. Obviamente esto seguridad vial no lo puede permitir. Ya le dije yo a los vecinos, aquí tenéis que salir de casa con un periscopio, antes de salir tenéis que mirar con un periscopio y, si no viene nadie, salir. Es una auténtica aberración y parece realmente surrealista por eso tenemos que votar en contra. Perdona, a favor de la moción, en contra de la senda *peonil*.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do PSOE:** grazas presidente. O noso partido vai a votar a favor da moción, estamos de acordo totalmente co que reclaman os veciños. Soamente dicir, si é que non se dixo, puntualizar que este proxecto foi solicitado polo Concello de Ourense. O Concello de Ourense solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

no documento de itinerarios peonís e ciclistas, solicitou que se incluíra estas *aceras*. Só vamos a dicir varias cousas que nós tamén consideramos que non se dixeron. Preténdese construír esta senda, é unha construción illada, se ben nos planos ten unha continuidade co núcleo urbano, trátase dun proxecto puntual. Tamén dicir que é unha tremenda irresponsabilidade, como lin o proxecto, no que di que vai repercutir nunha mellora da seguridade. É imposible que repercuta nunha mellora da seguridade para os veciños e veciñas que viven nesa zona. A Xunta e o Concello de Ourense conseguiron que un proxecto que tiña que ser beneficioso para os veciños e veciñas de Reza, na realidade sexa todo o contrario. Temos que destacar que o que reclaman os veciños e veciñas que levan tempo reclamando, polo que estivemos vendo, é unha redución da velocidade e que se constrúan beirarrúas na súa zona e alumeado da mesma. Somos conscientes da necesidade da mellora das infraestruturas da zona, pero tamén o proxecto, temos que dicir que non é o máis idóneo. Polo cal, reitero que vamos a votar a favor desta moción. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. A verdade, señor Rodríguez Suárez, é que non entendo moi ben o propósito da súa moción; ou si. Si comprendemos, como é lóxico e natural e non o dicimos porque estean aquí, que os veciños de Reza amosen a súa preocupación por un proxecto que vai ter unha incidencia directa importante na súa contorna e no seu día a día. Claro que si, eu tamén o estaría. Pero o que non entendo é que traian aquí unha moción acerca dun proxecto elaborado pola Xunta de Galicia para desenvolver nun concello concreto, nesta volta o concello de Ourense, e que afecta a un núcleo do extrarradio como Reza. Digo eu que presentarán aquí esta iniciativa, señor Rodríguez Suárez, por puro oportunismo político (as municipais están aí) ao carecer de representación no Concello de Ourense, teño que pensalo así. Polo tanto, señor Rodríguez Suárez, o máis lóxico sería que se dirixiran á Xunta de Galicia, onde teñen representación, e tamén ao Concello de Ourense polas vías que vostedes entendan e non a esta Deputación. Pero no fondo, no fondo como digo, entendo esa iniciativa. Cada un fai barullo onde pode. Aínda así, voulle a explicar que a senda de Reza está proxectada como unha actuación de seguridade viaria necesaria; posto que nesa zona hai moitos treitos sen beirarrúas ou con beirarrúas ocupadas por vehículos mal estacionados (solo fai falta ir por alí). Do que se trata é de crear un espazo para que os peóns circulen con seguridade e, ao mesmo tempo, axude a mellorar as condicións de conexión das vivendas colindantes. Diso se trata. O proxecto, sometido a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

información pública, propón a construción dunha senda de uso peonil -e recalco, peonil- en resposta a unha demanda (iso dinme) de veciños dese barrio, polo menos dalgúns. Como en todas as sendas proxectadas pola Xunta, cando se dan as condicións oportunas, prevese como secundario un uso ciclista non deportivo e limitado a unha velocidade máxima de non máis de 10km/h, a que acada unha persoa correndo. Superando esa velocidade, o ciclista está obrigado a circular polo mesmo carril que os coches; xa que sería incompatible co uso peonil que é prioritario. Polo tanto, a senda proxectada pola Xunta de Galicia no barrio de Reza é un camiño continuo e seguro para peóns. Non se trata, en ningún caso, dun carril bici, senón que pretende resolver unha mellora notable na zona, relacionada coa seguridade viaria e a mobilidade alternativa e accesible de Reza. Nestas condicións a Xunta de Galicia está desenvolvendo máis de 100km de senda en toda a Comunidade e, por certo, as únicas reclamacións recibidas son para solicitar a execución de máis treitos. Por poñerlle un exemplo, señor Rodríguez Suárez que é a quen teño que dirixirme, pregúntelle ao alcalde de Carballo, do seu partido, se quere aínda máis sendas en condicións moi similares; aínda que non iguais, tamén é certo. Trátase, en todo caso, dun proxecto en proceso de información pública, e recalco tamén isto, de información pública. Insisto, unha vez máis, o proxecto aínda está en fase de redacción, non está rematado nin aprobado. Os veciños e as entidades que queiran poden facer chegar as súas recomendacións ou alegacións (nese camiño o noso apoio total e claro). Rematado o prazo para presentar alegacións, os técnicos especializados neste tipo de vías – que non políticos, digo técnicos - estudarán e responderán cada unha delas e se incorporarán as alegacións axeitadas para mellorar o proxecto; ben sexa para corrección de omisións, ou ben para solucionar novas necesidades non previstas. A Xunta de Galicia xa ten manifestado en reiteradas ocasións a súa vontade de análise e mellora do proxecto e o que deberían facer os partidos políticos, como o señor Rodríguez Suárez e tamén os señores do Grupo Socialista, non é outra cousa que aproveitar esa disposición da Xunta de Galicia á mellora e axudar aos veciños a participar, non crear alarmas ás veces inxustificadas ou innecesarias. Colaboración si, outras cousas non. Por certo, que as súas críticas á ocupación dos bens e dereitos polo trámite de urxencia amosan un descoñecemento total dos sistemas empregados polas administracións públicas para o impulso de novas infraestruturas. En proxectos e obras de interese xeral é un procedemento habitual do que non teñen por que saber os veciños dado que xa non é a súa misión, pero os que temos responsabilidades dalgún tipo,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

si. Polo tanto, señor Rodríguez Suárez, sexamos un pouquiño máis responsables; axudar aos veciños non é facer barullo, é colaborar con eles. Moitas grazas, de momento

**D. Jorge Rodríguez Naval, directivo da Asociación Veciñal 15 de Agosto:** ben, nós non estamos en contra das sendas; estamos en contra desta senda que queren facer peonil e ciclista. En ningún momento contouse cos veciños para un investimento desta categoría. Cremos que, se nos preguntaran antes de publica - lo proxecto poderíamos ter solucionado moitos erros. Claro que fixemos un montón de alegacións como asociación de veciños e como diversos veciños particulares ou diversos colectivos. Pero iso non quita de que os técnicos teñan erros; como por exemplo é a parada do autobús que hoxe para no medio e medio da *carretera*, non ten *arcén*, non ten lugar onde aparcar. Coa senda non se soluciona. Se non hai, nun quilómetro e medio, onde parar un coche, nin do lado esquerdo nin do dereito e coa senda segue sen habelos... As autocaravanas cando preguntan para ir ata as termas de Outraiz, que están bastante mal indicadas tamén, ¿onde seguen parando? No medio da *carretera*. A seguridade *vial*, por contra, vai ser moito peor. Non sei como non se ve. Seguimos convidándoos a que veñades, calquera de vós, e nós vemos as *aceras* que se fixeron no primeiro quilómetro e o resto como está; o que pedimos e o que a Xunta quere facer. Non pedimos ningunha cousa doutro mundo, seguridade *vial* e iso, coa senda, non se logra. Polo momento iso.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** hola, sí. ¿Sabéis dónde está el responsable de esta senda? Plácido, ¿sabes dónde está? Camino a China e mira o que pon no Facebook Jesús Vázquez, alcalde de Orense: *Ourense contará cunha senda peonil en Reza de 2.2 km que se complementará con outra luminiscente, pioneira en Galicia, de 350 metros de acceso ás termas*. É a paranoia del, que está de aquí, aunque no sirva para nada y *escaralle* la vía entre los vecinos, que luego fusione con otra donde todo va estar iluminadito, la primera en Galicia, 350 metros. Es lo que le va a este, el folclore. El que organizó todo esto es el rollo del folclore. La primera persona en España que hace unos presupuestos con logotipo y slogan, nunca vio nada igual. Pues esta persona es el artífice de la senda *peonil* que anuncia aquí en su Facebook. Se va a China en la mayor crisis institucional del Concello de Ourense, con los presupuestos sin aprobar – los trajo por vía de urgencia, ya no puede hacer moción de confianza - e o tipo o primeiro que fai vaise a China. Pois aí o tes, deixa o rollo aí da senda *peonil*, non ten nin idea, vai joder aos veciños,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

non serve realmente para nada porque a xente para andar vai andar polo Paseo das Ninfas y él aquí anunciando que va a fusionar con otro en el que van a aparecer lucecitas, que es para lo que le sirve esto, para el folclore. Una persona que, todo él, es obviamente una persona que vive en lo superfluo. Nada más.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas. Eu soamente dicir, xa para rematar, non entrar máis neste tema porque creo que os veciños xa se expresaron, nós non utilizamos aos veciños; creo que aquí se expresaron libremente das súas inquedanzas e que buscan. O que está claro é que eles reclaman outra alternativa, non din que non a senda – o que dicían eles - reclaman que hai outra alternativa; de feito, se non recordo mal presentaron tres alternativas ao proxecto. Nada máis. Moitas grazas

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Sen ánimo de ser pesado, intentarei dar datos que me facilitan porque, como é mester, non é un tema que nos afecte directamente á Deputación; aínda que para iso estamos e por iso estamos debatendo o tema. Estou totalmente de acordo cos veciños no sentido de que, probablemente, se debeu falar antes deste tema e non tanto agora; senón máis antes. En todo caso, quixera dicir o seguinte, houbo reunións creo que alá polo 8 de maio xa houbo algunha máis e non sei con que resultado. En todo caso, alégrome de que sigan presentando alegacións e espero que lle sexan escoitada porque iso é o que, a min persoalmente, me parece correcto. En todo caso, como digo, podemos aceptar que estamos tratando dun proxecto de interese xeral para toda a cidade, pois conecta unha área urbana cun dos espazos de maior potencialidade dende o punto de vista turístico-termal como é Outariz. É dicir, un proxecto que ten a súa incidencia nun recurso natural e turístico co que estamos plenamente *volcados*, e falo do termalismo. Entendemos tamén, considero importante destacalo, que esta iniciativa vai máis aló dunha simples beirarrúas, pois ofrecerase unha imaxe innovadora e moito máis amable desa zona tanto para o *disfrute* dos veciños máis próximos, como todos os ourensáns, se ao final se concreta a actuación. De feito, para este proxecto tívose en conta a situación actual de mínima seguridade viaria, que aquí se nos lembrou, e grande risco para os peóns; pois na maior parte deste treito non existe beiravía ou é minúscula, estando en moitas ocasión ocupadas, como xa dixen antes, por coches mal aparcados así que os peóns véñense na obriga de camiñar pola beira do carril da estrada. Ademais, as beirarrúas existentes, tamén hai que dicilo, incumpren flagrantemente a lei de accesibilidade. Pouco máis que engadir, xa que como vostedes ben

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

saben, aínda que teimen nesta liña de oposición, a nosa máxima para este tipo de cuestións, señor Rodríguez Suárez e señores do Grupo Socialista, é o respecto máximo á autonomía municipal. Con todo, e segundo nos contan, e digo segundo nos contan dende o goberno municipal, diante das dúbidas xeradas polo proxecto, os veciños non só foron recibidos polos técnicos da Xunta, senón que estes, os técnicos, trasladáronse a Reza (creo recordar que o 19 de abril) para falar cos veciños e darlle conta polo miúdo das obras a realizar e como lles afectaría a senda que se vai a construír, ou que se pretende construír. ¿Foi suficiente esa reunión? Estou seguro que non, deberá haber máis. Por certo, os propios veciños agradeceron, iso dinme tamén, en declaración a unha televisión local, a disposición amosada en todo momento polos técnicos da Xunta para informar da iniciativa da Consellería de Infraestruturas. Fixérono e non tiñan por que facelo, é a obrigaón das administracións públicas. Na procura dese proceso participativo, ao que eu apelo, e de mellora do proxecto do que xa falei os representantes do Concello e dos veciños mantiveron tamén outra reunión o 4 de maio e, dese encontro, saíron unha serie de ideas que entendo e supoño que agora serán trasladadas á Xunta. Así debería ser. Por outra parte, os representantes do Concello animaron aos veciños que presenten as alegacións que estimasen oportunas ao proxecto e recolleron unha das súas principais preocupacións, así me din, á marxe de, como digo, como serían as expropiacións de terreos como era o paso de ciclistas ás portas das súas casas e á entrada dos garaxes e fincas. Como xa dixemos, esta senda será fundamentalmente peonil se vai a bo porto. Aparcadoiros, mellora de paradas de autobús existentes neste percorrido e a inclusión de zonas de descanso, mesmo con axeitadas sombras para aliviar o sol de verán que nos ameaza, foron outras das ideas que xurdiron nesa reunión. Así están as cousas, señor Rodríguez Suárez, señores do Grupo Socialista. Nós non imos apoiar a petición de paralización dun proxecto no que as partes afectadas formularon, e seguirán formulando, as súas propostas e que terán que negociar coa Xunta de Galicia e co Concello na procura dun proxecto que sexa de agrado de todos. Así debe ser. Polo tanto, señor Rodríguez Suárez, vólvo a dicir, aínda entendendo as súas présas por facerse ver antes do vindeiro mes de maio do ano que vén, menos oportunismo político e máis achegas en positivo cos veciños de Reza e cos restantes desta provincia. Moitas grazas.

**D. Jorge Rodríguez Naval, directivo da Asociación Veciñal 15 de Agosto:** ben, vostede insiste en que os coches están mal aparcados e o perigo que leva para os peóns. Volvo tamén insistir en que, coa senda, iso non se soluciona porque os coches seguen sen

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

ter onde aparcarse e estarán mal aparcados, no só os coches, os vehículos máis grandes de servizos. Ou sexa que esta senda non vai solucionar ningún problema de seguridade *vial*; iso creo que o temos todos asumido, senón volvo convidarvos a que veñades ata alí e ver *in situ* que é a mellor maneira que hai. Nós, se nos diriximos aquí, á Deputación, é porque o señor Baltar é presidente do Partido Popular que é o mesmo partido que goberna na Xunta para que nos apoie. Somos veciños de Reza e somos veciños da provincia igual e este é o Concello de Concellos, como ten dito moitas veces: polo tanto, por iso vimos aquí. De todas formas, vaise levar a Pleno tamén do Concello e tamén ao Parlamento de Galicia. Nós non consideramos que nos estea utilizando, para nada, ningún partido político; senón que están vendo o que calquera persoa que entendemos que vexa ben, vese perfectamente, só teñen que vir ata alí; repito, veñan e vexan e despois falamos de seguridade *vial*. Será unha senda preciosa, igual que hoxe. No primeiro tramo hai unhas árbores que levamos pedido dende esta Asociación, dende que se puxeron, a súa poda todos os anos; nunca se podaron. Aínda hoxe poden ir a ver que pasan autobuses e camións que son os que podan todas as árbores. Despois, nesta famosa senda que vai levar medio metro de verde ¿quen se vai encargarse de mantemento? Porque o Concello di que non é deles que é da Xunta e a Xunta tampouco o fai. ¿Esa é a senda que nos queren proxectar? ¿Esa é a imaxe de entorno termal, de capital termal que queremos dar aos nosos visitantes? Eu penso que o mellor é que veñan a velo. Grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

|   |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018 |
|---|

**7º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA A ESTABLECER UN PROGRAMA ESPECÍFICO DE AXUDA AOS CONCELLOS PARA A CREACIÓN, RECUPERACIÓN E MANTEMENTO DE FONTES EN ESPAZOS PÚBLICOS, ASÍ COMO O ACONDICIONAMENTO COHERENTE DA SÚA CONTORNA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoñan o contido da moción.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas. Bos días a todos. Cambiamos de tema e vamos a falar de auga e vamos a falar de fontes. Vou dar por suposto que todos teñen a moción e xa lle deron unha lectura; sinxelamente vou a repasar un pouco o seu contido. A nosa moción empeza falando da importancia da auga, unha importancia na que estou seguro que non fai falta insistir. A auga é o que posibilita a vida no noso planeta, como ben saben, é necesaria para os seres vivos e, sobre todo, para os seres humanos. Segue falando a nosa moción da importancia que tivo a auga na historia, ata chegar a darlle valor relixioso, valor místico, convertela en fogar de deidades. E logo xa, a moción segue falando dunha función que tiveron as fontes, a parte da obvia de subministrar un elemento tan necesario para a vida -o líquido elemento por antonomasia que lle soen chamar- que foi o labor de cohesión, dende o punto de vista social, das fontes. As fontes públicas, habitualmente situadas nas prazas, nos cruces de camiños, en lugares estratéxicos, curiosamente a auga non nace en calquera sitio, a auga nace onde nace, non é que puxeran as fontes en lugares especialmente importantes; é que os lugares importantes fixérense onde había fontes, a relación causa-efecto é ao revés. Alí onde hai auga asentábanse poboacións, alí podía florecer a vida social. As fontes tiveron, como todo o mundo sabe -sobre todo no *entorno* rural- unha función de cohesión social onde todo o mundo sabe que en torno ás fontes facíanse as conversas, facíanse os xogos dos rapaces, etc... e por iso as fontes e os seus *entornos* inmediatos foron sempre moi ornamentados e sede de xogos, de ludismo, de concellos, concellos no sentido que lle daban os nosos paisanos, de reunións para decidir asuntos comúns. Iso foise perdendo dende o momento en que, fai unhas décadas xa, as casas foron habilitadas para ter, o que se lle chama, auga corrente. Todo o mundo empezou a ter auga corrente nas súas casas e o correspondente saneamento, de feito foi unha obrigaón por parte das administracións

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

públicas; aínda que sabemos que na nosa provincia hai lugares onde aínda teñen que usar pozos privados, ou algunhas veces en casos puntuais de seca, ao mellor hai que levar cisternas; pero en principio teñen esa obrigaón, a Administración ten esa obrigaón de proporcionar un líquido tan importante a todos os domicilios. Hai un aspecto que se está abandonando que é a auga nos espazos públicos. A auga nos espazos públicos é un dereito que recoñece a Organización Mundial da Saúde, tal e como se di na moción, por diversas razóns; é dicir, un pode estar en calquera momento fóra da súa casa, fóra da súa poboación habitual, chegar a unha poboación estraña e necesitar beber, ou chegar a un entorno público e necesitar beber e debe haber un lugar no que poder satisfacer esa necesidade tan básica. Xa digo que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas e a OMS, tal e como se di na moción, fala do dereito a dispoñer de forma continua de auga suficiente, salubre, fisicamente accesible e de calidade aceptable para uso persoal e doméstico. Como dicía antes, cando se empezou a poñer a auga corrente nas casas, abandonouse un pouco as fontes e o que fora un lugar de lecer, uns lugares de encontro social, de cohesión social, fóronse abandonando e agora son habitualmente, ás veces, vertedoiros. Moitas secaron, como vostedes saberán moitas secaron polo seu abandono, pola súa falta de uso. Algúns lugares convertéronse en lugares de reunións pero nun sentido ao revés, en lugares de actos vandálicos, etc.. Entón pensamos que se precisa que é desexable unha recuperación desas fontes tan fermosas que sempre adornaron os nosos pobos, os nosos camiños, os nosos lugares para recuperar, por un lado, ese labor de cohesión; por outro lado pola labor de climatización e de representación simbólica dos espazos públicos que teñen, un pouco revertir esa tendencia cara ao desapego, o vandalismo, etc nas que moitas delas convertéronse. Aquí na moción fálase de que as fontes en todas as partes do mundo son incluso importantes recursos turísticos. Non fai falta moito máis que dicir acerca da importancia que teñen eses lugares e as súas contornas. Entón vou un pouco xa a ler a nosa proposta: que a Deputación de Ourense estableza un programa específico de axuda para os concellos, para a creación, recuperación e mantemento das fontes en espazos públicos; así como o acondicionamento coherente dos seus *entornos* (non é soamente a fonte, senón que é o *entorno* que as rodea) para garantir o dereito universal á auga potable de calidade, promover o recreo, a cohesión social e o turismo en base á argumentación despregada na exposición de motivos. Todos sabemos, como dixen antes, que esas fontes son lugares moi bonitos para visitar

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

habitualmente. Todos sabemos que onde había unha fonte adoitaban a pararse os vehículos para descansar, mesmo para coller auga. Non hai lugar especialmente atractivo no que non haxa unha fonte cerca, a auga ten, digamos, ese poder de convocatoria. Xa que o señor Plácido fala tanto de Muíños, alí no Alto da Clamadoira hai unha fonte que, recentemente que fun por alí, vira un pouco desatendida, ata creo que botaba pouco de auga. Aquel lugar é un lugar precioso e aquela fonte xa é unha das que podería entrar aquí na moción. As axudas que se darían aos concellos serían:

1. Creación de fontes de auga potable e áreas de lecer en lugares nos que non existan e se precisen.
2. Recuperación da contorna neses lugares nos que o abandono ou o vandalismo o teñan degradado.
3. Costear estudos acerca da potabilidade da auga nas fontes nas que esa potabilidade sexa dubidosa.
4. Potabilización da auga nos casos nos que os estudos previos enténdano posible.
5. Ampliación das contornas recreativas asociados a esas fontes.
6. Creación de fontes ornamentais en aras da súa función simbólica, socializadora, climatizadora.

Na moción recórdase, con bastantes exemplos, o valor simbólico das fontes, o *símbolo masa* que lle chamaba tamén Canetti. Ponse de manifesto por exemplo cando hai un triunfo dun equipo de fútbol, un acontecemento deportivo, que a xente reúnese nas fontes se mesmo se tira ás fontes cando gaña un equipo de fútbol do que son partidarios.

7. Ou calquera outra medida que o concello fundamente para contribuír poñer en valor ou en uso as fontes públicas e as súas contornas.

De momento nada máis. Grazas

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Como xa explicou o portavoz de Democracia Ourensana, hai moitos anos, cando o abastecemento era practicamente exclusivo a través das fontes, non había máis remedio que ir a por auga para beber e para darlle ao gando; aínda que, tamén, como xa dixo el, era a ocasión idónea para falar co veciño. As fontes, os lavadoiros e abrevadeiros formaron parte da

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

cotidianidade dos nosos pobos, ata fai ben pouco, participando de todos aqueles fenómenos culturais que configuran e configuraron a nosa sociedade. Hoxe en día, a auga xa non goza, por desgraza, da mesma consideración e a maioría das veces pásanos inadvertida, sen apenas dedicar un segundo a pensar nela. Entre outros motivos, isto débese a que obtemos toda a que necesitamos dun xeito rápido e sen esforzo, co simple xesto de abrir unha billa. Pero, antes da chegada do auga corrente aos domicilios e ata fai ben pouco, a situación era xusto a contraria. Conseguir auga para beber, para cocinar era unha actividade prioritaria, á que as familias dedicaban moito tempo e enerxía, indo diariamente á fonte a por auga para as persoas e animais. Máis alá desta cuestión idílica, moitos veciños adoitan contemplar estas fontes como unha alternativa máis saudable á auga da traída, sen reparar en que o consumo de moitas destas fontes resultan pouco recomendable, cando non directamente perigoso. A Consellería de Sanidade, no que atinxe á sinalización das fontes públicas, referíndose ao Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, establece que a auga deberá ser salubre e limpa polo que non deberá conter ningún tipo de microorganismo, parasito ou substancia nunha cantidade ou concentración que poida supoñer un risco para a saúde humana. Tamén fala dos distintos tipos de fontes naturais, ás que define como unha captación non utilizada con fins comerciais e non conectada a depósitos, cisternas ou redes de distribución e distingue dous tipos de fontes naturais, as que teñen tratamento de potabilización e as que non o teñen. Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos asumen as competencias en protección da salubridade pública e abastecemento de auga a domicilio. Por iso os concellos para evitar riscos potenciais e así asegurar a protección desa saúde que lle encomenda a lexislación, no seu territorio deben conservar, rexistrar e sinalizar adecuadamente as fontes públicas, competencias en protección da salubridade pública e abastecemento de auga. Nas fontes naturais, sen ningún tipo de tratamento de potabilización, non se pode garantir a calidade da auga por non estar, precisamente, potabilizadas. Por iso sempre deberán estar sinaladas adecuadamente. Naquelas nas que o concello teña constancia de que son utilizadas para consumo de auga habitual, recoméndase realizar autocontrois periódico dúas veces ao ano. O artigo 36 da Lei 7/1985 establece que é tamén competencia propia das Deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Tamén a propia Deputación ten unha ampla experiencia, a través de Aquaourense, no tratamento de augas. Por iso nós entendemos que é unha moción que se pode asumir perfectamente por esta casa. Estamos de acordo con todos os acordos que se propoñen, neste caso, por parte de Democracia Ourensana e por iso vamos a votar a favor desta moción. Nada máis. moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Bos días señoras e señores deputados e resto das persoas que nos acompañan aquí nesta sala. Primeiro, con permiso do señor presidente e co do resto dos compañeiros deputados e deputadas, quería pedirlle desculpas ao voceiro, señor Plácido, por ter interrompido a súa intervención anterior. Pero tamén lle quería facer dúas consideracións, primeiro, transparencia total, si, transparencia total, sigo pedindo transparencia total; pero a mesma transparencia que esiximos e debemos facer os grupos políticos da Deputación, debemos esixir a mesma transparencia e a mesma responsabilidade ao diñeiro público que este grupo político imos doar aos nosos partidos. Entón, o mesmo que quero para min como grupo pertencente ao Partido Socialista nesta Deputación, de control de todos os gastos e con todas as xustificacións, tamén pretendo que o diñeiro que se lle vai a dar ao meu partido político xustifique tamén todos os diñeiros onde e como os vai a empregar con todo tipo de xustificacións. Iso é ao que me quería referir. A segunda reflexión, co beneplácito de todos vostedes, dicía o señor Plácido que, ás veces, os polos extremos póñense de acordo; como nesta ocasión aquí o PP e o BNG. Señor Plácido, un día invítooo eu a comer no meu concello, alí tamén hai un acordo de grupos extremos, do PP co Bloque Nacionalista Galego. Agora, retomo a moción do tema que nos presenta Democracia Ourensana. Como xa se falou aquí das distintas normativas que rexen o tema da salubridade pública e abastecemento da auga de domicilio, non vou a repetilas; pero si facer un pequeno rexeitamento. Falar do Real decreto 140/2013, do 7 de febreiro, polo que se establecen os requisitos sanitarios das augas de consumo, excluindo do ámbito de aplicación desta normativa aquelas augas procedentes das fontes naturais que subministren, como media, menos de 10.000 m<sup>3</sup> diarios de auga, ou que abastecen a menos de 50 persoas; excepto cando se perciba un risco potencial para a saúde, en cuxo caso a autoridade sanitaria requirirá á administración local que adoite as medidas necesarias para o cumprimento deste Real Decreto. É dicir que as fontes están baixo a responsabilidade dos concellos. Por todo isto, os concellos, para evitar riscos potenciais para a saúde a así asegurar a protección da saúde da poboación do

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

seu territorio, deberán conservar, rexistrar e sinalizar adecuadamente as fontes públicas. Sendo isto deste xeito, é preciso que a Deputación, como concello de concellos, asista e proporcione o apoio suficiente aos concellos para que poidan garantir tanto a salubridade pública como o abastecemento da auga no domicilio. Por desgraza, tiveron que comprobar como veciña e edil de Ramirás o alcance destas competencias, xa que foron as propias análises feitas por esta Deputación as que sinalaron a presenza de arsénico de xeito continuado na auga que abastecía varios núcleos do meu concello o ano pasado e aínda estamos por ver que vai suceder este ano, unha vez que pasen as choivas. O comportamento do concello neste caso foi intolerable, tardando e pondo en risco a saúde da veciñanza e propondo medidas de escaso alcance ao mesmo tempo e fóra de todo lugar sen asumir responsabilidades. Foi o noso grupo, de feito, o que tivo que convocar o pleno extraordinario para adoptarmos as medidas de urxencia. Non podemo dicir que non atopase colaboración nesta Deputación á hora de facilitarme as pertinentes análises, pero consideremos que, se queremos evitar este tipo de situacións, esta Deputación ten que asumir unha maior responsabilidade para coa auga pública desta provincia. Aínda hai moitos concellos, sobre todo nos seus núcleos rurais, onde a propiedade e a titularidade da auga vén derivada de usos e costumes e mantéñena asociacións de veciños, comuneiros que pagaron entre todos a depuración e a canalización da auga. Aínda quedan aldeas onde se reparte o uso da auga da rega mediante sistemas de acordos de hai moitos anos e onde non se dá a basto para limpar a riqueza de fontes e mananciais públicos que temos na nosa provincia. Temos que ser quen de xestionar estas distintas realidades á casuística e establecer un sistema claro e preciso que nos permita coñecer a titularidade da auga de uso público en todos os casos e dar solucións diferentes ás diferentes demandas; tanto por parte da veciñanza, como por parte dos concellos á hora de administrar este recurso imprescindible. Aínda así, non cómpre esquecer que o cambio climático está atacando de xeito preocupante á nosa provincia; sendo unha das máis afectadas pola seca o pasado verán e que estamos en risco de volver a padecela. A auga ten un uso social e comunitario. No caso das fontes, de alivio cando os pozos ou a auga da traída de abastecemento e, por suposto, tamén se ven afectadas pola seca. Todos e todas coñecemos casos de mananciais que levan anos secos ou con pouca cantidade de auga, pero que sempre supuxeron unha alternativa nos casos de restricións, algo que se vai a facer máis frecuente nos últimos anos. Nas cidades e nas vilas de Ourense, non son poucas as persoas que se achegan ás aldeas, ou aos núcleos máis rurais para abastecer de auga de consumo cando

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

chegan as restricións ou por preferencia na calidade destes mananciais de auga, que ás veces a auga da traída é demasiado tratada e ten mal padal. Moita xente fala que as guerras do futuro inmediato, e moitos conflitos que xa se están producindo no mundo, van vir pola escaseza de auga nun mundo cada vez máis golpeado pola acción da contaminación provocada polas actividades do ser humano. Debemos ser quen de protexer, coidar, manter estes recursos e o patrimonio que levan asociados; no caso das fontes e lavadoiros públicos, máis aínda, polo aspecto cultural e social, como din os compañeiros de Democracia Ourensana, e tamén polo valor incalculable de termos unha auga pública, provinte de fontes naturais de gran calidade. Neste aspecto cómpre sinalar que, a pesares de que é competencia dos concellos, a Xunta a través da Consellería de Sanidade debería facer un esforzo por aclarar as diferentes clasificacións que fai destas fontes naturais porque, en non poucos casos, atopámonos con fontes sen garantías sanitarias; é dicir, sen potabilizar. Para que nos fagamos unha idea, ao redor do 75% da fontes do Camiño de Santiago – datos do 2016 - son fontes sen tratamento de potabilización, é dicir, sen garantías sanitarias, o 75%. Estamos fartos e fartas de coñecer casos que entran dentro desa clasificación que xeran dúbidas nos usuarios; moitos e moitas seguen a facer uso deses mananciais polo costume, porque sempre as usaron e seguirano facendo. Para evitar os riscos, habería que implementar un sistema de axudas aos concellos e velar polo control sanitario de todas as fontes do seu termo municipal e soste a limpeza deses mananciais e os controis adecuados. Quérolle mostrar unhas fotos onde a Consellería de Sanidade publica que teñen que ter as fontes. Unha das fotos é un *grifo* cun vaso de auga caendo a auga e pon: *auga apta para o consumo*; é dicir, potable. Temos o *grifo* e collendo a auga debaixo. Outra das sinalizacións, auga sen garantía, temos o mesmo *grifo* co vaso debaixo, pero cruzada cunha aspa, sen garantía sanitaria. Despois temos a última onde é o mesmo *grifo*, pero cao aspa sen poñer a auga, non apta para o consumo. Este tipo de sinalizacións que ten a Consellería de Sanidade e ás que nos estabamos referindo que poñían dúbidas. É dicir, os concellos, como non teñen recursos para facer os controis sanitarios da auga das fontes, o que poñen é o segundo, é dicir: auga sen control sanitario. Pero auga sen control sanitario non significa que sexa auga potable, senón simplemente que non está analizada. Diso nos estamos a referir de que vamos a votar a favor de esta moción de Democracia Ourensana porque, señor presidente, nós pensamos que realmente esta Deputación debere ofertar unha axuda económica para que todos os concellos da nosa

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

provincia puideran facer unha análise de todas as fontes e poder identificar se son aptas para o consumo ou se non son aptas para o consumo. A foto de augas sen garantías sanitarias debера de non existir en ningún concello porque o único que fai é prestarse a confusión. Por agora, moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. A ver se vamos abreviando. Señor Ojea, debo recoñecer que o ensaio, non sei se chamalo, vostede que é moi dado a estas *palabrejas*, entre comiñas, dígoo por romper un pouco o xeo, ou a calor, antropolóxico, sociolóxico ou cultural que trae vostede a este pleno sobre as fontes públicas e a auga resulta do máis apaixonante, poderíamos dicir así. Ten todo a razón cando di que a auga é vital para os seres humanos, só temos que mirar que todos estamos aquí, sobre todo eu que son o que máis bebo, auga, entre outras cousas, ás veces. Bromas aparte, a verdade é que conseguíu vostede despistarnos un pouco coa súa moción que define como unha proposta para poñer en marcha un plan de creación, mantemento e recuperación das fontes públicas; así como o acondicionamento coherente –dígoo textualmente, chámame a atención iso de coherente- da contorna desas fontes. Por certo que no seu ensaio esqueceuse vostede de algo moi importante, dos lavadoiros que eses si eran, especialmente e non ata fai moito, o punto de reunión e o centro de parladoiros, como vostede sabe, aínda que tan só fose dunha parte da poboación, máis ben das mulleres porque, daquelas, a igualdade de ir lavar os homes, aínda non estaba moi ao corrente. Xa lle adianto que non imos votar a favor da súa proposta, entre outras razóns, porque, como tamén dixen ao señor Rodríguez Suárez, mantemos a máxima do respecto total e absoluto á autonomía municipal. Non pode ser doutro xeito. Os concellos, señor Ojea, teñen garantido o principio e autonomía para xestionar os seus asuntos públicos; mesmo a veciñanza xoga o seu papel no deseño daqueles espazos públicos que identifican e forman parte da identidade do seu pobo. E as fontes e espazos públicos dos que nos fala son un espazo público municipal e veciñal por excelencia. Ninguén mellor que os concellos e os veciños para valorar as necesidades de crear, recuperar, ampliar ou poñer en valor as súas fontes públicas e as súas contornas. Para o financiamento destes proxectos, os concellos poden recorrer aos fondos propios, ou ben buscar outras alternativas e aquí si entra a Deputación; pois calquera concello pode incluír este tipo de obras nos seus plans provinciais de obras e servizos, nos plans de empregabilidade para utilizar man de obra, solicitar a intervención de parques e xardíns desta casa para labores de acondicionamento, ou incluso

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

presentar un proxecto independente na procura dunha subvención nominativa, como vostedes saben, algunha se concedeu neste Pleno. Creo que queda bastante claro o papel que xoga esta institución no tocante ao tema das fontes e da súa contorna; outra cousa é o tema da auga. En primeiro lugar, hoxe e por regra xeral as fontes públicas non teñen, como di vostede, a función de abastecemento de auga potable ás persoas. Un dato, nos 2.069 núcleos de poboación que existen na provincia de Ourense, digo 2.069, só 15 - datos que nos facilita o Servizo de Augas desta Deputación - só 15 non teñen abastecemento municipal ou veciñal, o que vén así a significar que se abastecen de augas procedentes de pozos particulares. Segundo Augas de Galicia, na Consellería de Medio Ambiente, o 79% da poboación total de Ourense ten acceso á auga a través de abastecemento municipal, digo o 79%, o 20% abastécese de redes xestionadas polos veciños que, en moitas ocasións, contan con axuda dos concellos para a súa reforma ou reparación e tamén desta Deputación, tamén desta Deputación. Tan só un 1% dos ourensáns abastécese mediante pozos ou mananciais privados. Con estes datos creo que queda claro que as fontes non son utilizadas hoxe en día como un sistema de abastecemento de auga potable, para nada. Miren vostedes, volvendo aos datos, pero desta volta controlados pola Deputación provincial, dos 2.069 núcleos de poboación aos que me referían antes, 1.329 posúen fontes públicas, algunhas desa 1.329 están varias nalgún núcleo, por exemplo Muíños, señor Ojea; aínda que a que vostede viu, non a viu mal coidada, viuna seca que non é o mesmo (si, porque aínda non cheguei a conseguir que os mananciais boten cando a min me dea a gana, pero seguirei no intento). ¿Sabe cal é o problema destas augas? O problema é garantir no tempo a súa potabilidade; xa que hoxe mesmo podemos facer unha análise e obter un resultado positivo e mañá, por calquera vertido ou microorganismo, señora Gil, deixa de ser apta para o consumo humano. Iso sabémolo todos e os que vivimos no rural máis. É dicir, para unha garantía sanitaria nos tempos das augas procedentes dos mananciais, teríamos que estar a facer análises case diarias; cando, como xa vimos o 99% dos habitantes desta provincia teñen garantida a potabilidade do abastecemento, aínda que iso non exclúe, para nada, que sigamos analizando periodicamente os mananciais das fontes públicas. De momento nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourenzana:** di o señor Plácido que o 90% da poboación ten garantida a auga, pero é que ten que ser o 100% porque a auga é un dereito básico. Como dicía antes, a Organización Mundial da Saúde establece que a auga debe ser accesible nos espazos públicos, porque a auga é como o aire.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

Dende logo que todos os domicilios, por lei, deben ter auga corrente; pero, mire, hai xente por exemplo que é desafiuzada do domicilio e ten que durmir na rúa, entón ¿como accede á auga? ¿Estame escoitando, señor Plácido? A xente que é desafiuzada do seu domicilio, poñamos nun caso ¿que ten que ir comprar a auga a un bar? A auga non pode ser un produto comercial que haxa que comprar. Se un quere comprar auga comercial como esta, pode comprala; pero é un dereito fundamental como o aire, entón como ten que ser garantida, é un dereito que ten que ser garantido ao 100%, non ao 90%, ao 100% da poboación mundial, índonos xa a un tema moito máis alá que do que son as competencias dunha Deputación. Hai que partir diso, que o dereito á auga é un dereito básico, universal que ten que estar garantido e ten que estar garantido en espazos públicos. A nós parécenos algo evidente e creo que a vostedes tamén, porque o feito de que se leve auga ás casas privadas, non quita que teña que haber auga accesible nos espazos públicos. A auga das casas privadas págase, loxicamente, o que se paga fundamentalmente non é a auga en si, senón o valor engadido de transportala dende onde nace ata onde se consume, ademais do conseguente tratamento de depuración. Como digo, é un dereito tan básico que non podemos deixar de defendelo nos seus espazos públicos. Puña ese exemplo concreto, como di vostede, para quitar un pouco de tensión, o exemplo concreto da fonte da Clamadoira. Efectivamente eu vina seca, pero dixen, ao mellor cando eu a vin, logo volveu a botar auga. Recordo que, cando a vin, esa fonte eu vina botando bastante auga. O que dicía antes, se se descoidan eses lugares, acaban secando; iso sabíanos os nosos antergos. Non é que me esquecera dos lavadoiros, é que a moción vai polas fontes e, precisamente, por ese dereito de consumo que debe ter o 100% da xente. A función de lavar é outra que podería ser tratada noutra moción, ou efectivamente ten razón que podería ser incluída aquí, dende logo, porque os lavadoiros eran unha fonte especial de encontro público, un dos primeiros entornos socializadores, como vostede di era lugar para as mulleres e para os nenos porque os rapaces íamos alí a axudarlle a retorcer as *sábanas*, eramos os rapaces os que tiñamos que coller por un lado para que tal... e, ademais, eramos o rapaces as que as limpábamos. Na miña aldea chamabámoslle lagas, non sei como lle din na súa. Vostede chamaranlle lavadoiros, na miña chamabámoslle lagas e os rapaces eramos os que, de vez en cando, as limpabamos, limpabamos todo aquilo e despois íamos polas casas pedindo unha especie de aguinaldo por ter limpado aquilo. O problema dos lavadoiros é algo distinto aínda que tamén podería ter incorporado isto. Vostede fala de autonomía municipal. Dende logo é competencia dos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

concellos e aquí na nosa proposta, o último dos puntos da proposta di: calquera outra medida que o concello fundamente para contribuír a poñer en uso ou en valor as fontes públicas e os seus entornos. Nós poñemos uns cantos exemplos nos que a Deputación pode axudar aos concellos, dende logo que esta é unha competencia dos concellos; pero o que dicimos na moción é que a Deputación lle axude nesa competencia. Como dicía a compañeira do PSOE, ás veces non teñen os recursos, os medios para poder facelo, ou as axudas e a Deputación, nesa asistencia lóxica a un dereito fundamental dos cidadáns aos concellos, claro que podería facer todo iso. Aparte das ideas, lóxicas, que lle damos de recuperación de fontes, estudos da potabilidade, etc... xa poñemos no último punto – porque tamén, oe, non todo se nos ocorre, e cada concello ao mellor terá unhas circunstancias concretas - entón di: calquera outra medida que o concello teña a ben para poñer en uso o en valor as fontes públicas. A verdade é que non entendo que voten en contra de algo que estimamos tan obvio, salvo que sexa algunha consigna de partido que teñan que rece algo así como: *a Democracia Ourensana nin auga*, xa utilizando o tema da moción. Nada máis. Grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente, vou a utilizar este segundo *turno*, e pídolle desculpas ao grupo proponente neste caso porque non vou a falar da súa moción; pero teño que contestar a algunha cousa que se dixo aquí, neste caso pola portavoz do Grupo Socialista que falou de grupos extremos por chegar a acordos, por estar de acordo en cuestións concretas, poñía o exemplo do seu concello. Home, non sei se neste caso o Partido Popular se sinte aludido ao falar de grupos extremos, nós dende logo non. Ademais, como xa estamos acostumados a que nos chamen de todo e como nós tamén sabemos o que somos, témolo claro, o que digan dende fóra non nos afecta porque nós o temos claro; teño que dicir que non sei se tamén son grupos extremos o Partido Socialista e o Partido Popular cando chegan a acordos, ou somos grupos extremos por exemplo no meu concello onde moitas iniciativas, que consideramos todos de interese para os veciños, apróbanse por unanimidade, tamén incluíndo ao Partido Socialista, non sei se neses casos tamén son grupos extremos, ou nese caso é o interese da maioría, o interese do Estado o que fai que deixemos de ser, segundo as circunstancias, sexamos ou non grupos extremos. Non sei se, por exemplo, cando vostedes se poñen de acordo co Partido Popular para modificar a Constitución nunha tarde, son extremos ou non; ou se cando se poñen de acordo co Partido Popular e con Ciudadanos para aplicar o artigo 155

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

en Cataluña, nesa carreira que teñen vostedes a ver quen é máis nacionalista español, pois son extremos ou non. Por exemplo, teño aquí un artigo que resume moi ben todo o que quero explicar. Fala do extremismo ou non, en función de quen se pon de acordo con quen. Fai un pequeno resumo do que leva acontecido durante a lexislatura, teño que dicir que é de febreiro deste ano, e di que *la actitud del 'no es no' de Pedro Sánchez, aunque ya abandonada, hace muy difícil pensar en una gran coalición entre PP y PSOE para gobernar* (bueno, non a descarta, di que a fai difícil). *De facto, ambas formaciones han ido alcanzado acuerdos a lo largo de un legislatura que, eso sí, empezó con la abstención socialista después de que el Comité Federal del PSOE llevara a Sánchez a la dimisión y que están permitiendo sacar adelante algunos elementos claves de una legislatura. Desde entonces, antes y después de la vuelta de Sánchez a la secretaría general, varias son las votaciones que se han sacado adelante con el apoyo de socialistas y populares a las que, en algunas ocasiones, se ha unido Ciudadanos.* Fai relatorio de cales son, por exemplo, empeza por *lo primero que se aprobó en el Congreso gracias a PP y PSOE era cuestión de Estado* (as cuestións de Estado parece que si fan que non falemos de extremismos). *Ante la parálisis de las instituciones y tras un Comité Federal del PSOE que sirvió para que Pedro Sánchez dimitiera, los socialistas se abstuvieron en la Cámara baja para que Mariano Rajoy fuese investido presidente del Gobierno antes* (isto parece ser que ultimamente xa o están reconsiderando, a ver en que queda iso). E bueno, segue con máis acordos, deses bos, de partidos que non son extremos, neste caso dependendo - no concello da señora Gil - de Partido Popular e BNG que aí si parece que son a versión extrema de ambas as dúas forzas. En definitiva, nada máis. Dicir que nós ratificamos o noso apoio á moción de Democracia Ourensana e, o mesmo que dixo o representante de Democracia Ourensana para rematar, non entendemos moi ben a súa negativa neste caso porque colaborar cos concellos é a gran máxima desta casa e entendemos que é unha materia na que, precisamente, a propia Deputación Provincial estaría especialmente preparada e cualificada colaborar. Nada máis. moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Señor Ramiro, desculpe vostede; señor Plácido, desculpe vostede tamén. Expresei esa palabra porque se referira vostede a ideoloxías distintas que ás veces póñense de acordo; non quería dicir extremos. Señor Ramiro, vostede non me coñece a min, pero Luís si que me

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

coñece a min, polo tanto nunca vou a opinar que o BNG é un partido extremo. Tampouco vou a opinar, e pídolle desculpas ao Partido Popular, que é un partido de centro dereita, que sexa un partido extremo. Logo entón, retiro a palabra de extremo. Eu simplemente porque algo lle entendín así ao señor Plácido. Despois, todo ese argumentario que me fixo vostede do Partido Socialista e os acordos e todo iso, *bueno* si, acordos hai que ter entre todos os partidos políticos evidentemente. Se redundan no beneficio da cidadanía eu redundaría, vería ben os acordos cos partidos políticos. Pero mire, non fai falta ir tan lonxe, non fai falta ir a España, aquí, en Galicia, aquí na provincia de Ourense e aquí en Ramirás, ten un exemplo alí moi claro. Entón, se vostede me di que un goberno de corenta anos, para cambiar de goberno e facer un goberno progresista que iso redunde en beneficio dos cidadáns, ben, podería ser, podería ser; pero eu o que estou observando alí en Ramirás é que os cidadáns veciños e veciñas de Ramirás non obteñen ningún beneficio, todo o contrario. Entón, as miñas desculpas, retiro a palabra, non quería dicir extremos nese sendo que di o señor Ramiro. Pido desculpas, simplemente me refería a algo que dixera o portavoz do Partido Popular, o señor Plácido. Entrando na cuestión que nos atinxe aquí na moción de Democracia Ourensana, quería dicir dúas cousas. Señor Plácido, claro, os concellos non teñen recursos, ao mellor, para facer un control dúas veces por ano; pero precisamente o que lle estamos pedindo á Deputación é que faga posible que os concellos poidan ter ese control, é dicir, as fontes do rural estoume referindo que as fontes urbanas, as que están enganchadas ao subministro habitual dos domicilios, pois esas xa están saneadas; habería que mirar os grifos, etc...son saneadas porque o subministro é, no caso que sexa de subministro domiciliario. Estoume a referir ás fontes do rural, señor Plácido, porque a vostede seguro que lle gustaría que as fontes do seu rural rural de Muíños estiveran cun carteliño que dixera: auga potable, auga non potable. Pero para iso hai que ter uns recursos, efectivamente, os recursos dos concellos son ben pequeniños e o que estabamos pedindo á Deputación é que contribúa para que os concellos pequenos poidan dar ese servizo e ter as fontes estudadas sanitariamente e controladas, onde a xente poida beber con naturalidade ou non; porque a auga de fontes de mananciais, reunindo os requisitos sanitarios, é de máis calidade que outro tipo de augas. Un exemplo, señor Plácido, voulle dicir hai un laboratorio municipal no Concello de Vigo dependente da Consellería de Sanidade; pois poderíamos tratar na nosa provincia un laboratorio provincial dependente da Consellería de Sanidade para o control de todas as fontes.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Sería unha opción. Este laboratorio municipal do Concello de Vigo, fai tres análises anuais a 350 fontes. Entón, só autocopiei unha boa xestión e unha boa idea. Claro, aquí no rural non temos un municipio desas características, pero se a Deputación pon un laboratorio provincial dependente da Consellería de Sanidade, poderíamos ter ese control das fontes. Polo tanto, quería facer unha reflexión, levamos tempo defendendo nesta Deputación que se os concellos tiveran un maior control sobre os plans de cooperación, se este plan fose único, podería chegar ás demandas e necesidades para que as verdadeiramente precisas asistencias, que non ter que vir en ringleiras a pedir como esmolos para certas obras. Certo é que ninguén lles impide solicitar obras de acondicionamento de lavadoiros e de fontes, pero son máis que consciente das limitacións dos concellos de Ourense á hora de vir a esta institución a decidir sobre o que deberían ser os cartos de todos e non o reparto discrecional que xa nos acostumamos a vivir; máxime se temos en conta que desbotan, unha e outra vez, usar o remanente de tesouraría para repartir nun Plan único como establecer criterios obxectivos de reparto. As fontes e mananciais son unha cousa máis desta provincia que podería estar ben xestionada dende esta Deputación e que está en mans das decisións aleatorias do que vai acaecendo en cada momento. Polo tanto, de acordo coa moción, votamos a favor; primeiro, recuperación do patrimonio cultural das fontes, segundo, control sanitario das fontes públicas e terceiro, recursos para levalo a cabo. Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Señora Gil, desculpas aceptadas e eu falaba de extremos pola ubicación no salón de Plenos; o señor Ramiro está por alí e nós estamos por aquí. Non era por outra cousa. Eu entendina perfectamente, se vostede non é maliciosa, para nada. Con respecto á potabilidade da auga da que vostede fala, home, ten que recoñecer vostede que a potabilidade da auga non se garante con análises; garántese con tratamentos de aí que a competencia municipal estea aí, unha cousa leva á outra. Señor Ojea, evidentemente a fonte da Clamadoira secou, pero moitas outras. Se vostede vai polo rural da provincia de Ourense verá como lle din cantas secaron este ano, desgraciadamente. Totalmente de acordo que a auga é algo básico para a cidadanía en xeral e, polo tanto, unha das nosas obrigas, nas administracións na que esteamos, é garantir ese servizo básico para todos os cidadáns e nas mellores condicións posibles; é dicir, 100% apta para o consumo. ¿Axudas da Deputación? Home, eu voulle a recordar, xa lle dixen, a través dos Plans provinciais poden incluír obras; a través do plan de empregabilidade, man de obra; o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Servizo de Parques e Xardíns para os seus entornos; o Servizo de Augas e Medio Ambiente, en asesoramento e máis cousas. E logo non olviden vostedes a cantidade de convenios que se lle mandan dende o Servizo de Augas, vía Presidencia, que pode facer Aquaourense que, como vostedes saben, é unha sociedade de capital mixto onde está Viaqua, antes Aquagest, e a Deputación, por iso se chama Aquaourense. É dicir, servizos hai e o que sería triste é que os descoñeceran vostedes, e máis triste que o descoñeceramos os propios deputados desta casa. Remato xa, dicindo que manter e recuperar as fontes públicas como parte da historia, da cultura e da entidade dun pobo; por suposto que si, señor Ojea, estamos totalmente de acordo, non hai dúbida, pero será cousa de cada Concello e dos veciños, en particular de cada pobo, que así o demanden e o prioricen e non nós, precisamente. Se hai que axudar, por suposto que si, a Deputación sempre terá as súas portas abertas, como xa dixen, e tenas para os concellos e as comunidades e asociacións de veciños. Nese camiño, non é nada novo, estamos e nese camiño seguiremos estando. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** só facer uns cantos apuntamentos máis. O señor Plácido falou de que os domicilios teñen auga; pero precisamente a auga dos domicilios consúmese de xeito privado e illado, nunha sociedade cada vez máis individualista na que se consume a nivel privado, nas casas non hai lugar para a socialización. Entón, precisamente, como di a moción, unha das funcións que poden ter as fontes públicas é esa socialización; aparte de que a auga pode ser necesaria en moitas circunstancias nas que un non se encontra no domicilio, por exemplo nos parques onde xogan os nenos. Os nenos cando xogan, e os adultos tamén xogan, tamén teñen sede, deben ter acceso á auga por motivos obvios. Vostede dicía que non entendía moi ben o do entorno coherente. Entorno coherente quere dicir que, ao lado dunha fonte, débese arranxar todo aquilo que teña certa relación coa funcionalidade da fonte. Por exemplo, non ten sentido plantar unha industria na que certos residuos poden filtrarse no nivel freático, por poñer un exemplo. Se estamos falando de que as fontes teñen un certo compoñente lúdico, ou recreativo, pois é normal que no entorno se poidan poñer bancos, *columpios* de nenos, ou xardíns, etc... iso é o que en boa lóxica o que se pode atender por entorno coherente. Eu volvo repetir, pensamos que a Deputación estaría nun pleno de competencias á hora de poder axudar aos concellos neste asunto, nunha necesidade tan básica e a única explicación é, como dicía eu antes, que teña a consigna de a Democracia ni agua. Vostede que estivo no seminario, voulle recordar

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

aquilo de *algo tendrá el agua cuando la bendicen* e voulle dicir unha cousa aquí que seguramente vostede non sabe; estou seguro que vostede sabe cal é a fórmula química da auga, H<sub>2</sub>O; pero seguro que non sabe cal é a fórmula química da auga bendita, iso que pasou polo seminario, a fórmula química da auga bendita é *H Dios O...*

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

### **8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLA AUGA NA COMARCA DA LIMIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Bos días a todos e a todas. Moción sobre os danos causados polo dano da auga na comarca da Limia, unha moción que foi presentada o 13 de abril de 2018 e que, por razóns de que había moitas no Pleno pasado, quedou sobre a mesa para ser tratada neste plenario. Non é a primeira vez que traemos ao plenario da Deputación unha moción sobre os danos causados na agricultura e na gandería da comarca da Limia. Non queremos ser teimudos nun tema especialmente sensible para unha comarca que vive principalmente do agro e da gandería - vostedes sábeno ben - e onde os efectos colaterais cando veñen mal dadas, señor presidente, no agro séntense en todos os sectores produtivos. Cada dous anos, aproximadamente, as inclemencias do tempo, porque isto vai por campañas, provocan desfeitas difíciles de reparar nas economías das familias que se xogan o seu futuro ante o evidente, ou máis que evidente, cambio climático. Certamente vimos de recoller a demanda que se nos fai dende os concellos, xa que o 22 de abril aprobamos no Concello de Xinzo, por unanimidade, unha moción conxunta de todos os grupos con estas mesmas propostas de acordo; despois de escoitar, loxicamente aos nosos veciños e tamén ás asociacións onde se reúnen estes agricultores e estes gandeiros. É un tema recorrente no que vai, xa, sendo hora no que o goberno da Xunta de Galicia teña a ben abordar un problema con solucións estruturais.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

Cando falamos de solucións estruturais, señor presidente, señores deputados e deputadas, referímonos a eses contratos homologados que non teñen prezo e, polo tanto, flutúan os prezos das colleitas en cada tempada, para garantir o futuro e a supervivencia de toda a poboación que vive no rural do sector primario. Da economía do agro da comarca da Limia, e doutras comarcas desta provincia, viven moitas familias de xeito principal e outras moitas como segunda actividade; pois o vínculo coa terra mantén á poboación en núcleos que doutro xeito quedarían baleiros. Polo tanto, non nos vamos a estender moito. Se vostedes, que son o partido de goberno e están para solucionar os problemas das xentes ás que din gobernar; se vostedes son do mesmo partido que o presidente da Xunta que foi aquel que dixo: *estamos na lexislatura do rural*, supomos que terán a ben dar resposta e dar apoio a esta moción e cumprir cos acordos que lle vou a relatar:

1º.- Que esta Deputación inste á Xunta e Galicia para que se realice unha avaliación técnica dos danos producidos nos concellos afectados da comarca da Limia.

2º.- Que esta Deputación se sume á petición unánime de declaración oficial de zona de emerxencia con carácter urxente.

3º.- Que esta institución solicite da Delegación da Xunta de Galicia en Ourense que se coordine e convoque unha xuntanza inmediata con todos e todas os e as alcaldes e alcaldesas da comarca para analizar as posibles medidas a adoptar e se determine a participación, na mesma, desta Deputación como actor implicado.

4º.- Que se estableza un acordo que permita que esta Deputación poda prestar axuda necesaria, cos medios de seu, para a realización de traballos necesarios para paliar os danos e o impacto das consecuencias dos temporais nos concellos da Limia.

5º.- Que se poñan en marcha, con medios propios, os estudos necesarios que determinen as posibles medidas de apoio á actividade agraria na comarca, como se fixo anteriormente.

6º.- Que se demande da Xunta de Galicia, a adopción de medidas oportunas diante doutros organismos, como por exemplo a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, relativas á limpeza, roza e mantemento das canles dos ríos, regatos, desaugadoiros dos concellos da Limia.

7º.- Dar traslado deste acordo plenario á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e ás alcaldías da comarca afectada.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

De momento nada máis, esperando o seu apoio á nosa proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Ano si e ano tamén, véñense reiterando as peticións de declaración de zona de emerxencia para a comarca da Limia; non so por mor das choivas cando son excesivas, senón tamén polos efectos negativos da seca. Eu xa perdín a conta, nos últimos anos, de cantas declaracións deste estilo se levan aprobado no noso concello. Dende o noso punto de vista, as consecuencias do cambio climático, que algúns negan, parécennos evidentes e, ademais, a cousa non ten trazas de mellorar a curto e medio prazo. Como xa explicou a portavoz do Grupo Socialista, isto ten un efecto moi negativo sobre unha comarca cun PIB por habitante que está ao redor dos 14.000 € e que, fundamentalmente, depende do sector primario. A cuestión, nós xa o dixemos tamén no propio Concello de Xinzo e repetímolos aquí, non está en resolver agora esta papeleta, senón tamén en prever que se pode facer para que no futuro as consecuencias deste tipo de efectos climáticos non sexan tan devastadoras para a nosa economía, para a economía da Limia. A Deputación, dentro do seu organigrama, conta co Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro, que ten a súa sede alí precisamente en Xinzo, que veu a substituír ao organismo anterior que era o Instituto do Campo, e ten que un servizo de asesoría técnica que habería que pór a traballar ao servizo dos agricultores e agricultoras da Limia. Compartimos a idea dos promotores da moción de que se demande da Confederación Hidrográfica a limpeza das canles, regatos, etc.... máis tamén pensamos que é preciso acometer outro tipo de medidas para cando o problema non sexa o contrario, non o exceso de auga, senón precisamente o déficit. Nós preguntamos ¿que foi do plan de regadío? ¿Cando ten pensado a Consellería de Medio Rural executar o orzamento asignado para as infraestruturas de rega da Limia? A nosa obriga, a obriga desta institución, é a defensa e o impulso das comarcas, loxicamente tamén da comarca da Limia, e apostarmos polo sector agrícola e gandeiro como piares fundamentais, tanto a nivel económico como social. Por iso temos que demandar o cumprimento dos compromisos adquiridos e, neste caso, o cumprimento dun compromiso polos que os regantes do sur da provincia levan esperando máis dunha década para un plan de regadíos cun investimento que estaba estimado en 27 millóns de euros e que, a día de hoxe, aínda está sen executar. Loxicamente, nós vamos a votar a favor porque se votou

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

a favor nos concellos afectados. É un acordo que, basicamente, se votou cos mesmos termos en todos os concellos ao que nós nos adherimos en Xinzo e, loxicamente tamén o vamos a facer aquí. Nada máis. moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Grazas. Nós tamén votaremos a favor da proposta. Sabemos que, efectivamente, nos últimos meses a cantidade de auga que caeu foi bastante grande; aínda así parece que non chegou a compensar os moitos meses - en termos xerais - de *sequía* que se levaban; pero no caso concreto da Limia e doutros lugares iso fixo moito dano. Sabemos que na Limia a zona é especialmente sensible aos temporais e ao exceso de choiva porque sabemos que foi unha zona na que se desecou unha lagoa, unha veiga como se lle chamaba por alí, de feito creo que se está celebrando nesta época unha efeméride, non sei se son os 50 anos ou os 60, non sei, da desecación. Iso, claro, se non se leva a cabo un dos puntos que di precisamente a moción, o mantemento das canles de drenaxe, etc.. fai que se agraven aínda máis eses problemas. Agora que dixo o compañeiro Ramiro que había que tamén prever as circunstancias nas que houbera pouca choiva, nas que houbera seca, cómpre lembrar que Deputación ten alí unha finca, totalmente abandonada, moitos km<sup>2</sup> con regadío totalmente inutilizada - por onde están os cabalos; algunha vez creo que xa se trouxo a Pleno algún uso desa finca e ao mellor habería que abordar ese tema nalgún outro momento. Os puntos, ademais, eu penso que o Partido Popular ten unha tendencia a votalos a favor porque son 7, as propostas do acordo son 7, entón hai unha certa probabilidade de que o Partido Popular vote a favor. O número 7 é un número... din os psicólogos que o número 7 é número de cousas que unha persoa pode contar a simple vista; sen contar unha por unha, un pode cun golpe de vista contar ata sete; a partir de aí xa ten que contar un por un. Bromas aparte, parécenos que as propostas de acordo son do máis lóxico e do máis acaído tamén entrando nas competencias da Deputación e tamén votaremos a favor. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz o Grupo Popular:** grazas presidente. Ben, vamos a apurar un pouquiño, aínda que sobre o tema merece a pena dar algúns datos e dareinos porque estamos a falar de algo moi importante para a nosa provincia e para unha comarca como é a Limia. Pois ben, parece que deixar sobre a mesa esta moción no pasado mes de abril foi unha boa decisión, xa que, practicamente rematado o mes de maio, podemos facer un balance máis concreto dos cultivos estragados na comarca da Limia por mor das choivas do

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

inverno; así como facer unha valoración económica máis real e axeitada das perdas. Sen compartir na súa totalidade o exposto na mesma - acertou vostede señor Ojea, o meu número preferido tamén é o 7 - anúnciolles xa (era o que puña cando xogaba ao fútbol) que imos a votar a favor da súa moción posto que as consecuencias das intensas precipitacións durante os meses de decembro e mediados de abril, entre ese período, teñen a suficientemente importancia como para merecer toda a atención por parte desta Deputación, como xa dixen. En efecto, os danos son cuantiosos, aínda que principalmente no cereal, onde a Limia sitúase como a primeira produtora de Galicia, achegando máis do 60% da produción de trigo e por riba do 80% en centeo. Datos importantes e que eu precisamente que son da zona, pero da Baixa Limia, descoñecía. Pero iso non é todo, dado que o cultivo do cereal non é o máis importante, xa que se sitúa por detrás da pataca; pero si supón, o cereal, un importante complemento económico na maioría das explotacións xa que os rendementos do cereal nos seus cultivos de outono e primavera axudan a cubrir os custos das explotacións, *amortiguando* as periódicas, e case que continuas, hai que dicilo, oscilacións no prezo da pataca. Así nolo explican dende o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro do INORDE situado, precisamente, na Limia nun completo informe que teñen vostedes á súa disposición sobre a avaliación de danos causados nos cultivos e de estimación de perdas económicas que, como digo é bo que todos leamos e así teremos máis coñecemento de causa dos graves prexuízos que ten esta comarca. Segundo este informe, precisamente, as zonas máis afectadas foron a Lagoa da Antela, Solveira, Piñeira en Xinzo, Lodoselo en Sarreaus, Abavides en Trasmiras, Rebordechás tamén, Paredes e tamén en Porqueira. No tocante ao trigo de inverno, a finais de abril estimouse que o 70% de máis de 5.000 hectáreas plantadas atopábase nun estado crítico, teméndose pola perda absoluta das mesmas. Sen embargo, tamén hai que destacalo, o cese das precipitacións -hai que dicir o bo e o malo- propiciou que nos terreos máis permeables e, polo tanto, con menos retención de auga as plantas de cereal experimentaran unha notable revitalización, axudada con aplicación de nutrientes por parte dos agricultores. Isto supuxo unha recuperación en parte. Tomando en conta a dita recuperación, a superficie total estragada, a data de mediados de maio (xa vexo que ao señor Pérez Jácome só lle importa a cidade e a súa periferia) hai unha semana estímase entre o 50 e o 60% da superficie total do cereal de inverno, entre 2.500 e 3.000 hectáreas. Polo que se refire ás 3.000 hectáreas dedicadas a centeo, 900 corresponden aos concellos de montaña como Calvos de Randín, Baltar, Os

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

Blancos e onde os danos, por cuestión da súa orografía, foron considerablemente menores. Estamos a falar dun 40% de perdas e que arroxa 360 hectáreas perdidas aproximadamente. Mentres as 2.000 hectáreas de centeo situadas en zonas máis baixas sufriron unhas perdas ao día de hoxe que aí si alcanzan o entorno do 60%. Refírese tamén o informe, ao que me estou referindo do Centro Agrogandeiro, ás achegas suplementarias de abonos en torno aos 75 € por hectárea. Aplicacións extraordinarias de herbicidas en torno aos 100 € por hectárea e fungicidas cun custe de 60 € por hectárea. Espero non cansalos con estes datos, pero considero moi importante que nós os coñezamos e tamén os cidadáns da comarca la Limia e incluso da provincia en xeral. Pero xunto cos cultivos estragados e a aplicación extraordinaria de tratamentos, tamén hai un terceiro factor a ter en conta para facer un cálculo das perdas, trátase dos cereais de primavera; hainos de inverno como dixen e de primavera. As continuas precipitacións das que vimos a falar e o estado da terra cando cesaron as choivas impediron aos agricultores preparar os campos e a sementeira en tempo e forma en preto das 8.000 hectáreas destinadas a cereais de primavera, fundamentalmente de trigo. Así, retrasouse a plantación deste tipo de cultivo nalgúns casos ata dous meses, non había remedio. A principal consecuencia deste retraso é que as altas temperaturas do verán poderán afectar ás plantas, xa que nestas condicións de calor o cereal non é capaz de formar grao. Polo tanto, aínda é cedo para avaliar este fenómeno, pero estímase que os danos afectarían dende un 30 ata un 70 % da produción local prevista. E, como non, falemos tamén do principal cultivo da Limia como é a pataca que, do mesmo xeito que no caso do cereal de primavera, experimentou un atraso na súa plantación. Desta volta, o atraso relativo sería de preto de dous meses, aínda que non se considera excesivo, tamén hai que dicilo, xa que en principio cunhas condicións meteorolóxicas normais na Limia durante o verán, o cultivo sería capaz de cumprir o seu ciclo vexetativo. Esperemos que así sexa. A data de hoxe esta plantación cubre en torno ao 80% das hectáreas destinadas a este cultivo cun estado aceptable de conservación da semente; polo menos iso é o que se nos di. En resumo e vou acabando para non cansalos, incluso aos que non lles importa moito a Limia, polo que vexo. Sen ánimo de cansalos con máis datos, vou a darlle os seguintes tamén facilitados polo Centro Agrogandeiro. Entre o 50 e o 60 % da superficie plantada de trigo de inverno está afectada de xeito irreversible, o que supón que entre 2.500 e 3.000 hectáreas xa non son produtivas. Se consideramos unha produción media de 5.000kg por hectárea, as perdas suporían entre 12,5 e 15 millóns de quilos de trigo. Cun

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

prezo de mercado de 19 céntimos por quilo, as perdas económicas estarían entre os 2,3 e os 2,9 millóns de euros. Polo que respecta aos danos nas plantacións de centeo, entre o 40 e 60% da superficie plantada é irrecuperable, lamentablemente é irrecuperable, son 1.620 hectáreas improditivas. Cunha produción media de 4.000kg por hectárea, estaríamos falando de 6,5 millóns de kg que, a un prezo de 17 céntimos por quilo, equivalería a unhas perdas de algo máis de 1.100.000 €. En consecuencia, e remato xa, non se preocupe, os danos económicos causados, señor Pérez Jácome, polas precipitacións na comarca da Limia, en relación co cultivo do cereal de inverno, estímense nun total de catro millóns e euros. Cifra suficientemente elevada como para que todas as administracións públicas saibámolo, escoitémolo e esteamos aí para o adoptar as medidas que sexan posibles dende o punto de vista legal - claro que si porque non todo é posible na administración - e tamén dende o punto de vista económico. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Paréceme que é un tema de suficientemente importancia como para que todos prestemos atención, porque si que é verdade que o que pasa nas comarcas repercute directamente nos cidadáns aos que nos debemos. Polo tanto, agradecerlle a todos os grupos o seu apoio a esta moción. Dicar que, pola parte que nos toca, ese informe que nos acaba de relatar o señor portavoz do Partido Popular elaborado polos técnicos do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro, que ten a súa sede en Xinzo, igual que o fixo fai tamén dous anos con outro informe datado, daquela, a finais de maio, a día 31 de maio do 2016; pois nos alegra enormemente que teñan o traballo xa feito para así poder poñer en marcha todos os mecanismos e axudar aos labregos, aos gandeiros e aos cidadáns aos que nos debemos. Polo tanto, alegrámonos do apoio das distintas forzas políticas e que se poñan en marcha os mecanismos para darlle cobertura ás necesidades da nosa xente. Moitas grazas polo seu apoio.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas señor presidente, si moi brevemente. Simplemente para agradecer os datos que, neste caso, nos fai chegar directamente o portavoz do Grupo Popular. Gustaríanos, si, contar cunha copia dese informe se nola poden facer chegar. Neste caso, simplemente ratificar as palabras da compañeira Elvira ao respecto de que xa teñen a situación avaliada, como acaba de expoñer, pois poñan agora todas as solucións que haxa ao seu alcance precisamente para

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

esa avaliación que teñen encima da mesa convertela en solucións para os veciños e veciñas, para os gandeiros, para os agricultores da nosa comarca. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Efectivamente os datos que nos deu Plácido abundan na necesidade de votar a favor desta moción. Verdadeiramente, con ese grao de detalle, non os coñecíamos; tiñamos unha visión cualitativa do desastre que tiñan suposto esas choivas, pero temos xa a visión cuantitativa. Adiantóusenos o Bloque á hora de pedir unha copia dese informe, se nola pode facer chegar tamén ao noso grupo. Efectivamente tamén nomeou que había zonas menos afectadas, loxicamente nos concellos que están na montaña, non afectou tanto como nas chairas, como en Piñeira, como en Solveira; iso ten certa lóxica. Tamén agradecer o dato do retraso concreto que se fixo nalgúns cultivos, os dous meses nos que a auga aínda está encharcando e non se pode cultivar, por varios motivos, o primeiro porque ao mellor non xerminarían as sementes; e segundo, porque non se pode entra cos tractores e cos *aperos* da labranza. Entón, a intervención de Plácido afianzou, aínda máis loxicamente, a necesidade de votar a favor da moción. Nada máis. Grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Brevemente, como xa manifestei na primeira intervención, catro millóns de euros, estimadamente, de danos. Creo que, como dicía a portavoz do Grupo Socialista, téñennos que ter a todos preocupados e estar aí e pensar en medidas de carácter extraordinario, porque se trata dunha situación extraordinaria. Proceden pois, ao noso entender, medidas extraordinarias tanto a solicitar, como a estudar e algunha delas xa foi comprometida polo noso presidente con agricultores da comarca da Limia, no sentido de incluír nos orzamentos do ano 19 unha partida orzamentaria para prestarlle axuda, precisamente, aos colleiteiros da pataca. Esa non exclúe outras, pero cítoa como exemplo. A Deputación estivo sempre, e seguirá estando, en problemas da provincia e da comarca da Limia, como non, tamén. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación e moción, e por unanimidade dos membros da Corporación (25) o Pleno adopta o seguinte acordo:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

1º.- Que esta Deputación inste á Xunta e Galicia para que realice unha avaliación técnica dos danos producidos nos concellos afectados da comarca da Limia.

2º.- Que esta Deputación se sume á petición unánime de declaración oficial de zona de emerxencia con carácter urxente.

3º.- Que esta institución solicite da Delegación da Xunta de Galicia en Ourense que se coordine e convoque unha xuntanza inmediata e urxente con todos e todas os e as alcaldes e alcaldesas da comarca para analizar as posibles medidas a adoptar e que se determine a participación, na mesma, desta Deputación como actor implicado.

4º.- Que se estableza un acordo que permita que esta Deputación preste a axuda necesaria, cos medios de seu, para a realización dos traballos necesarios para paliar os danos e o impacto das consecuencias dos temporais nos concellos da Limia.

5º.- Que se poñan en marcha, con medios propios, os estudos necesarios que determinen as posibles medidas de apoio á actividade agraria na comarca, como se fixo anteriormente.

6º.- Que se demande da Xunta de Galicia, a adopción das medidas oportunas diante doutros organismos, como por exemplo a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, relativas á limpeza, roza e mantemento das canles dos ríos, regatos, desaugadoiros, etcétera dos concellos da Limia.

7º.- Dar traslado deste acordo plenario á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, á CHMS e ás alcaldías da comarca afectada.

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A REAPERTURA DAS PISCINAS DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentouse unha emenda de substitución do Grupo Popular, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** ola de novo, moitas grazas señor presidente. Un breve resumo, ou exposición, da moción que vostedes xa coñecen, pero seguramente a xente que nos estea escoitando a través doutros medios non o saiba. Entón, para eles vai o contido da moción. A piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia viña prestando un servizo moi demandado por miles de persoas da cidade de Ourense e dos concellos da súa área metropolitana que cada verán se achegaban a estas

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

instalacións, propiedade da Xunta de Galicia pero xestionadas directamente por esta institución mediante a sinatura de sucesivos convenios anuais. Dende o ano 2015, este complexo acuático e de ocio permanece pechado e abandonado; quitándolle á cidadanía unhas instalacións públicas que, ademais, están a sufrir un importante deterioro debido ao vergoñento abandono, intencionado, que se lle está a aplicar dende a Xunta, sobre todo, e co silencio da Deputación. Así mesmo, non se debe esquecer que a Deputación de Ourense ofreceu durante lustros, dentro da súa oferta deportiva pública, o acceso libre e gratuíto a estas instalacións do Parque Tecnolóxico de Galicia a aquelas persoas que posuían algúns dos bonos anuais para os servizos deportivos que a propia institución prestaba no Pazo de Deportes Paco Paz. Aquelas persoas que non tiñan estes abonos, aos do Paco Paz refírome, igualmente podían facer uso destas instalacións da Tecnópole logo de pagar un prezo *asequible* para a cidadanía que estaba en torno a 1,50 € no caso da entrada individual de adulto ou mediante a compra, incluso, de tickets múltiples para varios accesos; incluso se permitía o acceso libre e gratuíto aos menores de 8 anos. Sen embargo, dende o ano 2015, e segundo o afirmaron responsables da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia nos medios de comunicación, a falta de acordo entre ambas institucións impide a posta a punto da piscina e a entrada en servizo deste complexo acuático. Non obstante, durante estes últimos anos, a Xunta de Galicia si mantivo aberto, e ben lustroso, cada verán o complexo acuático de Monterrei a moi pouca distancia do Parque Tecnolóxico de Galicia, casualmente pechado dende que a empresa EULEN S.A. pasou a xestionar a concesión das piscinas e Monterrei, que teñen uns prezos de acceso e uso, tanto para adultos como para os menores, máis elevados. Un estío máis, con este que xa se aveciña e xa van catro consecutivos, parece que nin dende a Deputación Provincial nin dende a Xunta, teñen intención algunha de realizaren as obras de adecuación e saneamento necesario para reabrir as instalacións deportivas citadas, nin para asinar o convenio para a súa xestión; furtando, novamente á cidadanía, dun uso dun ben construído e pagado con cartos públicos de todos e todas. Hai que sinalar que, ademais desta piscina, o complexo deportivo da Tecnópole inclúe tamén varias pistas de tenis e tres campos de fútbol, dous de terra e un de herba. Unhas instalacións que igualmente semiabandonadas, pero que no seu día foron utilizadas por varios equipos deportivos da provincia para os seus adestramentos e tamén por moitos ourensáns amantes do tenis e do fútbol. Así pois, conclúo, estamos ante unhas instalacións

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

públicas moi demandadas polos habitantes da cidade de Ourense e dos concellos da súa contorna que, sen embargo, a administración autonómica mantén pechadas intencionadamente. Instalacións que ademais están a sufrir unha vergoñenta falta de mantemento por intereses que descoñecemos. Esta é a exposición de motivos e, en virtude disto, nós facemos dúas propostas de acordo:

1.º Que a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia renoven o acordo que permitía cada verán a apertura das instalacións públicas citadas de ocio e deporte do parque tecnolóxico de Galicia.

2.º Que a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia determinen e realicen de urxencia (estamos xa a finais do mes de maio) as actuacións administrativas e as obras de mantemento necesarias para a apertura durante o verán do 2018 das instalacións públicas de ocio e deporte do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Como ben dixo o presidente, a esta moción presentáronse dúas propostas de emendas de substitución do Partido Popular sobre as que despois falarei na segunda intervención. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Vai facer catro anos que as piscinas da Tecnópole están pechadas. As instalacións son propiedade da Xunta, pero a xestión durante anos correu por conta desta Deputación. O convenio que ambas as dúas Administracións asinaban anualmente para regular este servizo non foi renovado desde 2015 e a piscina segue pechada desde entón, co deterioro que iso supón. O asesor de deportes desta institución dixo, hai aproximadamente un ano, e así consta nas hemerotecas, que a institución provincial estaría disposta a estudar a posibilidade de retomar o convenio para xestionar o servizo a condición de que o goberno autonómico pague as obras que son necesarias para poñer a punto as instalacións, porque seica hai que facer un investimento importante para acondionalas. Mentres tanto, desde a Delegación Territorial da Xunta din que o goberno galego non se esquece das instalacións da Tecnópole. Segundo afirma o executivo galego está facendo todo o posible para lograr unha solución para ofertar de novo ou servizo aos usuarios nas mellores condicións posibles. Recoñecen, en todo caso, que a piscina deberá ser sometida a obras de adecuación e saneamento. Pasou un ano e desde

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

logo non se fixo obra algunha de arranxo e acondicionamento das instalacións e grao de deterioro é cada vez maior. Vese que para a Xunta de Galicia o binomio obras e prazos non se levan nada ben, tamén ían arranxar a base de helicópteros do Barco e aínda estamos agardando. E señor Presidente, se a montaña non vén a Mahoma, terá que ir Mahoma á montaña. O problema de non ter abertas as instalacións non pode ser que desde a Xunta non se puxeran en contacto con vostedes, por máis que sexa de titularidade deles. Desde a Deputación tamén se poden facer xestións e se pode ter interese polas cousas que están na nosa provincia para o uso e *disfrute* dos veciños e veciñas, neste caso, dos concellos limítrofes co de San Cibrao, que non só son as piscinas, senón que estas poidan estar abertas. E aínda sendo conscientes de que a apertura das piscinas non é unha decisión exclusiva desta Deputación, cremos que si desde o ente provincial se chama á porta, a bo seguro as demandas serán atendidas. Nós vamos a votar a favor da moción do Grupo Socialista e, en todo caso, esperaremos á súa valoración ao respecto da emenda que presentaron para presentar unha posición ao respecto desta. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de nuevo. Yo no sé qué pasa en el PP, sodes carallo 14 e solo fala ese homiño de aí. Dádelle unha parte do sueldo ou algo. Non é xusto. Decir que ya sabéis que está la moción de censura en Madrid presentada por el PSOE, ya está presentada, y nosotros presentaremos una próximamente aquí en el Concello de Ourense. A ver el PSOE si es coherente en los dos sitios intentando quitar al Partido Popular. Simplemente decir que esta semana... ¿habéis visto la película *Tú a Boston y yo a California*? Pues a nivel local tenemos algo así; *Tú a Kiev y yo a Pekín*, porque ese se va a Kiev y el alcalde de Orense rumbo a Pekín, en la provincia y la ciudad más atrasadas de España, aí os teñen, viaxando polo estranxeiro e ao carallo. Respecto a este tema decir básicamente, de esto de las piscinas, que el presidente de la Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, nos copió un proyecto, una idea original que es el parque acuático para Orense. Pues no solo, después de dos años, esto fue en septiembre del 2016, nos copió aquella idea y dijo que iba a hacer un parque acuático en Monterrei (transformar Monterrei en un gran complejo y hacer un parque acuático); no solo no hizo nada del parque acuático, sino que no abrió las piscinas que se habían cerrado previamente del parque tecnológico. Tú imagínate qué tomadura de pelo. ¡Una auténtica tomadura de pelo! (Me parece que esta moción, por la cara, la va a llevar el señor Doval ¿no, me

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

equivoco? No la va a llevar usted, ya me di cuenta por los gestos qué hacía). Entonces, realmente tenemos que decir un dato. Con el cierre de las piscinas de Pereiro, Orense tiene menos instalaciones acuáticas que en los años 80. En los años 80 estaba Oira y pronto abrió Monterrei, después vendría el Parque Tecnológico y ahora, como está cerrada, volvemos un poco atrás. Es decir, Orense no tiene playa, obviamente Democracia Orensana va a construir un parque acuático, pero mientras no construyamos un parque acuático queremos un mínimo de piscinas abierto porque realmente no tenemos nada y el gasto que tiene que hacer la Xunta es realmente mínimo en comparación con lo que gasta en lo que es el Eje Atlántico. Es tal la discriminación que, desde luego, tenemos que votar a favor de la moción del PSOE de que, en Orense, la ciudad más calurosa de la mitad norte de España, ¡por Dios!, que tenga el mayor número de puntos acuáticos por llamarle de algún modo. Máximo porque a veces en Pereiro hay una gran afluencia de gente y entonces es bueno, obviamente, que no estén hacinados en muchísimos casos. Por supuesto que deberían bajar las tarifas, es una tomadura de pelo, Orense es una zona deprimida que debería defender la Xunta. A favor totalmente de abrir esta piscina y, es más, estaba también un poco en concordancia con lo que decíamos de comprar el Complejo del Bamio; es decir, si nosotros queremos que se compre el Complejo del Bamio como infraestructura para Orense, el Complejo del Bamio tiene una piscina que queremos tener abierta para la zona de Mende y la zona de la Lonía. Tendríamos allí una piscina al aire libre que querríamos tener abierta, obviamente también queremos entonces lo que propone aquí el PSOE de la zona de Pereiro, aunque ya está la de Monterrei, tenga una mayor oferta así que estamos totalmente a favor de esta moción.

**D. Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Señor Jácome, a vida como detective non a vai gañar. Xa vexo que non. Vou a empezar polo principio, por aclarar a nosa emenda. Nós facemos unha emenda, vamos a votar en contra da moción do Grupo Socialista, por varias cuestións. Unha, porque nos propoñen renovar un convenio que non é posible renovar porque legalmente non sería posible, dado que a piscina necesita obras preceptivas para que se legalice; co cal non podemos renovar aquilo que a día de hoxe non se pode usar. Segundo, dinnos que a Xunta determine as obras de urxencia. Iso vai un pouco en relación coa nosa petición que facemos que é que non é outra que a seguinte:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*Instar á Xunta de Galicia para que informe e resolva sobre as peticións, xa formuladas desde a Deputación Provincial de Ourense, acerca das obras preceptivas e necesarias para o acondicionamento das piscinas do Parque Tecnolóxico de Galicia.*

Como segundo punto, *a Deputación de Ourense trasladaralle unha vez máis á Xunta de Galicia a súa disposición a facerse cargo da xestión das instalacións.*

E dicir, primeiro, pedímoslle que nos digan e determinen as obras que están a estudar para poder facer legal o uso da piscina. Xa o están facendo e nós falamos nos últimos días coa propia Xunta e trasladounos que, de maneira inmediata, ían intentar licitar as obras para, a continuación, executar as mesmas para poder abrir canto antes. Segundo, nós de novo, tal e como dicía o asesor de deportes desta Casa, ao cal sempre felicito e aproveito a ocasión para facelo porque fai un labor extraordinario na Deputación, dixo que a Deputación está ao servizo para poder xestionar esas piscinas. De novo facemos neste Pleno, aproveitamos para facelo público de novo; nós, a Deputación, móstrase disposta a xestionar unha vez que rematen as obras necesarias e preceptivas. En canto ao manifestado por Democracia Ourensana sobre o Bamio, que vexo que lle gusta moito o Bamio, e como vostede vexo que tampouco é de números, quizás tampouco de letras, teño aquí un whatsapp que me chegou fai un rato que di: valor de suelo rústico 170.000 - por se quere tomar nota vou despacio, ¿no?, vale - valor construído actualmente, 2.924.000 - construído actualmente - valor de reparacións necesarias – vou *despacio* - 2.769.000; custo de demolición actual, 1.383.000. Esta era a ganga que vostede e o administrador concursal, ou o administrador concursal e vostede dicían que nos regalaban a toda a provincia de Ourense. Si, dicía que era ganga, vólvolle a dicir o mesmo, que siga coa compra vostede. Perfecto, si vostede.... tranquilo, tranquilo, non se preocupe, vaíamos *despacio*. Esta era a ganga famosa que ao final os números reflicten que non é ningún tipo de ganga. Por último, nós estamos en calquera caso á disposición da Xunta que, unha vez que faga as obras preceptivas e necesarias, a intentar reabrir a piscina, como non podería ser doutra maneira, dado que estamos absolutamente de acordo con que é unha instalación moi demandada por todos os veciños.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Antes de nada agradecer o apoio dos dous grupos que xa manifestaron o apoio a esta moción e, con respecto das emendas e da intervención do voceiro, neste caso,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

do Partido Popular dicir o seguinte, estamos unha vez máis ante o exemplo de *emenda que algo queda*. Eu xa lle digo que como consideramos esta cuestión bastante importante, ímoslle votar a favor das súas emendas por dúas razóns. Unha, é que apenas difiren das nosas. Se nós dicimos *que a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia renoven o acordo que permitía...* evidentemente vostedes son goberno e teñen máis información da que nós dispoñemos. Nós pedimos o que está na nosa man, que se renove o acordo. Vostedes din: *a Deputación de Ourense trasladará unha vez máis á Xunta de Galicia a súa disposición a facerse cargo da xestión das instalacións, como xa ten reiterado en diversas e diferentes ocasións*; será vía a través dun convenio ou acordo, digo eu. Entón, *bueno*, ¿que lle engaden vostedes? que trasladarán á Xunta de Galicia a súa disposición; vale, parécenos ben que quede constancia de que vostedes o levan intentando e que a Xunta, pois *bueno*, vale, non lles fai caso. Catro anos leva para lles facer caso. En canto ao outro punto, fíxese vostede ata que punto son coincidentes, vostedes din: *instar á Xunta de Galicia a que informe e resolva sobre as peticións, xa formuladas desde a Deputación Provincial de Ourense, acerca das obras* (hai que poñer algunha coma de vez en cando porque senón afoga un) *acerca das obras preceptivas e necesarias para o acondicionamento das piscinas do Parque Tecnolóxico de Galicia e a reapertura das instalacións á maior celeridade posible*. *Bueno*, moi ben, que informe e resolva. Nós dicimos que determine con urxencia (porque algunhas obras haberá que facer dado o estado de abandono e deterioro) aquelas actuacións administrativas e as obras que sexan necesarias. De novo pois que xa teñen vostedes feito petición. Parécenos ben que quede constancia das xestións que vostedes levan efectuadas. Por iso lles digo que, no básico, e no fundamental concordan. Se vostedes se senten máis a gusto que conste así, das xestións que levan realizadas, nós por iso non temos problema. Agora ben, espero que á decisión que se adopte neste Pleno lle fagan máis caso que ás peticións que vostedes teñen feitas porque levan catro anos as piscinas pechadas e non sabemos por que están pechadas. ¿Que pasa con esas obras? ¿Que inconveniente hai? Ou é a caso unha falta de vontade política e, como ben dixo o señor Jácome, de que en Ourense apenas contamos? Pois home, fáganse valer, nós darémonos por contentos. Xa lle digo que lle apoiamos as súas emendas, pero o que queremos é que abran as piscinas e que abran o antes posible. Moitas grazas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** antes pensé que iba a hablar Doval por un xesto que me confundín que parece que fixo Pablo asentindo coa cabeza. Pero non pasa nada. Claro, ademais é de Pereiro, por iso pensei que ía falar el, foime a cabeza ao Pereiro. Eu vou moito alí a Monterrei a entrenar. Mira, me hace gracia porque dices que yo no soy ni de letras, ni de números. Efectivamente acertaste, yo en 1º de BUP ya dejé de estudiar. 1º de BUP era difícilísimo, entonces *tripití* y dije ¡uf, Dios mío! Me hace gracia porque ayer estábamos en el homenaje a Franqueira y fíjate (tiene relación con lo que acabas de decir) cuando vinieron los huevos, dice que cuando se entró en el mercado común, en el año 86, el precio de los huevos cayó y Coren tuvo una pérdida de 1.100 millones de pesetas, dijo Franqueira ayer, tuvimos una pérdida a finales de los 80 de 1.100 millones de pesetas y dijo: iso non sei canto é en euros. Dice el alcalde de Orense, 12 millones de euros. O sea, 1.100 millones de pesetas, dice 12 millones de euros. No me extraña que una persona así (automáticamente yo lo sabía que son 7 y él dice 12 todo convencido), no me extraña que el tío no sea capaz de hacer presupuestos, o que tenga reparos de intervención; además es doctor universitario y dice 12 millones de euros. Supongo que ese whatsapp que te pasaron demuestra cómo se gestiona el Concello de Orense, porque yo del Bamio lo sé todo. Entonces acaba de decir el alcalde de A Veiga, dice que el precio rústico del Bamio son 170.000 €. Cierito, el suelo rustico, 170.000 €. Y luego dice, el coste por repararlo eran dos millones setecientos mil, el coste actual son dos millones novecientos mil. Entonces dice que son dos millones novecientos mil, pero, ¡vamos a ver! Lo que está diciendo del coste actual es que se utilizarían lo que son las planchadas y las columnas y eso vale dos millones y pico. Entonces, eso, lo estarías comprando por doscientos mil. Es decir, el precio de Bamio no son 170.000, es 170.000 más la estructura que tú compras. Eso vale dos millones novecientos mil, más 170.000 se va a tres; con lo cual tú comprarías algo que vale tres millones de euros, lo comprarías por 200.000-300.000 €, con lo cual fíjate lo que te ahorras. Ahora te harían falta dos millones setecientos mil para ponerlo originalmente que, entonces, valdría nueve millones porque es lo que valdría originalmente, valdría el precio de eso. Es decir, lo repararías por eso. Lo que te quiero decir es que lo que tú estarías comprando es la estructura del Bamio, con las columnas y la planchada más el suelo rústico, está valorado en tres millones de euros y el Concello lo compraría por 300.000. ¡Oye, un 10% de su valor! luego le meterías esas

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

reformas y pasaría a valer obviamente muchísimo más; acercándose, como dijo el arquitecto, al coste original de nuevo de paquete que estaría en torno a nueve millones de euros. Yo creo que ahí te hiciste un lío con la información que te mandó el Concello de Ourense. No olvidemos que el Concello de Ourense hizo una propaganda que decía hemos aumentado las partidas de no sé qué, dos millones de euros. Lo ponía en el Facebook el alcalde de Ourense, lo podéis ver en su Facebook, ponía: hemos aumentado la partida tal con dos millones de euros y ponía entre paréntesis 1.083.000 ¡ostra! Vaia redondeo lle fixo o tipo. Dos millones de euros y luego pone entre paréntesis 1.083.000. Non me extraña que así nin teña orzamentos. Respecto a este tema volvemos a decir, por cierto, el Bamio lo vamos a volver a llevar al Pleno allí para que veas. Lo que es medible no es discutible. Si la planchada y las columnas del Bamio, más el suelo vale tres millones de euros y lo compras por 300.000, yo creo que es una ganga. ¿Qué más habría que decir aquí? Nada, simplemente decir que parque acuático sí, que está claro que tiene que venir Democracia Orensana a hacerlo y que Orense es el patito feo de Galicia porque no sólo no nos hace el parque acuático la Xunta de Galicia, sino que, además, nos dan unas piscinas que poca más infraestructura tenemos que una villa cualquiera. Somos la tercera ciudad de Galicia y en piscinas tenemos unas infraestructuras que poco más que una villa cualquiera.

**D. Juan Anta Rodríguez, PORTAVOZ do Grupo do Partido Popular:** moitas grazas presidente. A ver, se eu me fago un lío (si, ¿acaban?) imaxínese vostede despois de oír que o Bloque Nacionalista Galego ten unha Deputación en Barcelona, oírle ao señor Ojea que a auga nace onde nace e certas cuestións...¡Que me diga vostede que eu me fago un lío cando lle acabo de ler unha transcripción literal!. ¡Home!, ler sei. E volvo dicir, vostede di agora que son 300.000 € o Bamio, ¿pero non quedamos o outro día que eran 700? e agora acábame de dicir 300. Non, o próximo Pleno dóanllo, seguro; a este ritmo no próximo Pleno dóanllo. Pouco a pouco, vaia pouco a pouco, tranquilo. Moi fácil, señor Fraga, mire, é moi fácil, se estamos de acordo que vamos a ter que discutir. O único que estou dicindo é que nós non podemos, en ningún caso, renovar un convenio que, a día de hoxe, non estaría vixente porque non se pode estar, porque hai que facer obras e, polo tanto...(imaxino que o señor Gómez terá ganas de falar, fale co seu partido para que o deixe; pero mentres falemos o resto, non nos interrompa. Tranquilo, tamén. Fale co resto para que o deixen, claro) Sigo, señor Fraga Civeira, non sei que me dicía vostede, se

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

estamos de acordo ¿que problema hai? É dicir, estamos de acordo en que non podemos renovar algo o cal non é legal a apertura hoxe. Estame pedindo que renovemos algo e non podemos facelo, sexa sensato. O da falta de comas é que ten a mala costume de lelo todo; senón lera todo, non farían falta ver tantas comas. Mire, e acabo, sobre o básico, entendemos que non podemos votar a favor; sobre o fondo si que entendemos unha filosofía parecida. Agradecemos que voten vostedes a favor da nosa emenda. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** si, apenas unhas breves consideracións. Para o próximo Pleno vou traer un tratado sobre a importancia das comas que, dependendo de onde se poñan, cambian moito o significado do que se di. Despois, se sei que esta moción tiña esta transcendencia e que daba para tanto, xa sei que vostedes poden debater do que queiran, pero eu próximas meterei nas mocións, nesta por exemplo: *Parque Tecnológico, Bamio y otras zarandajas posibles del mundo mundial* e xa poden falar vostedes do que queiran. Eu pedireilles que no posible se cinguirán ao contido das propostas que se someten a debate. Xa sei que é complicado. Estamos tanto de acordo que xa lle digo que imos a votar a favor. Entenderá vostede que, obviamente, primeiro haberá que facer unhas obras; pero, se eu mandara na Deputación, se non me entregan as piscinas en condicións, eu tampouco me fago cargo delas. Iso entendémolo todos. Nós o que lle dicimos é que, ¡home!, non se sigan durmindo que o verán está a volta da esquina. Entón, que fagan as obras e despois firmen vostedes o convenio, o convenio é a *posteriori* entendemos nós, de xestión, porque senón ¿que van xestionar vostedes algo que non serve para xestionar? A emenda, home, responde ao que fan vostedes sempre. Eu xa o dixen unha vez, é como co cuco, que agora está cantando por aí adiante, e pon os ovos en niño alleo. Pois isto é un pouco. ¿Séntense vostedes máis contentos vostedes presentando estas emendas por un *quítame ya estas pajas?* Pois adiante. Pediríalles que non seguisen facendo como o cuco poñendo os ovos en niño alleo. Moitas grazas.

Por alusións, o presidente cédelle a palabra ao deputado **D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista.**

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** bos días a todos. Señor alcalde de A Veiga, señor Juan, mire unha cousa, eu, como comprenderá falo cando me dá a gana; o que me ten que dar o permiso para falar ou non será o presidente, non vostede. En todo caso,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

se non me podo dirixir a un deputado que se estaba dirixindo el a min e me estaba contestando unha cousa que lle vou a dicir, para que vostede vexa o pouco intelixente que é, o que acaba de demostrar. Eu o que lle dixen primeiro a Jácome foi que vamos a instar aos dous a que boten un partido de tenis. É o que estaba dicindo porque están co Bamio todo o día, un día un, un día outro. Era o que estaba dicindo. Jácome, que me autorizou a dicilo, estaba dicindo de vostede que vostede era un tío listo, bastante listo contestando. Ou sexa que mire ata que punto é pouco intelixente que se mete con el cando non estaba contestando iso. Non lle estaba dicindo outra cousa. Eu non sei porque ten esa obsesión comigo. Se quere, afortunadamente aquí, a parte de que teña que ser o presidente o que dea o *turno* para falar, tamén lle digo unha cousa, coñece vostede moi pouco o regulamento desta Deputación porque ningún partido me vai impedir a min como deputado falar. ¿Entende? Porque eu, se quero, podo intervir porque teño a capacidade e a potestade para presentar as iniciativas como deputado que queira. Polo tanto, cando queira debater con vostede, vouno facer. Pero, sabe o que lle digo, que non teño ganas nin con vostede nin con ningún de vostedes porque non me apetece. Xa o teño demostrado outras veces e non teño nada que demostrar, ¿vale?, que lle quede claro.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Unha vez finalizado o debate, a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que informe e resolva sobre as peticións, xa formuladas desde a Deputación Provincial de Ourense, acerca das obras preceptivas e necesarias para o acondicionamento das piscinas do Parque Tecnolóxico de Galicia e a reapertura das instalacións á maior celeridade posible.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

2º.- A Deputación de Ourense trasladaralle unha vez máis á Xunta de Galicia a súa disposición a facerse cargo da xestión das instalacións, como xa ten reiterado en diferentes ocasións.

**10º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO RESTABLECIMENTO DO SERVIZO DE BIBLIOBÚS PROVINCIAL PARA CUBRIR A CARENCIA DE BIBLIOTECAS MUNICIPAIS NAS ZONAS RURAIS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoñan o contido da moción.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo, grazas. Antes falábamos da auga - unha necesidade básica, vital para o organismo - agora vamos a falar de libros que poderíamos dicir que é unha especie de alimento do espírito. Aquí voume volver dirixir ao señor Plácido, que hoxe téñoa tomada con el, vostede sabe que hai as obras de misericordia corporais e espirituais. Na da auga, dabamos de beber ao sedento e nesta do bibliobús vamos, dalgunha maneira, ensinar ao que non sabe. Bromas a aparte, teñen todos a moción. A moción empeza falando un pouco da importancia das bibliotecas na nosa sociedade (estou seguro que todos vostedes o teñen claro e non haberá que insistir), aquí hai un manifesto da UNESCO sobre as bibliotecas públicas. A moción segue falando do que significaron os bibliobuses en épocas pasadas da historia de España, concretamente, empezando pola Segunda República onde todos vostedes saben, a parte dos moitos problemas e conflitos que houbo na Segunda República que desembocaron, como saben, nunha guerra de triste recordo; no caso concreto da educación e no caso concreto da cultura si que podemos dicir que foi unha época de esplendor, floreceron diversas escolas, Ginés de los Ríos, etc... e estes bibliobuses dos que fala a moción que nos recorda ese aspecto da historia. Logo xa fala dos datos da actualidade. Hoxe en día en España funcionan 31 servizos de bibliobús repartidos en 11 comunidades; tamén fala como, nalgunhas comunidades está máis presente que en outras, e tamén fala como na provincia de Ourense, ata ben pouco había un servizo de bibliobús froito da colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación que se cancelou e o que está pedindo fundamentalmente a moción é que se recupere ese servizo de bibliobús. Como dicía ao principio, seguro que non fai moita falta que incida na importancia da cultura en

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

xeral e dos libros en particular. Pero, sobre todo, no ámbito rural, falamos moitas veces dos múltiples aspectos nos que o ámbito rural está discriminado respecto ao ámbito urbano, e este é un deles. Se todo o mundo ten dereito aos libros, pois no ámbito rural este dereito vese bastante *mermado* por razóns obvias. Unha biblioteca pública ten custes e os concellos moitas veces, como dicíamos antes, non están en condicións de asumilos; entón a solución serían estas bibliotecas con rodas ás que chaman bibliobús, que poderían ir repartindo a cultura e os libros por toda a provincia. Os bibliobuses, ademais desta funcionalidade básica de subministrar libros á cidadanía, aos rapaces, ás persoas maiores... sabemos que ultimamente en gran parte do rural moita da poboación está envellecida, pero iso non significa que non lean; de feito é unha interesante iniciativa de ocio para os adultos. Serían os profesionais deses bibliobuses, tamén se fala da moción de que tamén os bibliobuses deberían ser profesionais, deberían ser atendidos por bibliotecarios profesionais que souberan percibir as necesidades e as demandas concretas de cada pobo, de cada aldea, de cada vila en termos de lectura. Xa se encargarían eles, un pouco, de saber escoller, incluso de ser sensibles tamén ás demandas, neste sentido, da cidadanía. Ademais diso, o bibliobús é un pouco como o que dicíamos antes das fontes, un lugar de encontro, un lugar onde se poden facer actividades de animación e que remataría con esa discriminación que sofre o rural con relación á capital da provincia e as vilas grandes de non ter un servizo tan importante para a saúde física, persoal e social da sociedade. Entón, a proposta concreta é: instar á Xunta de Galicia a que, en colaboración coa Deputación de Ourense, estableza ou restableza a actividade e o servizo de bibliobús na provincia de Ourense de modo que se recorran diariamente as zonas que necesiten este servizo, facendo así real e efectivo o dereito de todos os cidadáns á cultura; un dereito básico como xa dixemos. De momento nada máis. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. O peche de toda biblioteca é sempre doloroso; pero cando afecta aos cidadáns máis desfavorecidos pérdese algo máis que un servizo fundamental no acceso á cultura e á información e ao enriquecemento persoal, tamén se perde o dereito a ser iguais dentro de unha mesma sociedade. A Xunta de Galiza suprimiu o bibliobús de Ourense, escudándose

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

na vellez do vehículo e nuns resultados pouco satisfactorios, sen que, pola contra, arbitrara novas prestacións bibliotecarias no seu lugar. Para a Consellería de Cultura a decisión obedeceu a un cambio de política, na que non tiñan lugar os que consideraba servizos obsoletos no seu deseño, funcionamento e materiais. Destinado a cubrir os barrios periféricos ourensáns e as zonas rurais da provincia, este bibliobús era froito da colaboración entre a Xunta e a Deputación, que compartían a titularidade e a xestión; a titularidade para a primeira, e o persoal, para a segunda. Galiza en xeral, e Ourense en particular, conta, ademais de cun índice de envellecemento moi superior á media, cun alto grao de dispersión poboacional, polo que a nosa provincia amosa unha especial aptitude para o desenvolvemento dos servizos de biblioteca móbil como o instrumento de calidade máis eficaz na extensión da biblioteca pública á totalidade dos seus habitantes. Na provincia de Ourense só o 68 % dos concellos teñen biblioteca, destas, o 78 % non supera os 2.000 volumes. O Decreto autonómico de refundición de normativa en materia bibliotecaria é un dos poucos que en España regula a presenza dos bibliobuses no sistema bibliotecario da súa Comunidade, con todo de nada serve si estes non existen. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, e atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre as bibliotecas de interese da comunidade. O Goberno galego foi desenvolvendo durante os anos noventa unha serie de normas regulamentarias que permitiron despregar o Sistema Galego de Bibliotecas tal e como hoxe se coñece. No entanto, co paso do tempo, os cambios e as tendencias de evolución das bibliotecas galegas fixeron que quedara un pouco *anclado* no tempo e que se necesite unha revisión e unha reelaboración dunha normativa que as regule e potencie. A Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia aborda en dous capítulos a definición e estrutura da Rede de Bibliotecas Públicas, así como o réxime de prestación dos servizos bibliotecarios. A idea central do primeiro capítulo é a definición de catro tipos de bibliotecas, segundo as súas funcións e o territorio ao que prestan servizos: bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas locais. As mallas de territorio que non sexan atendidas por estas bibliotecas deberán ser obxecto de atención por servizos bibliotecarios móbiles. Para facilitar unha mellor determinación e concreción dos criterios de calidade da rede elaborárase o mapa de bibliotecas públicas de Galicia, que é un

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

instrumento planificador que se regula na propia Lei. Esperemos que a dobre contradición da realidade bibliotecaria de Ourense e da lexislación galega con respecto á lexislación nesta materia leve á reflexión necesaria para satisfacer os intereses dos cidadáns mediante servizos bibliotecarios suficientes e capaces. Nós, en función de todo o explicado, entendemos que é acaída a proposta que nos trae hoxe Democracia Orensana e vai a contar co noso apoio. De momento nada máis, moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Esta iniciativa que hoxe nos presenta o Grupo Democracia Orensana parécenos moi vantaxosa para a nosa provincia. Xa se dixo que o último bibliobús que foi eliminado pola Xunta de Galicia foi, precisamente, en Ourense no ano 2007. Pero este servizo temos que abordalo en conxunto co abandono e castigo que padecen as bibliotecas municipais, as bibliotecas que temos nos nosos concellos. En numerosos casos nos nosos concellos, e non tan pequenos moitos deles, sófrese unha falta de financiamento nos últimos anos, o que levou a que persoal estivese facendo labores, abrindo o concello, abrindo instalacións deportivas... eu creo que todos os que estamos nesta bancada e os que están nesa bancada que temos responsabilidades saben do que estamos a falar. Non se trata de esaxeracións, trátase dunha realidade palpable. Non se dispón de traballadores para atender un servizo que debería ser especializado por falta de recursos da Xunta e por suposto, por falta dunha rede de asistencia por parte desta Deputación; como xa acontece noutros lugares, como por exemplo a Deputación de Barcelona que antes xa se falou dela. Para que entendan do que lles estou a falar, a xerencia de servizos de bibliotecas da Deputación de Barcelona - si, teñen unha xerencia de servizos de bibliotecas - asesora a concellos na creación e desenvolvemento de servizos bibliotecarios. Igualiño que aquí. Insistimos unha e outra vez máis no mesmo, teñen a oportunidade de asistir aos concellos da provincia; teñen a oportunidade de ser pioneiros en Galicia e crear servizos de asistencia en rede. Moitos dos que estamos aquí e temos responsabilidades municipais ao mellor queremos combinar estes servizos, os de bibliobús e o de biblioteca municipal, porque temos que garantir, si, temos que garantir o acceso á cultura de todos e todas, vivan onde vivan, e nesta provincia, sacando Ourense e unhas cantas vilas, todos somos concellos eminentemente rurais que precisamos de servizos, como quen di, á porta da casa. Vou poñer tamén outro exemplo dunha comunidade e provincia coa súa mesma cor política. Na provincia de Zamora, Comunidade de Castela e León, un caso moi parecido ao

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

noso, só un 8% da poboación queda sen atender por servizo bibliotecario, entre o bibliobús e as bibliotecas municipais. Pero en Galicia, e precisamente en Ourense, estamos ante a *pescadilla* que se morde o rabo. Non hai xente nas aldeas e, como non hai xente, non hai servizos e como non hai servizos non hai asentamento de poboación. Isto é responsabilidade dos que gobernan, non son maldicións divinas. Vou rematar xa dicindo que isto só vai dunha cousa da que xa reiteramos varias veces, que é vontade política. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** moi bos días. Grazas pola oportunidade de dirixirme a todos os deputados e deputadas nun tema tan apaixonante e interesante como é a cultura. Na miña primeira intervención farei un pequeno repaso do que eu entendo e despois farei as propostas que entendo por onde debe ir o tema. A proposta que traen hoxe, a min, paréceme, sinceramente, doutros tempos. Se realmente fose unha ferramenta útil para mellora de xeito efectivo o nivel cultural dos seus veciños, teñan a seguridade que os alcaldes do rural que coñecen a realidade como ninguén terían esixido que non desaparecese e tamén o demandarían os usuarios. Ao mellor estou eu errado, ¿non sei se a desaparición do bibliobús foi no ano 2007? Non sei se mo confirman os señores da cousa. Pois miren, lamento dicirlles que gobernaban vostedes na Xunta. De verdade, isto dóeme terriblemente que veñan aquí, o Bloque e o Partido Socialista, dicir esta cousa, cando foi no 2007 cando vostedes suprimiron este servizo. ¿Tan importante é agora? De verdade, a min daríame vergoña, se efectivamente foi así a data; porque tamén podó ter dúbidas. Sinceramente estou seguro que, se fose tan importante, eu dende logo non entendía como os alcaldes, os de vostedes e os do meu partido, deixasen de esixir que continuasen. Pero *bueno*, eu sempre miro de cara ao futuro. Os concellos veñen realizando un gran labor para achegar a cultura aos veciños, empregando as estratexias que cada singularidade esixe. Coidamos que non precisan a tutela de ninguén. Han de ser eles quen decidan as intervencións e os cambios que deben introducir. Por certo, señor Ojea, os libros sobre todo, pero a cultura non se transmite soamente a través dos libros; ¿verdade que está de acordo comigo? Hai moita xente que non sabe ler nin escribir; porque desgraciadamente non tivo a oportunidade. E eu cos que levo falado, moitísimas veces son extremadamente cultos, ás veces danme verdadeiras leccións de cultura; porque me dan leccións de valores, leccións de respecto, leccións que dende logo eu aprendo todos os días deles. A min apaixóame iso. Laméntoo porque terían sido máis culto se puideran, como vostede di, acceder ao mundo da cultura, ao mundo marabilloso

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

da lectura e ao mundo da aprendizaxe dos libros. A cultura forma parte da vida, coincido con todos vostedes, coa entidade das persoas, a súa mellora ha de ser froito dun traballo continuo e, dende logo, non pasa porque cada seis meses un bibliobús acuda a un dos máis de 50 núcleos de media que conforman os nosos concellos. Polo tanto, cando vostede fala, señora portavoz do Partido Socialista, compara con Zamora; lamento dicirlle que Ourense parécese moi pouco a Zamora, nalgunhas cousas si, noutras non. Porque hai concellos, sabe vostede mellor ca min ou tan ben coma min, que teñen ata 120-130 núcleos de poboación. Eu a pregunta que lle fago, faríalle unha pregunta a todos vostedes e ao autor da moción, ¿cantos bibliobuses serían precisos para chegar aos máis de 2.000 núcleos de poboación da nosa provincia? E ¿cantas persoas serían necesarias para implementar o que vostedes propoñen? Porque ademais, desgraciadamente, no bibliobús había moi boa vontade, pero esas persoas especializadas no mundo da cultura e no mundo do ensino, no mundo da transmisión cultural, primeiro por número e despois por seus coñecementos ao mellor non eran, verdadeiramente as que poderían facelo. De momento nada máis e moitas grazas na miña primeira intervención.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** vamos a ver, di o señor Doval que a cultura non se transmite só polos libros. Claro que non, a cultura transmítese polos libros, polos cadros, polos discos, polas películas de cine, polas estatuas, pola música e tamén pola conversa e por vía oral; pero a moción fala do que fala, dun xeito concreto de transmisión da cultura que son os libros. Iso non implica que se pense que o único xeito de transmisión de cultura sexan os libros. Estamos falando do bibliobús e dun xeito moi concreto. O ideal sería que tamén houbera unha pinacoteca móbil polos pobos que trouxera, de vez en cando, *cuadros* de Velázquez e de Picasso, loxicamente e que houbera, o mellor, outro tipo de iniciativas culturais. Aquí fálase do que se fala que é concretamente do bibliobús. Deume a impresión que vostedes, ou vostede, pensa que o libro é algo anticuado, fala dunha proposta doutros tempos. Voulle a dicir o que respondeu Umberto Eco cando lle preguntaron se pensaba que algún día ían desaparecer os libros; Umberto Eco dixo: *mire, un libro é algo así como un culler, un obxecto básico, estará sempre aí*. Se fixéramos unha viaxe no tempo, miles de anos atrás, ou incluso cara ao futuro, un dos poucos obxectos que recoñeceríamos sería unha *cuchara*, pode cambiar o deseño, un pouco máis grande, máis pequeno, máis estirado, dun material, doutro; pero unha *cuchara* é un obxecto básico. Pois un libro é un obxecto básico que, por moito que hoxe haxa e - books ou outros procedementos, por certo, o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

bibliobús no só fala na moción de que sexan libros no seu formato clásico, fala tamén de material multimedia e doutros xeitos de transmisión da cultura que poden ir no mesmo bibliobús. Vostede fala de que sería moi custoso chegar a cada núcleo de poboación, tamén é moi custoso chegar a cada núcleo da poboación coa recollida da *basura* ou a recollida do aceite doméstico; sen embargo non queda máis remedio que facelo porque son dereitos que se teñen que recoñecer da poboación. Se entendemos que a cultura é un dereito haberá que facer o mesmo esforzo cos libros que coa recollida da *basura*, digo eu. Fala que no pasado ao mellor o persoal que atendía ese bibliobús non era o máis axeitado, pero na moción fálase, a nosa proposta é de que eses bibliobuses estean atendidos por persoal cualificado; que no pasado non o estiveran, no temos culpa, pero hai unhas carreiras moi concretas que son para iso, para manexar os libros, bibliotecarios, arquiteiros que manexan perfectamente os códigos CDU... xa están para iso eses técnicos. Nós o que propoñemos é algo tan sinxelo como que se restaure ese servizo que, como dicían os compañeiros, funciona noutras comunidades. Hai entrevistas e estudos que os pode atopar en internet acerca do grao de satisfacción que teñen os cidadáns onde existe ese servizo e realmente é un verdadeiro servizo. Loxicamente o hábito de lectura algo hai que fomentalo porque iso é tamén como o hábito da cultura e do ensino. Se vostede lle pregunta a un rapaz pequeno se quere ir á escola o máis seguro é que lle responda que non; pero haberá que facer tamén algunha misión de fomento porque hai unha grande diferenza entre unha sociedade cuxos membros len libros como hábito habitual e unha sociedade na que non se le. Iso paréceme a min que vostede, que ademais é educador profesional, creo que non teño que convencelo diso. Mire, voulle contar unha anécdota, xa que estamos así en plan de anécdotas, hai un escrito de Virginia Woolf que me gusta moito. Nese escrito están no día do xuízo final; están alí no Val de Josafat *juzgando a vivos y muertos y todo eso*. Entón está Dios e San Pedro e estalle preguntando a cada un dos grupos de justos que premio lle dá. Entón di: *ahí vienen los que estaban en las ONG's, ¿a estos que les damos? Pues les damos esto*. Íanlle dando a cada un un premio por ter sido xustos e, de repente, preguntalle Dios a San Pedro *¿y eses que veñen aí quen son?* E di: *eses son os que len libros*. Di Deus: *a eses non podemos darlle nada, eses xa teñen o mellor que hai*. Con iso non sei se lle dou unha idea acerca da importancia dos libros e a cerca de restablecer este servizo. De momento nada máis.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Eu moi brevemente. Simplemente dáballle moita importancia o portavoz do Grupo

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

Popular neste punto ao feito de que o bibliobús se suspendera no ano 2007 co infausto goberno bipartito, parece ser. De todas maneiras eu non sei se nos deu o argumento cambiado ou ao revés, ou os intercambiou porque primeiro quitáballe importancia, dicía, contestando á moción, que era algo arcaico (non sei se foi o que dixo). É dicir, quitáballe importancia á propia moción e á existencia deste servizo e despois a continuación *rasgábase* as vestiduras de que un goberno, un goberno do bipartito no ano 2007, suprimira este servizo que, polo que se ve, parece ser que a partir dese momento era esencial. Entón non sei moi ben con cal dos dous argumentos quedarme. De todas maneiras, case me quedo máis no de quitarlle importancia vendo que despois, entre o 2007 e o 2018, pasaron once anos dos cales xa levamos oito ou nove de goberno do Partido Popular e non tiveron moita ansia de restaurar ese dano histórico feito polo goberno bipartito á provincia de Ourense. En once anos ben tempo tiveron de poñelo a funcionar se realmente lle daba esa importancia ou importancia que dende outros partidos si lle demos. Despois tamén nos dicía que se realmente fora algo importante, nese argumento que eu non terminei de pillar, sería algo demandado polos veciños e polos alcaldes. ¡Home! Non vexo a moitos alcaldes preocupados pola cultura. Dende logo é un tema transcendente, xa se explica na moción, xa o dixo Armando, pero non o vexo eu como un tema moi prioritario á hora de, por exemplo, formular procesos electorais ou cando nos estamos achegando ás eleccións. Eu creo que todos os alcaldes, polo que é a miña experiencia, o que lle piden á Deputación é que lles mande a brigada de obras para tapar uns *baches*, tapar un tal, poñer unhas *farolas*, poñer uns bancos porque saben que é o que lles vai dar os votos e non os vexo demandando librarías ou bibliobuses neste caso, ou obras de teatro ou eventos musicais, etc... Despois di tamén cantos fan falta. Pois mire, eu non o sei, non o sabe ninguén hoxe aquí os que farían falta; pero é que tampouco necesitamos bibliobuses todos para estar os días en todos os núcleos de poboación da provincia de Ourense. O que necesitamos é un servizo complementario á rede que xa existe. Seguramente non haxa que chegar todos os días, nin seguramente todas as semanas, nin seguramente a todos os núcleos; porque hai núcleos que xa coa rede de bibliotecas que existen fundamentalmente nas vilas, nas cidades ou na cidade, nas vilas e nos núcleos máis grandes pois os núcleos de arredor xa teñan cuberto ese servizo. Habería que ver, en todo caso, que núcleos se deberían cubrir e cumprimentar esa rede para chegar a dar realmente esa cobertura do 100% que é o que eu entendo que se demanda na

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

moción cun servizo como bibliobús que cumprimentaría a rede que actualmente existe. Nada máis. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente. Eu, nada, soamente dous datos. Simplemente dicir que o que entendemos todos, o que se pretende con esta moción é un servizo complementario máis; non é, como dicían os que me antecederon no uso da palabra, non é un servizo que teña que chegar a todos os *rincóns*. Pero tamén dicir que, si que é verdade, que todos e todas sabemos como están as bibliotecas municipais. Todas e todos sabemos que os concellos de menos de 5.000 habitantes non temos entre as nosas competencias ter unha biblioteca municipal e algúns, os que a temos, os horarios de apertura ou que non temos, en moitos casos, non temos apertura, sabemos por que non temos apertura, porque non temos persoal que a atenda e non podemos obrigar a unha persoa, ou obrigar ou dicirlle a alguén que está abrindo o concello que tamén vaia a abrir a porta da biblioteca; ou que estea alí atendendo ou que vaia alí a pechar. Outro punto que tamén quería dicir, mire, non sei se sabe que no servizo de bibliotecas da Consellería da Xunta de Galicia, a rede de bibliotecas actualmente funciona con tres persoas. Non sei se sabe que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2018 baixan, con respecto ao 2017, un 14% destinado ás bibliotecas públicas. Dende o ano 2012, reduciuse máis do 50% neste dato. Eu só dicir que nós o que queremos é implementar máis un servizo que temos os concellos, uns non funcionan, outros non funcionan ben; é unha implementación máis, non sei cal é o problema que lle ve vostede. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** vou mirar se dou resposta a todos vostedes. En primeiro lugar, porque é o que máis me chamou á atención, teña vostede a seguridade que, se alguén ama aos libros case tanto coma min, ese son eu. Vostede non interpretou o que eu quixen dicir ou o eu non me expliquei ben. Pero, dende logo, eu non dixen en ningún momento que a transmisión de coñecemento, de cultura, precisamente non fose unha fonte, quizás a máis importante, unha delas, os libros; a única cousa que dixen é que, ademais dos libros, existen outras formas de transmisión de coñecemento. Polo tanto, direille ao que me refiro cando falo doutras épocas, cando faga a miña intervención, agora estou contestando tamén. Eu sinxelamente me referín a vostedes porque puxeron o grito no ceo pola suspensión das bibliotecas, do bibliobús. Eu a única cousa que lles dicía, lles viña a dicir, que se era tan importantes, sorprendíame que vostedes naquel momento non puxeran o grito no

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

ceo pola súa suspensión. Eu non dixen en ningún momento que non fose necesario implementar máis medios en materia de cultura. Eu iso non o dixen. Tamén lle teño que dicir, xa que fala vostede de libros, mire vostede, cando fala dos concellos a min agradeceríame moito que aquela inversión importante que fixeron dende a Consellería na que vostedes tiñan, naquel momento, responsabilidade non a investiran e enviáranos aos concellos que, aínda que non dispuxésemos dunha biblioteca algúns, outros témola porque cremos na importancia da cultura, e sería importante aumentar o número de volumes que tiñamos. Pois non, non sei a onde foron; ao mellor están gardados aínda. Se están gardados, eu pedíalle aos responsables actuais que nos enviaran porque serían ben recibidos. Ademais estou seguro que serían libros en galego, libros tremendamente interesantes porque me consta que unha consellería cando fai investimento en libros e así moi directamente o avala, seguro que fixo un gran investimento en libros importantes. En canto ao tema que me din dos alcaldes, teña vostede coidado porque seguro que se equivoca cando xeneraliza vostede. Eu estou seguro que os alcaldes de todos os grupos, os do Partido Popular e os que pertencen ao seu partido, dende logo á súa maneira pensan que a cultura é verdadeiramente importante. E déixese vostede xa de esas *tonterías*, para min, de que se piden antes das eleccións para botar *hormigón*. Non, está vostede errado, seguro que está vostede errado; dígollo de corazón. Cada un á súa maneira, pero dende logo preocúpalles a cultura. ¿Que pasa? Que ás veces non é só a través das bibliotecas, hai moitas outras formas de avalar a cultura e de poñer en marcha medidas que melloren os coñecementos dos cidadáns e vostede sabe perfectamente cales son. Voulle poñer o exemplo do meu concello, soamente recoñecía un concello que era o de Xinzo que tiña un proceso de educación de adultos fai 25 anos, pois o meu concello dende hai máis de 25 anos funciona un proxecto de educación de adultos que non soamente serviu para elevar o nivel cultural das persoas, senón que serviu para moitas outras cousas; por exemplo, para crear un servizo de proximidade, seguro que para defender a ultranza un colexio para que fora o mellor do mundo. ¿Enténdeme? Todo iso é así. Polo tanto, eu e no meu concello a cultura e a educación forman parte da forma de gobernar. Polo tanto o xeneralizar.... ademais, teño que dicilo, estou seguro que todos os alcaldes fan o posible para mellorar o nivel cultural dos seus cidadáns porque saben da importancia que ten e cada día máis. Eu estou seguro que é así, non teño a visión que vostede di; dos que pertencen ao seu partido e dos que pertencen aos outros partidos e a todos e tamén aos que pertencen ao meu. Deixe de pensar que os alcaldes pensan

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018**

así, vostede pensa seguro así, non pense por como pensan os alcaldes. En canto ao tema que me dicía a deputada, estou de acordo que efectivamente fan falta máis medios. Eu empezaría sempre por crear primeiro unha biblioteca municipal antes de mandar un bibliobús polos pobos porque, iso podería ser complementario, pero primeiro fagamos o máis fundamental que é crear unha biblioteca. Ás veces, incluso, hai que facer un bo uso dos medios que teñen, porque nos colexios - moi importante - nos colexios teñen unha boa biblioteca e os nenos, como despois na miña intervención especificamente o abordarei, fan un gran papel de dinamizadores da cultura. Falaba vostede da Deputación de Pontevedra, perdón de Barcelona (tamén podería falar de Pontevedra que seguro que triplica a esta en orzamento) ten nin máis nin menos que 4.000 traballadores, 1.100 millóns de euros de orzamento e ten 311 concellos; comparar ás veces...Por iso, cando fixeron a comparativa con Zamora, non se parece en nada. Home, eu coñezo a realidade de Ourense, quizás menos a de Zamora; a de Ourense coñézoa, xa dixen antes que había concellos aquí que teñen 128 núcleos de poboación. Agora voume cinguir xa á miña intervención, á que tiña. Vou agora ao que tiña aquí, señor presidente, porque se todos interveñen, é difícil. A filosofía da moción que vostedes presentan puido ter cabida nos anos en que se puxo en marcha –a iso é ao que me quería referir- ogallá, e dígoo tamén eu así, nunca tivera que ver a luz por ter existido outras canles de acceso á cultura dende un Estado democrático e de dereito. Vostede falou antes de Ginés de los Ríos, evidentemente, Ginés de los Ríos dixo saquemos as aulas á rúa, que era moi importante e iso sería tamén, estaba pensando, en elevar o nivel cultural das persoas; non soamente a educación formal. Na actualidade existen bibliotecas que son referente pola seu funcionamento e actividade. Eu teño que facer aquí esta referencia porque, evidentemente, non dicir que as bibliotecas xogan un papel importante de transmisión de cultura e que non hai aínda en todos os concellos, pero eu confío en que non tardará moito en que todos os concellos disporán de elas; o que pasa é que tiñan prioridades e seguro que algúns tiveron que ir a onde máis lle esixían os seus veciños. Vou dicir exemplos, a de Verín que vén de ser galardoada polo Ministerio de Cultura como a mellor biblioteca do estado co premio María Moliner; a de Celanova; a de Pereiro de Aguiar que, teño que dicilo, funciona perfectamente ben e non desde logo só cos libros, senón con outras actividades tremendamente importantes para toda a poboación; a da comarca da Limia, por citar algunhas. Na actualidade transmítese coñecemento e tense acceso á cultura por multitude de vieiros bastante máis axeitados que os que vostedes propoñen. A totalidade das

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

nenas e os nenos, como non pode ser doutro xeito, están escolarizados e os centros educativos contan cuns fondos bibliográficos bastante axeitados – nunca en demasía - e outros medios tecnolóxicos enriquecen os seus coñecementos e a súa auto - aprendizaxe. No século XXI, se se pretende dar resposta a unha sociedade diversa coma a actual, e no eido cultural e educativo se cabe aínda máis, e imposible facelo con ferramentas arcaicas. Debemos ter presente que nos tempos actuais o de hoxe mañá será moi antigo. Os alumnos son axentes dinamizadores da cultura e unha ponte entre a escola e a familia e viceversa; en definitiva, non só entre a escola e a familia; senón entre a escola e a familia e á súas vez coa sociedade e dun xeito especial no eido das novas tecnoloxías a interacción beneficia a todos, tamén ao alumno. O centro interxeracional que está a piques de comezar a prestar servizo na nosa provincia, estamos seguros que será un referente de convivencia e transmisión de coñecemento e valores. O presente, e moito máis o futuro, pasa por ese modelo, polo que, dende o equipo de goberno, estamos a traballar en proxectos innovadores que realmente dean resposta axeitada á demanda actual, o obxectivo é que os veciños teñan non só acceso ao mundo da cultura, senón tamén aos avances do mundo científico- tecnolóxico. Para que así sexa é imprescindible un compromiso comunitario. O desenvolvemento actual de todos os sectores e niveis da sociedade fai imprescindible operar dende a máquina, polo que temos que facer posible que os usuarios poidan facer uso deles, lograr que perdan o medo, iso contribuirá, sen dúbida, ao enriquecemento cultural dos veciños con independencia do lugar onde residan. O exposto explica claramente as razóns polas que votaremos en contra da súa proposta. Nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** xa vexo que o Partido Popular vota en contra de levar os libros a todos e cada un dos recunchos da provincia de Ourense. Fala o señor Doval da tecnoloxía, loxicamente a xente terá que aprender a manexar internet, aprender a manexar *tablets*; pero como dicía os libros sempre están aí. Mire, teño aquí apuntadas unhas cantas cousas para comentar. Dicía o señor Ramiro que os alcaldes estaban máis preocupados en que lle levaran a recollida de *basuras* e todo iso. Creo que foi Churchill o que dixo a diferenza entre os estadistas e os políticos: os políticos pensan nas seguintes eleccións e os estadistas pensan na seguinte xeración. O efecto de levar libros aos pobos vese na seguinte xeración, claro, non se ve nas seguintes eleccións. Ese é o problema e estamos na cultura da inmediatez. As seguintes eleccións son dentro dun ano,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

dentro de catro como máximo, loxicamente o efecto da lectura e o efecto da transmisión de cultura funciona a un prazo máis largo e por iso non ten a prioridade que ten, por exemplo, o que dicía Ramiro. Non é vendible digamos en termos electorais. Voulle dicir outra cousa, falaba da dificultade de levar os libros. Na I Guerra Mundial, que eran unhas condicións moitísimo máis duras que as que temos hoxe na provincia de Ourense, nas trincheiras da fronteira entre Francia e Alemaña, os estados fixeron un esforzo enorme - iso pode consultalo en internet - en levar libros ao fronte para os soldados; recompilábanos da poboación os voluntarios. Pode examinar ese aspecto da I Guerra Mundial que é realmente fascinante como se *volcaba* a poboación en doar libros para levar aos soldados e tiñan que levalos en camións nunhas condicións nas que tiñan que sortear bombas, bombardeos, disparos, etc... para manter, entre outras cousas, a saúde psíquica dos soldados, para encher tempos mortos e para que non perderan a súa dignidade de persoas polo feito de estarse a matar uns aos outros. Nesas condicións pode comprobar a gran cantidade de millóns de libros que foron repartidos nas trincheiras, bastante máis difícil de facer que nas condicións actuais; pero claro, había outra vontade de facer as cousas. Di que os rapaces teñen bibliotecas no colexio. Eu tamén estudei nun colexio e tamén tiña libros na biblioteca e viña aquí, aquí nesta casa estaba a biblioteca onde eu viña de neno, aí onde está rexistro, estaba a biblioteca onde eu, e moitos outros, pasabamos o tempo despois das clases, moitas horas lendo. Había un señor que tiña uns *bigotitos* así que parecía Dalí, moi atento, cubrías a túa ficha e traíache o libro. Facíame moita *gracia* porque me trataba de *usted*, eu era un rapaz de dez anos ou once e tratábame de *usted* para traerme os libros. Era un ambiente verdadeiramente fascinante o que había nesta casa, aí onde se entra polo rexistro que era a biblioteca de aquí, antes de que a levaran onde está agora, alí na rúa Concejo. Eu penso que non hai moito máis que dicir, as actitudes están claras e as prioridades de cada grupo político, neste caso concreto da transmisión da cultura a través dos libros, tamén quedaron bastante ben aclaradas. E sinxelamente que a xente do rural, entre outros moitos aspectos que está discriminada dos que xa temos falado moitas máis veces, que se non hai sucursais bancarias, que se non hai o rexistro, que se non hai os puntos de atención continuada, etc... pois agora hai que engadir un aspecto máis que é a dificultade para acceder á lectura dun número suficientemente grande de libros; porque non basta con que haxa catro ou cinco títulos por aí espallados ao azar. A xente debería ter accesibilidade a outra cantidade e calidade de libros que a que ten, á xente do rural refírome. Nada máis. Moitas grazas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

**11º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DAS VERTEDEURAS NO RÍO TÁMEGA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Desde o BNG temos denunciado reiteradamente tanto os incumprimentos e danos en múltiples aspectos (ambiental, viario, etc) das obras do AVE, como as deficiencias de que a xestión e actuación de boa parte dos nosos ríos pertenza ao goberno central, nomeadamente nas comarcas aglutinadas baixo a distribución provincial de Ourense. Unha vez máis, o pasado martes 8 de maio (e non é a primeira conforme consta por denuncias públicas feitas xa non pola organización nacionalista, non por nós, senón tamén por colectivos de defensa do medio ambiente do territorio) produciuse novamente unha vertedura que afectou ao Támega. Na data referida, 8 de maio, produciuse unha vertedura ao río Cabras, afluente do Támega; vertedura que a todas luces parece ser procedente das obras do AVE. Neste sentido, cómpre recordar que a maioría das verteduras prodúcense cando teñen lugar treboadas ou choivas intensas na zona, o cal parece indicar algún tipo de carencia en canto ás medidas de prevención e contención. Máis aínda, existe a sospeita de que a concorrencia deste tipo de condicións climáticas poida ter sido aproveitada para baleirar balsas con depósitos o que podería explicar a observancia de presunta contaminación producida por lodos xa que as augas presentaban unha cor grisácea ou marrón. Hai que engadir que boa parte do territorio potencialmente afectado por estas verteduras ten diversos graos e figuras de protección como a propia Rede Natura; máis aínda, segundo lle foi transmitido ao Grupo Parlamentario do BNG, no ano 2015 ADEGA realizou unha analítica na que se detectou a presenza de metais pesados. Cómpre recordar que, após a nova vertedura do 8 de maio que chegou a ser visible no paso do Támega por Verín, as autoridades do Concello de Verín desenvolveron unha serie de actuacións de vixilancia e posta en común na procura dunha solución. Así mesmo, a Mancomunidade

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

sumouse a esta vontade. Porén, alén da implicación municipal, desde o BNG, á luz destas cuestións, consideramos que a Xunta de Galiza e a Consellería competente deben centrar esforzos nesta cuestión e deixar de ignorar un problema ambiental potencialmente grave que mesmo pode ter repercusións na saúde pública. Finalmente, cómpre recordar tamén a distorsión que supón na xestión e nos usos do Támea, tanto por parte da veciñanza, como do tecido asociativo, como dos termos municipais, a anomalía de non pertencer a unha institución galega. Das catro bacías existentes en Galiza, a Xunta de Galiza so conta con competencias exclusivas na bacía hidrográfica Galicia-Costa. A Demarcación Hidrográfica do Douro é de xestión exclusiva do goberno central. Nós propoñemos dous acordos que xa foron ditaminados favorablemente na comisión que serían:

Instar á Xunta de Galicia a iniciar un estudo e investigación propia sobre as condicións ambientais e sanitarias do río Támea e afluentes a respecto do impacto que as obras do AVE ou algún tipo de industria puideran a estar a ter no mesmo. Con base neste estudo promoverase un plan de restauración integral a consensuar cos municipios implicados.

En segundo lugar, demandar do goberno central o traspaso das competencias da Demarcación Hidrográfica do Douro.

De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Bouzo Ojea, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola, grazas de novo. Na moción na que se falaba das fontes xa falamos abondo da importancia da auga, das súas condicións de salubridade, do seu necesario control sanitario. Naquela moción falamos en termos xerais, pero aquí estamos falando dun caso concreto do río Támea, pero é aplicable todo o que dixemos naquel momento acerca do dereito dos cidadáns á auga en bo estado. Tal e como xa fixemos na comisión e en coherencia coa importancia, en xeral, que lle damos a todo o que ten que ver co medio ambiente porque en Democracia Orensana somos conscientes da importancia do medio ambiente; falamos con moita frecuencia de aspectos ambientais, de contaminación química, de contaminación acústica, contaminación visual, etc... Temos a nosa sensibilidade en relación con estes asuntos e loxicamente hai que votar a favor disto e instar á Xunta de Galicia a iniciar un

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

estudo e investigación propia sobre as condicións ambientais e sanitarias do río Támega e os seus múltiples afluentes respecto do impacto que as obras do AVE ou algún tipo de industria, porque tampouco parece ser que estea formalmente probado que a cousa veña das obras do AVE. Loxicamente tamén pensamos que non todo se ten que quedar nun estudo e investigación, senón no resto de medidas que haxa que terminar de tomar para garantir, como dicíamos antes, a perfecta salubridade da auga que consumen os cidadáns desa comarca. Despois fala de cambiar as competencias na conca concreta do Támega que son competencias da conca do Douro. Loxicamente parece ser que o feito de que estea tan illada, tan inconexa a conca, ou a bacía como di a moción, do Támega en relación co resto da parte española da cunca do Douro, pois seguramente fai que o teñan moi abandonado. O Támega, como saben vostedes, é un afluente do Douro. Estou seguro que todos os que son aquí da miña idade recordan os afluentes. Antes falabamos co señor Doval da cultura e das escolas; aos da miña xeración obrigáronnos a aprender perfectamente os afluentes. *Afluentes del Duero por la derecha: Ucero, Pisuerga con Carrión, Valderaduey con el Sequillo, Tua, Támega, etc..* Ben, isto tamén llo pode dicir Plácido, estou seguro que llo pode dicir Rosendo e estou seguro que llo pode dicir o médico da Teixeira porque todos os que temos sobre esta idade podémoslle dicir os afluentes dos ríos todos. Non nos quedaba máis remedio que aprendelos así. O Támega, efectivamente como acabo de dicir nese recital que vén desde as *tinieblas* da infancia, é un afluente, non como o río Limia - do que falamos antes- un río que desemboca directamente no mar, concretamente en Viana do Castelo; este é un afluente do Douro e iso fai que teña esa competencia administrativa que dependa dun poder afastado como é a Confederación Hidrográfica que creo que ten a sede, non me fagan moito caso, pero creo que é por Valladolid ou por alí. Entón tamén vemos moi acaído que se traspasen as competencias do río Támega. Hai algún río máis por aí, pola provincia de Ourense, concretamente o río Mente (terán visto cando van cara á Gudiña: *Viaducto del Mente*) é un afluente doutro que vai ao Douro; non sei se na moción do BNG tamén, ao mellor, se involucrarían eses outros regatos, eses outros ríos que tamén pertencen á Confederación do Douro, aínda que non sexan o Támega. No caso concreto do Támega que pasa por poboacións importantes e no que, ao mellor no futuro, o veciño país de Portugal nos podería pedir responsabilidades porque hai que ter en conta que un vertido no Támega acaba afectando tamén a poboacións importantes do país veciño como é Chaves;

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

ao mellor, non sei, ata igual acabamos tendo algún conflito diplomático con Portugal por culpa diso. Por iso tamén vemos acaída a segunda petición do acordo que é un cambio de competencias nesa materia. Moitas grazas.

**D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista:** bos días a todas e todos. Nós estamos totalmente de acordo cos *acuerdos* que se propoñen nesta moción, ao mellor discrepamos un pouquiño na exposición de motivos. Discrepamos por varias razóns, os que somos de alí sabemos que agora mesmo non hai ningún tipo de balsa nas obras do AVE. Posiblemente eses vertidos que se produciron - que non foron vertidos, senón arrastres das obras que están facendo, camiños que están facendo para a ponte pola zona de Laza - pois coa choiva iso trasládaos ao río. Tamén cremos que na propia obra, a dirección de obra e os de seguridade e saúde deberían prever, precisamente, construír unhas balsas para decantar eses lodos cando baixan polos ríos; porque hai unha zona, que debe ser de 300 metros de desnivel, na que están facendo camiños en zig-zag e eses son todos camiños novos para acceder á ponte, iso significa que cando vén moita auga arrastra os vertidos, arrastra o lodo. É o máis problemático, aparte da posible contaminación do río e, sobre todo, sobre a fauna piscícola que si que está desaparecendo do Támeiga dende que están as obras do AVE. É verdade que ese día o río ía desa cor e é verdade que non é a primeira vez que vai o Támeiga así, co cal os vertidos existen. Por iso digo que estou totalmente de acordo cos puntos. Tamén me consta que a Confederación do Duero si que fixo análises dende, precisamente, o último *pueblo* que deben ser Feces, Rabal ata Laza que fixo unhas análises e, en principio, non tería ningún tipo de problema para o consumo da auga; o que si, xa digo, a fauna piscícola si que corre un grave perigo. O segundo punto, o da distorsión. Home, máis ca nós que vivimos alí, non sabe ninguén a distorsión que nos ocasiona; de feito, nunha reunión, os alcaldes da Mancomunidade co presidente da Confederación do Duero incluso se chegara a un acordo de que abriaran como unha delegación, na comarca de Verín, da Confederación do Duero. Porque, ademais, o Támeiga, aínda que desemboca no Duero, á verdade é que non pasa por nada da Xunta de Castela e León; senón que pasa de territorio galego a territorio portugués. Fíxense vostede o abandonados que estamos que fai como tres anos, ou así, pegoume por enviarlle un escrito á Confederación do Duero pedíndolle o *arreglo* dunhas fosas sépticas e contestoume a Confederación do Duero dicíndome que *esas competencias estaban traspasadas a la Junta de Castilla y León, por lo*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

*tanto que me dirigiera a ellos a pedirle la subvención.* Fíxense ata onde. ¡Que máis quixéramos nós que iso! E por iso estamos de acordo con iso. O que fixen foi mandarlle un planiño de situación onde se encontraba Castrelo do Val a ver se así se *enteraban*. Por iso que estamos totalmente de acordo, aínda que discrepo un pouquiño coa exposición de motivos por non estar na realidade. Os que estanos alí e estamos vendo as obras e as cousas, ao final sabemos do que vai. Claro, falar de rotura de balsas cando eu creo que a posibilidade de que non fora era, precisamente, construír unhas balsas para decantar, por iso digo que non podo estar de acordo coa exposición, pero si cos acordos.

**D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Moi bo día a todos. A miña intervención vai un pouco na liña da que acaba de facer o compañeiro, e colega, alcalde da comarca, porque como el ben di, somos os coñecedores do Támea, as liortas que temos coa Confederación Hidrográfica do Duero e cal foi a situación do día 8. Señor Rodríguez Suárez, dixémolo na comisión informativa e dicímolo agora, o voto do noso grupo vai a ser a favor dos acordos que aquí propoñen nesta moción; a pesar de que nalgún caso son un brinde ao sol, ou unha carta os Reis Magos, agora explicarei o porqué. Tamén advertíamos na comisión a demagogia política que fan na exposición de motivos; falan de que os vertidos foron procedentes das obras do AVE, falan dunha analítica do ano 2015 e falan tamén das actuacións que fixo o Concello de Verín e que parece que só fixo o Concello de Verín. ¿Por que digo que os acordos (a pesar de que vamos a votar a favor) son unha carta aos Reis Magos? Pois ben, no primeiro falan vostedes de instar á Xunta de Galicia a dúas cousas, a iniciar un estudo de investigación e, despois, a promover un plan de restauración integral a consensuar cos municipios implicados. Imos instar a quen, agora, non é competente; entón, ¿ten moito sentido iso? *Bueno*, haberá que debatelo. De todos os xeito, instémola, non. Con respecto ao punto número dous, din vostedes: *demandar do goberno central o traspaso das competencias da Demarcación Hidrográfica do Douro*. Xa falou quen me precedeu na palabra, do Grupo Socialista, que efectivamente temos unhas discrepancias moi importantes na comarca coa Confederación Hidrográfica do Duero; pero vostedes aquí non din a quen llas van a traspasar. ¿A quen lle pedimos que as traspasen, á Xunta de Galicia, á Deputación, á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, aos concellos? ¿A quen lle pedimos, a quen estamos pedindo que faga ese traspaso de competencias? Por outro lado, na exposición de motivos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

falan vostedes, relatan as actuacións que se fixeron dende o Concello de Verín. Eu quero dicirlle que, neste punto, non pretenda vostede pescar en río revolto porque, dos sete concellos da comarca, neste e noutros puntos estamos unidos e froito diso, xa en outubro do ano 2016, asinamos os sete concellos e a Asociación Cultural Monterrei unha Declaración de Verín sobre o medio ambiente e o río Támega na que pedíamos e esixíamos melloras no medio ambiente ao seu paso polo río Támega. Nese mesmo día, nese mesmo día 8 no que se produciron eses vertidos que aínda non se sabe a orixe, ou a procedencia dos mesmos, eu, como alcaldesa do Concello de Oímbra, un polos que pasa o río Támega, o que fixen foi estar en contacto telefónico durante todo o día tanto co alcalde de Verín, como co alcalde en funcións nese momento para ir vendo cal era o estado do Támega ás distintas horas e dependendo do tramo no que pasara. Nesa mesma tarde, tamén estiven en contacto telefónico co presidente desta casa e co deputado de cooperación que foron os que encargaron unha analítica a AquaOurense (da que agora lle falarei) e tamén en contacto telefónico coa Confederación Hidrográfica do Duero porque, ata o día de agora, son os responsables do *cauce* do Támega e, por suposto, din conta ao Servizo de Protección da Natureza. Ese día 9 pola mañá, ao día seguinte, remitimos (vostedes presentan a moción o día 15) pois dende o Concello de Oímbra o día 9 remitimos á Confederación Hidrográfica do Duero con sede, como dicía o señor Ojea, en Valladolid (que nos queda moi distante non só idiomáticamente, senón en moitos outros aspectos), solicitabamos, por ser a entidade responsable da xestión, con especial atención á preservación de recursos e á calidade da auga do río Támega, solicitabámoslle dende o Concello de Oímbra tres cousas:

1.- Que realizaran as análises necesarias da auga e da súa fauna para coñecer o alcance da súa contaminación e poder adoptar as medidas correctoras.

2.- Que investigaran a orixe dos feitos porque non está probado nin demostrado que sexa consecuencia das obras do AVE.

3.- Esixir unha mellora da vixilancia e control exercida pola Confederación Hidrográfica posto que ten a tutela das augas do río Támega, do dominio público hidráulico e do control dos vertidos que se efectúan ao río adoptando todas as medidas para que non se volva a producir.

Como digo, este escrito remitímoloo o día 9 á Confederación Hidrográfica do Duero. Falaba que dende a Deputación se encargou unha analítica que a fixo Aquaourense. Teño

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

aquí unha copia do informe da analítica que di que a Deputación de Ourense encomenda a Aquaourense para determinar a contaminación do río e a toxicidade do mesmo. Así pois, o día 9 de maio realízase unha inspección do río Támega incluíndo unha toma de mostras e medicións in situ. Fixeron unha toma de mostras no Támega ao seu paso por Laza que é onde nace, ao seu paso por Verín e ao seu paso por Oímbra. Os parámetros que miraron foron o PH, a condutividade, a turbidez e o osíxeno disolto; estando todos eles en valores dentro da normalidade. Chama a atención a condutividade porque é moi baixa e cando hai metais, como algunha outra persoa andou dicindo por aí nalgún medio, normalmente a condutividade é alta, cousa que aquí non se produce. En canto aos metais pesados tamén nesta analítica controlaron o ferro, o manganeso e o cadmio, encontrándose estes valores tamén dentro dos límites establecidos no Real Decreto. ¿Que é o que puido pasar para que a auga tivese esa cor marrón? Pois a verdade é que a día de hoxe aínda non o sabemos; hai que esperar aos informes e aos resultados que está elaborando tanto a Confederación Hidrográfica do Duero, como o Seprona, como a Fiscalía ou outros organismos que son eles quen nos dirán e concretarán a orixe destes vertidos. Unha hipótese, ¿cal é? Pois que no verán pasado, no verán do ano 2017, houbo un importante incendio na localidade de Trez que pertence ao concello de Laza, este día, este día 8 de maio, houbo unha importante tormenta ao final da tarde en Laza que puido facer que arrastrara tanto a terra como a cinsa da terra que estaba nese incendio; iso se derivara ao río Cereixo que é ao que lle corresponde e de aí pasara directamente ao Támega. Pero como digo, esta é unha hipótese e os informes serán quen nos digan se estamos no certo ou non. En todo caso, o Támega é un tema que nos ocupa e nos preocupa por iso o noso voto vai a ser a favor. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas, señor presidente. Moi brevemente porque, máis alá das discrepancias que poidamos ter o manter en canto ao que é á exposición de motivos, eu creo que é de agradecer que esteamos todos de acordo, neste caso, nos acordos. Tamén vexo que por parte dos representantes dos concellos máis directamente afectados é un tema que preocupa e, por iso, todos os datos que nos achegaron aquí contribúen tamén a enriquecer o debate e a informarnos a todos sobre o que realmente pode estar acontecendo e que aconteceu. Remato xa dicindo que, *bueno*, os acordos son un brindado ao sol, home, tamén son un brindado ao sol na medida en

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

que, ao mellor, non haxa vontade política de poñelos en marcha; senón dende ese punto de vista, brinde ao sol poderían ser o 90 ou o 95% do que se aproba neste Pleno. Nós pedimos que a Xunta inicie un estudo de investigación propio. Xa sabemos que actualmente non ten responsabilidade, nin ten as competencias que nós lle demandamos no segundo punto porque precisamente nos parece algo anacrónico que aconteza desa maneira, que un río que decorre absolutamente polo noso país teña as competencias nun órgano que é totalmente alleo e aquí xa se explicaron cales son as consecuencias dese feito. En todo caso, que a Xunta non teña as competencias agora mesmo sobre esta conca en concreto, sobre este río en concreto, non fai que non poida iniciar unha investigación, non poida contribuír a eses estudos que se están facendo xa e dos que agardamos resultados porque cae dentro das súas competencias; se a Xunta non ten competencias e non pode investigar o que acontece dentro do seu propio territorio, eu creo que algo falla. Nada máis, simplemente agradecer o apoio á moción, aos acordos, e agardar que teñan efectos prácticos, tanto o primeiro acordo como o segundo. Nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Bouzo Ojea, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** un pouco, estamos todos de acordo. A min, non sei, algunhas das cousas que dixo a portavoz do PP... falou dunhas análises, unha das cousas que me chocou é que a turbidez, concretamente creo que era, dicía que estaba en parámetros normais, ¿a turbidez? Non sei, se o río baixa con esa cor, non sei cales consideran eses técnicos que poden ser os parámetros normais, se a turbidez é normal indo o río de cor marrón. Non sei. ¿O resto dos parámetros? Si, ben, o PH que se mantén. Loxicamente o PH só se modifica se hai vertidos de ácidos ou álcalis, pero hai moitas cousas, por exemplo organismos microbiolóxicos, que non alteran o PH pero que tamén contaminan e que tamén fan que a auga non se poida beber. Todo do que falou foi de parámetros físico-químicos, pero hai outros tipos de contaminación sobre todo, como dicía antes, de contaminación biolóxica que tamén conviría analizar. En todo caso, esa é unha cousa técnica que xa se di na moción que se ten que facer. Efectivamente, eu penso que se a sede da Confederación Hidrográfica está tan lonxe e esa parte da cunca do Douro está inconexa co resto, porque xa sabemos que se mete o país de Portugal polo medio, pois loxicamente non lle prestarán a suficiente atención tal e como xa nos suxeriron o alcalde de Laza e a alcaldesa de Oímbra (perdón de Castrelo do Val, de Laza é o señor Barreal); entón máis motivo para pedir este traspaso de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

competencias que entendemos o lóxico é que fora a Confederación do Miño-Sil que vería así cambiado o seu nome: Confederación do Miño-Sil e do Támega, pero en todo caso sería unha cuestión aínda a debater. Nós votaremos a favor como xa fixemos na comisión e como xa dixen antes. Grazas.

**D. Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista:** no primeiro punto de instar á Xunta de Galicia a nós parécenos que si se podería facer a través da Consellería de Medio Ambiente porque hai unhas obras que se están realizando; eu das noticias que teño, incluso da propia Confederación do Duero, é que a cor desa auga era das obras e dos camiños que se estaban facendo aí no AVE. Si que creo que ten competencias a Xunta de Galicia para que, polo menos, as obras se fagan como se deberían facer. Posiblemente, ao mellor, no seu momento xa incluso se debeu facer algunha alegación ao proxecto do AVE, ao mellor xa non chegaríamos a ese punto. No resto, demandar ao goberno central, bueno, xa o demandamos dende Mancomunidade, demandalo dende aquí tampouco non sería nada raro, nin estraño e supoño que sería complementar a solicitude que fixemos dende a Mancomunidade, no seu momento, a Mancomunidade de Verín. Polo tanto, vamos a votar a favor da moción cos dous puntos.

**D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular:** dicir e reiterar que o noso voto vai ser a favor. Señor Ojea, teño aquí o informe que fixo Aquaourense, como ben digo, o día 9 - está á súa disposición e de quen queira velo - onde aparecen todos eses parámetros ao seu paso por Laza, Verín e por Oímbra. Por último dicir que, a pesar de que o Támega non é navegable, alégrame que todos rememos na mesma dirección. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos membros da Corporación (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galicia a iniciar un estudo e investigación propia sobre as condicións ambientais e sanitarias do río Támega e afluentes a respecto do impacto que as obras do AVE ou algún tipo de industria puideran a estar a ter no mesmo. Con base neste

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

estudo promoverase un plan de restauración integral a consensuar cos municipios implicados.

2º) Demandar do goberno central o traspaso das competencias da Confederación Hidrográfica do Douro.

**12º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**13º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de abril de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de xaneiro e 1º de marzo de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: mes de abril de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2017, 3º de xaneiro, 2º de febreiro e 1º de marzo de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de abril de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de abril de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

**14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

**Sr. Presidente:** consta presentada unha pregunta formulada polo voceiro do BNG, por Ramiro Rodríguez Suárez, que ten a palabra.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas Sr. presidente. Ben, é unha pregunta que xa trasladamos na comisión, pero como para a comisión aínda falta practicamente un mes (agardamos que para aquela teñan máis información en todo caso) adiantámola tamén para este pleno, por se xa nos podería dar algún tipo de explicación. É a respecto da base de Vilanova, do helicóptero en Vilanova, e non a vou ler para non alargar excesivamente xa o Pleno. Sobre este tema xa tratamos nun pleno, e daquela dixérasenos que

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

as obras que se estaban, en teoría, a realizar alí eran necesarias e preceptivas, e que por iso había que facer o traslado do helicóptero, e que no momento no que se remataran as obras o helicóptero volvería á súa localización. Pasaron dez meses e as obras aínda non se encetaron. Estamos a piques de chegar ao momento máis crítico da temporada de incendios, entón o que nos gustaría saber (xa vou directamente á pregunta ou rogo) é que nos digan cales foron as xestións realizadas pola Deputación a este respecto e cales foron (no caso de habelas) as actuacións realizadas pola Xunta. A maiores tamén queremos que se nos explique, ou que se solicite desde esta Deputación á Xunta que cumpra a súa palabra de arranxar as deficiencias para que abra a base porque, como digo, é un territorio onde ten habido un número significativo de lumes e un tempo de reacción pequeno, estimado en 15 minutos, pois pode ser determinante. Moitas grazas.

**Sr. Presidente:** moitas grazas. A resposta é que as xestións que fixemos desde a Deputación foi preocupándose por esta cuestión directamente diante da Consellería e estamos a esperar un informe completo sobre este tema, que recibiremos, segundo nos din, moito antes das comisións informativas correspondentes a este mes. Tan pronto se reciba lle será trasladada unha copia, porque compartimos toda a súa preocupación e estamos de acordo co contido da súa reivindicación. Algunha outra cuestión? Si.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** bos días. Era un pouco sobre o mesmo tema. Esperaba ao mes que vén porque facía un ano e lle celebrabamos un cumpreanos, pero o amigo Juan o ano pasado dixó que as obras xa estaban. Acórdase? Que as obras xa estaban. E un crente aquí o amigo ... Vostede creu. Verdade que creu? Vostede hoxe leva un día moi crente. Primeiro hai que ver para crer, entón .. En Vilanova si se fixeron obras, *desbrozouse*, rozaron os de alí. Hai unha IPV cun cristal roto e tapado e iso é todo o que hai. Entón o ano pasado xa ían as obras e once meses despois non hai nada. Grazas.

**Sr. Presidente:** tomamos nota e compartimos ese rogo.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas Sr. Presidente. Teño outra cuestión máis, é a respecto dun decreto, que é o 32 do día 10, onde se di: autorízase á mercantil Estación de Inverno Manzaneda SA, para o uso do vehículo de titularidade provincial, marca Nissan, modelo Terrano 2-5 portas, con placa ce matrícula 1953-BNJ. Gustaríanos que nos explicara por qué se fai isto. Moitas grazas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de maio de 2018</b> |
|--|

**Sr. Presidente:** emitirei un informe que lle será trasladado por escrito. Algunha outra cuestión?

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** bos días de novo. Si, é unha cousa moi sinxela. O outro día, na comisión de Infraestruturas, xa fixen a solicitude ao presidente, me imaxino que a recollería a ben, porque tamén dixen cando foi no seu momento que noutro tipo de cousas dende logo que o Concello de Ribadavia non ten fallado, por dicilo así, e polo tanto nese sentido non vou desconfiar, pero si lle teño que facer esta pregunta ao presidente, porque é a quen lle corresponde. Presidente, cando pensa firmar o convenio?, que xa o fixen tamén a través dos medios, porque lles chegará a todos supoño, sobre todo a uns máis que a outros, pero supoño que lerá todos. O 19 deste mes xa lle dixemos e lle mandamos un escrito tamén desde o Concello de Ribadavia a urxirlle á Deputación a firmar ese convenio de execución do campo de herba artificial. Entón eu non lle pido a data, o día exacto, a hora e o demais, o que lle pregunto é cando o imos firmar.

**Sr. Presidente:** hoxe non o podemos firmar, porque como sabe, o 1 de xuño, ás 14.00 horas, remata o prazo no que adquire firmeza a modificación de créditos na que ía ese compromiso da Deputación. Entón, unha vez que se poida asinar, automaticamente ao día seguinte, pois será posible.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** ben, pois con ese dato me quedo e agradezo a contestación.

**Sr. Presidente:** algunha outra cuestión máis? Pois se non hai levántase a sesión. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

E, ás 14.50 horas do día 25 de maio de 2018, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense correspondente ao mes de maio de 2018, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**